



Concello de Xinzo de Limia
Concellería de Igualdade

IV PLAN

MUNICIPAL DE IGUALDADE de oportunidades entre Mulleres e Homes

2022-2026



Edita: Concello de Xinzo de Limia

Coordina e elabora:



Contidos: Red Talento Consultoras

Deseño e maquetación: **radiomagenta** & **Ylla** para Red Talento

IV PLAN

MUNICIPAL DE IGUALDADE
de oportunidades
entre Mulleres e Homes

2022-2026

ÍNDICE

01	PRINCIPIOS DO PLAN	8
02	MARCO NORMATIVO	10
03	METODOLOXÍA.....	14
04	INFORME DIAGNÓSTICO	22
05	VIXENCIA DO PLAN DE IGUALDADE.....	81
06	OBXECTIVOS DO PLAN	82
07	CONTIDOS DO PLAN DE IGUALDADE.....	86
08	COORDINACIÓN,SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE	150
09	GLOSARIO	154
10	CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN DAS MEDIDAS	158

01

PRINCIPIOS DO PLAN

NESTE APARTADO
DETÁLLANSE OS
PRINCIPIOS QUE
GUÍAN ESTE IV
PLAN MUNICIPAL
DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES
ENTRE MULLERES E
HOMES DE XINZO
DE LIMIA.

- Igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes nas políticas públicas como compromiso coa efectividade do dereito constitucional desenvolvido a través da Lei Orgánica 3/2007 de Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes e do Decreto Lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba un texto refundido das disposicións legais de Galicia en materia de igualdade.
- Transversalidade como estratexia para garantir que a igualdade estará presente en todas as políticas e programas municipais.
- Accións positivas, destinadas a corrixir as fendas de xénero e a eliminar as desigualdades.
- Feminismo como movemento para o avance cara a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para combater a violencia de xénero.
- Liderado institucional e político como elemento esencial para o impulso das medidas e actividades en todos os ámbitos de actuación do Plan.

- Paridade como principio legal para garantir a participación e representación equilibrada entre mulleres e homes en ámbitos públicos e privados.
- Formación e sensibilización das persoas traballadoras e responsables do Concello de Xinzo de Limia.
- Participación e intervención como un dereito de cidadanía.
- Transferencia de boas prácticas en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero entre institucións, entidades e profesionais.
- Cooperación e coordinación institucional tanto interna como externa, implicando a todas as áreas municipais e doutras administracións públicas.
- Empoderamento das mulleres para avanzar en todos os ámbitos políticos, sociais e económicos.
- Eficiencia e eficacia na xestión das políticas públicas.
- Respecto á diversidade e a pluralidade tendo en conta as situacións de discriminación múltiple que incrementan a vulnerabilidade das mulleres como a idade, a situación socioeconómica, a orixe, a etnia, a orientación sexual ou a discapacidade.
- Reequilibrio territorial para garantir actuacións que reforcen a cohesión social e teñan en conta a dispersión da poboación do Concello de Xinzo de Limia nas 20 parroquias que conforman o entorno rural.
- Sostenibilidade que garanta unha maior calidade de vida con equilibrio entre o desenvolvemento económico e a protección medioambiental.
- Protección e intervención integral prioritaria ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.



02

MARCO NORMATIVO

NESTE EPÍGRAFE,
DELIMÍTASE O MARCO
NORMATIVO QUE
FUNDAMENTA ESTE
IV PLAN MUNICIPAL
DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES
ENTRE MULLERES E
HOMES DE XINZO DE
LIMIA 2022-2026.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada e proclamada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 10 de decembro de 1948, incluíu no artigo 2.1 que “toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, lingua, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”.

En 1979, coa aprobación da Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres, (CEDAW), ratificada en 1981 por España, dáse un relevante avance na universalización da igualdade de dereitos entre mulleres e homes.

En 1985 celebrouse en Nairobi a III Conferencia Internacional sobre a Condición Xurídica e Social da Muller e que concluíu que as melloras na situación xurídica e social das mulleres só beneficiaron a unha minoría e por elo sentaron as bases tan sólidas como declarar que todas as políticas estaban relacionadas coas mulleres.

Foi fundamental a Declaración da ONU sobre a eliminación da violencia contra a muller na Asemblea Xeral celebrada en Nova Iorque en 1993.

A IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing celebrada en 1995 considérase un dos máis importantes momentos da historia das políticas públicas de igualdade. Aprobouse a Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing na que se identifican doce esferas de especial preocupación e que esixiron actuacións concretas por parte de gobernos e sociedade civil: a situación da poboación infantil feminina, a pobreza, a educación, a saúde, a violencia, os conflitos armados, a economía, a toma de decisións, os mecanismos institucionais, os dereitos humanos, os medios de comunicación e a relación entre mulleres e medio ambiente.

É fundamental facer referencia ao Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica de 11 de maio de 2011, coñecido como Convenio de Estambul que foi ratificado por España en 2014. É un texto de moita relevancia que define a violencia contra as mulleres como unha violación dos dereitos humanos e designa todos os actos de violencia baseados no xénero que implican o poidan implicar para as mulleres danos e sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, ampliando o concepto de violencia de xénero a todas as formas, tanto na esfera privada como no espazo público: a violencia física, psi-

colóxica e sexual, incluída la violación; a mutilación xenital feminina; o matrimonio forzado; o acoso; o aborto e a esterilización forzosa.

A primeira referencia ao principio de igualdade no eido europeo aparece no Tratado de Roma de 1957 que establecía como obrigación dos estados membros garantir a aplicación do principio de igualdade de retribución entre traballadoras e traballadores. O Tratado da Unión Europea (1992) sinalaba que o principio de igualdade non obstará para que os estados membros poidan adoptar medidas de acción positiva. Ca entrada en vigor do Tratado de Amsterdam (1997) o principio de igualdade convértese nun dos principios básicos na concepción da cidadanía europea.

En canto á normativa europea, hai que citar a Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de setembro de 2002 modificou a Directiva 76/207/CEE do Consello relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesional. Pola súa banda, a Directiva 2004/113/CE do Consello de 13 de decembro de 2004 aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso a bens e servizos e a o seu subministro e a Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de outubro

de 2006 regula a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

A Carta Europea para a Igualdade de mulleres e homes na vida local, destinada aos concellos de Europa, adopta unha postura pública sobre o principio de igualdade de mulleres e homes, para ser aplicada no seu territorio.

En España, a Constitución establece no artigo 14 a igualdade entre mulleres e homes sen que poida establecerse discriminación algunha por razón de sexo. Tamén no seu artigo 9.2 sinálase a obrigados poderes públicos para velar e promover o cumprimento real e efectivo do principio de igualdade.

A Lei 30/2003 de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración de impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno, establécese que os proxectos de lei e as disposicións regulamentarias deberán ir acompañadas dun informe de impacto de xénero que valore os efectos que esas normas puideran ter de xeito diferencial sobre mulleres e homes e que terá en conta, especialmente, as posibles desigualdades e discriminacións por razón de sexo.

En decembro de 2004 apróbase por unanimidade a Lei Orgánica 1/2004 de medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero que desenvolve un marco normativo de gran impacto

respecto ao tratamento deste delito e a asistencia e protección ás vítimas. Foi a primeira Lei integral destinada exclusivamente á violencia de xénero en Europa e calou profundamente na sociedade, promovendo un cambio cultural ante un delito que sistematicamente estaba relegado ao ámbito das relacións de parella.

A gran referencia normativa en materia de igualdade e contra a discriminación é a Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Esta sinala no seu artigo 21 que as entidades locais integrarán o dereito á igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das administracións públicas. No artigo 51, se sinalan os criterios de actuación que, no eido das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, deberán, entre outras cousas, remexer os obstáculos que impliquen a existencia de calquera discriminación co gallo de ofrecer condicións de igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso ao emprego público; facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral: fomentar a formación

**“NINGÚN HOME É O
BASTANTE BO PARA
GOBERNAR A CALQUERA
MULLER SEN O SEU
CONSENTIMENTO”**

Susan Anthony, feminista

en igualdade; promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración; establecer medidas efectivas de protección fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo; establecer medidas efectivas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa o indirecta, por razón de sexo e avaliar a efectividade do principio de igualdade nos seus respectivos eidos de actuación.

No ano 2017, os Grupos Parlamentarios das Cortes, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, representadas na Federación Española de Municipios e Provincias, ratifican o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Estruturado en 11 eixos, o documento incide en todos os ámbitos da sociedade desde diferentes espazos de intervención. A través do Real Decreto-Lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero devólvense aos concellos as competencias en materia de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero a través da modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

Recentemente, e mentres se estaba negociando este IV Plan, aprobouse a Lei Orgánica de Garantía Integral da Liberdade 10/2022 da Garantía Integral de la Libertad sexual incorpora derechos y obligaciones en materia laboral Orgánica 10/2022 de garantía integral da Liberdade Sexual que equipara ás vítimas da violencia sexual ás vítimas da violencia de xénero.

Hai que sinalar tamén a aprobación da Lei 15/2022, de 12 de xullo integral para a Igualdade de Trato e a non Discriminación que, entre outros obxectivos, pretende previr e erradicar calquera forma de discriminación e protexer ás vítimas.

No que respecta ao marco legal galego, hai que destacar que o artigo 4 do Estatuto de Autonomía sinala que corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación das galegas e dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Destacan algunhas leis aprobadas como a Lei 7/2004 de 16 de outubro galega para a igualdade de mulleres e homes, a Lei 11/2007, de 27 de outubro, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (modificada pola Lei 15/2021 de 3 de decembro de 2021), a Lei 27/2007 de 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres e, finalmente, o Decreto Lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba un texto refundido das disposicións legais da de Galicia en materia de igualdade.

Hai tamén que sinalar a existencia dun Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia que data de 2018.

03

METODOLOXÍA

ESTE PLAN INICIOU A SÚA ANDAINA TENDO OS PRINCIPIOS XA SINALADOS COMO GUÍA A TRAVÉS DUN IMPORTANTE TRABALLO COLABORATIVO.

Contou coa participación do persoal político, técnico e operativo do Concello de Xinzo de Limia así como das entidades e veciñanza que se implicou no proceso de elaboración tanto da fase diagnóstica como na de elaboración das propostas.

A metodoloxía seguiu as seguintes fases:



FASE PRELIMINAR E ELABORACIÓN DO INFORME DIAGNÓSTICO

No mes de abril de 2022 púxose en marcha o proceso de elaboración do IV Plan coa seguinte secuencia:

1. Compromiso Político co Plan de Igualdade.

2. Comunicación interna e externa.

3. Elaboración do Informe Diagnóstico.

– Recompilación de datos cuantitativos e cualitativos.

- › Análise da transversalidade de xénero no Concello cun estudo por áreas de traballo a través da información proporcionada polas áreas.
- › Datos cualitativos.

– Identificación dos eixos para elaborar a diagnose:

- › Definición das áreas do Informe de Diagnose.
 - » Contexto socio demográfico.
 - » Percepción sobre a desigualdade e discriminación das mulleres.
 - » O Concello.

- » Economía, sectores estratéxicos e emprego.
- » Políticas de igualdade: recursos e equipamentos.
- » A violencia de xénero. Recursos e políticas. Percepcións.
- » Servizos sociais e de saúde
- » Atención ás mulleres con discapacidade.
- » As políticas de envellecemento activo.
- » A educación: recursos, equipamentos e actividades.
- » A cultura: recursos, equipamentos e actividade cultural.
- » A conciliación e a corresponsabilidade: recursos, equipamentos e actividades.
- » Deporte: recursos, equipamentos, participación, escolas deportivas e actividades.
- » Participación e asociacionismo.
- » Formación.
- » Urbanismo e seguridade.

› **Recollida de información** (cuantitativa e cualitativa) a través de:


» **Cuestionario online á cidadanía.**

Lanzouse a través da web do Concello e con difusión nas redes sociais o **5 de maio de 2022**. Responderon **205 persoas**, a maioría mulleres. (Código QR).

» **Entrevista en profundidade** respondida pola Concelleira de Igualdade e alcaldesa de Xinzo de Limia e polo persoal do CIM.

Cuestionario a persoal político e técnico do Concello como informantes clave mediante técnicas cualitativas. Responderon ás preguntas durante os **meses de xuño e xullo** as seguintes áreas:

- Alcaldía.
- CIM.
- Diferentes responsables de Servizos Sociais.
- Oficina Educación. Migracións e Minorías.
- Área de Cultura, Mocidade e Festexos.
- OMIX.



» Workshops con axentes sociais, culturais e económicos.

Convocáronse, tal e como se preveu inicialmente:

- . Asociaciós de mulleres.
- . Entidades da discapacidade
- . Entidades veciñais.
- . Centro de Saúde.
- . Centros educativos e ANPAS.
- . Axentes económicos e sociais.
- . OMIX.
- . Entidades culturais.
- . Persoal municipal da área de cultura.
- . Persoal municipal da área social.
- . Organizaciós agrarias e de desenvolvemento rural.
- . Entidades deportivas.
- . Entidades medioambientais e de desenvolvemento sostible.
- . Entidades de mocidade.

The image displays ten workshop forms from the XINZO DE LIMIA project, organized into two rows of five. Each form is titled 'XINZO DE LIMIA' and contains specific instructions and data collection tables in Galician.

Form 1 (Top Left): Titled 'Condicións para a realización do IV Plan de Igualdade...'. It includes a section for 'DATOS DE IDENTIFICACIÓN' and a table for 'DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS'.

Form 2 (Top Middle-Left): Titled 'RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA'. It includes a table for 'RECURSOS MATERIAIS' and a table for 'RECURSOS HUMANOS'.

Form 3 (Top Middle-Right): Titled '1. ¿Cómo perciben las entidades locales el nivel de igualdad de género en Xuzo de Limia?'. It includes a table for 'DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS'.

Form 4 (Top Right): Titled '2. ¿Cómo perciben las entidades locales el nivel de igualdad de género en Xuzo de Limia?'. It includes a table for 'DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS'.

Form 5 (Bottom Left): Titled '3. ¿Cómo perciben las entidades locales el nivel de igualdad de género en Xuzo de Limia?'. It includes a table for 'DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS'.

Form 6 (Bottom Middle-Left): Titled '4. ¿Cómo perciben las entidades locales el nivel de igualdad de género en Xuzo de Limia?'. It includes a table for 'DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS'.

Form 7 (Bottom Middle-Right): Titled '5. ¿Cómo perciben las entidades locales el nivel de igualdad de género en Xuzo de Limia?'. It includes a table for 'DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS'.

Form 8 (Bottom Right): Titled '6. ¿Cómo perciben las entidades locales el nivel de igualdad de género en Xuzo de Limia?'. It includes a table for 'DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS'.

Celebrouse o **workshop** o **1 de xullo de 2022** no que se presentou o borrador do Informe e se abriu debate para aportacións sobre as conclusións de cada ámbito do informe. Tivo lugar no salón de plenos da Casa Consistorial presidido pola alcaldesa de Xinzo de Limia.

Citáronse, entre outros, todas as asociacións e entidades de todos os ámbitos con sede ou oficinas no Concello de Xinzo de Limia.

Asistiron persoas traballadoras do CIM, dos Servizos Sociais e de educación, representantes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, da Policía Local, ANPAS, persoal do Centro de Saúde, dos centros educativos, da Banda de Gaitas, do Conservatorio, do servizo de deportes, da OMIX e de numerosas organización sociais, veciñais, culturais e deportivas.

Na reunión explicouse ademais o **formulario** para que se foran aportando as propostas para a elaboración das medidas do Plan. Este formulario foi enviado por e-mail e respondido por varias entidades, tal e como se detalla no epígrafe seguinte.

**“CAMIÑADE POLO
SENDEIRO DA IGUALDADE
E ALCANZAREDES
A LIBERDADE,
SEN IGUALDADE
NON HAI LIBERDADE
E SEN LIBERDADE
NON HAI IGUALDADE**

CIM Xinzo de Limia



FASE DE ELABORACIÓN DO PLAN

Esta fase arrancou co **peche do Informe Diagnóstico** e o envío das **propostas das entidades e institucións** coa seguinte secuencia durante os meses de **agosto, setembro e outubro**:

1. **Marco estratéxico e definición de principios e obxectivos xerais e específicos do Plan.**

2. **Definición e deseño dos mecanismos de integración da perspectiva de xénero nos programas**, servizos municipais, procedementos administrativos e de contratación pública.

- Gobernaza municipal con perspectiva de xénero.

3. **Definición dos ámbitos de actuación do Plan.**

- 9 ámbitos definidos en función do marco xeral e do Informe Diagnóstico.

4. **Definición das medidas e actividades do Plan:**

- Definición e redacción das medidas estruturais (ámbito de actuación 1).
- Definición das medidas sectoriais (ámbitos de actuación 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9).
- Definición medidas no ámbito de violencia de xénero. (ámbito de actuación 8).

En todas as medidas aparecen definidos/as, seguindo e mesmo esquema de cadro:

- Actividades.

- Indicadores de avaliación e seguimento.
- Departamentos responsables da posta en marcha.
- Persoas destinatarias das medidas e actividades.
- Temporalización das medidas e actividades.
- Cuantificación e recursos materiais, persoas e económicos.

5. **Envío de propostas das entidades.** Axúntase a relación de entidades e institucións que enviaron propostas concretas para incluír no IV Plan:

- Centro de Saúde.
- Galiña Azul.
- Colexio Rosalía de Castro.
- Colexio Carlos Casares.
- ANPAS CIP.
- OMIX.
- Oficina de Educación, Inmigración e Minorías.
- ANPA Conservatorio.
- Casino Antelano.
- Adegal.
- LIMISI.
- ALGARIA
- AB Xinzo.
- A. P Tinto.
- Cáritas Xinzo.
- Asociación Española Contra o Cancro en Ourense.
- Auria. Diabéticos.
- AFAOR.
- Cruz Vermella Xinzo.

Sesión de traballo celebrada o xoves 27 de outubro de 2022 coas entidades e na que se presentaron as medidas, coas súas propostas xa incluídas. Tivo lugar na Aula Cemit e nesta xuntanza quedou definido o Documento Base con todas as aportacións. Plantexouse como acción participativa definitiva e deliberativa.

Ademáis, deuse conta do balance do impacto do proceso participativo no Plan. Foron aceptadas o 86% das aportacións recibidas e se incorporaran ao documento como achega, modificación ou mellora do texto así como ampliación a través de novos obxectivos específicos ou novas medidas.



FASE DE REDACCIÓN FINAL DO PLAN, APROBACIÓN E DIFUSIÓN

Durante o mes de novembro quedou listo a IV Plan, sometido á fase de correccións de estilo e ortográficas.

Acordouse levalo a Pleno do Concello sen a maquetación definitiva. Esta decisión foi tomada para facilitar os cambios na edición, no caso de que foran propostos durante o debate plenario polos grupos políticos.

Tamén se foron elaborando os materiais de apoio para presentalo publicamente.

- Materiais de apoio para presentación do Plan.
- Materiais para briefing con medios de comunicación.
- Material para presentación/s aos traballadores e traballadoras do Concello, aos colectivos sociais e ao conxunto da cidadanía.
- Material para redes sociais.

Entidades, institucións, áreas municipais e asociacións participantes na elaboración do IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades:

- Centro de Saúde.
- Galiña Azul.
- Colexio Rosalía de Castro.
- Colexio Carlos Casares.
- Centro Social e Centro de Día.
- ANPAS CIP.
- OMIX.
- Banda de Gaitas.
- Escola Rural de Saúde da Limia.
- Oficina de Educación, Inmigración e Minorías.
- ANPA Conservatorio.
- Casino Antelano.
- Asoc. A Pantalla.
- Adegal.
- LIMISI.
- ALGARIA
- AB Xinzo.
- A. P Tinto.
- Cáritas Xinzo.
- Asociación Española Contra o Cancro en Ourense.
- Auria. Diabéticos.
- AFAOR.
- Cruz Vermella de Xinzo de Limia.


**“ESTE PLAN DEBE
MATERIALIZAR
O COMPROMISO
INSTITUCIONAL
COA IGUALDADE
PARA CONTINUAR
DERRUBANDO
BARREIRAS E SITUACIÓNS
DE DISCRIMINACIÓN”.**

Cruz Vermella de Xinzo de Limia

04

INFORME DIAGNÓSTICO

COS DATOS
RECABADOS NOS
DISTINTOS APARTADOS
REALÍZASE O INFORME
DIAGNÓSTICO DO
CONCELLO DE
XINZO DE LIMIA.




CONTEXTO DEMOGRÁFICO E SOCIAL. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS

Xinzo de Limia é un Concello situado na comarca ourensá da Limia. Limita con Sandiás, Vilar de Santos, Porqueira, Os Blancos, Baltar, Cualedro, Trasmiras e Sarreaus.

O municipio, que ten unha superficie de 132,67 km², conta con 9.621 habitantes, dos que 4.939 son mulleres e 4.682 son homes. (IGE. Padrón 2021).

■ ■ Poboación



Gráfica 1

A poboación distribúese por sexo e parroquias tal e como aparece na seguinte táboa.

Poboación por parroquias			
	Homes	Mulleres	Total
	N.º	N.º	N.º
A Pena	82	84	166
Boado	48	51	99
Cima de Ribeira	11	17	28
Damil	40	33	73
Faramontaos	33	37	70
Ganade	141	149	290
Gudín	29	34	63
Guntimil	36	33	69
Lamas	98	103	201
Laroá	72	74	146
Moreiras	20	24	44
Morgade	151	151	302
Mosteiro de Ribeira	36	43	79
Novás	33	35	68
Parada de Ribeira	76	83	159
Piñeira Seca	56	51	107
San Pedro de Laroá	158	158	316
Seoane de Oleiros	15	22	37
Solveira	51	54	105
Xinzo de Limia	3.496	3.703	7.199

Táboa 1


Participación no Cuestionario. Parroquia ou pobos de residencia.						
	Homes		Mulleres		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Pena	1	1,6%	1	0,6%	2	0,84%
Baronzás	1	1,6%	0	0,0%	1	0,42%
Boado	1	1,6%	2	1,1%	3	1,26%
Cima de Ribeira	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Damil	0	0,0%	1	0,6%	1	0,42%
Faramontaos	0	0,0%	1	0,6%	1	0,42%
Ganade	2	3,2%	1	0,6%	3	1,26%
Gudín	1	1,6%	3	1,7%	4	1,68%
Guntimil	1	1,6%	0	0,0%	1	0,42%
Lamas	4	6,3%	6	3,4%	10	4,20%
Laroá	0	0,0%	1	0,6%	1	0,42%
Moreiras	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Morgade	2	3,2%	4	2,3%	6	2,52%
Mosteiro de Ribeira	0	0,0%	3	1,7%	3	1,26%
Novás	1	1,6%	0	0,0%	1	0,42%
Parada de Ribeira	1	1,6%	3	1,7%	4	1,68%
Piñeira Seca	0	0,0%	1	0,6%	1	0,42%
San Pedro de Laroá	0	0,0%	3	1,7%	3	1,26%
Seoane	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Sandias	1	1,6%	0	0,0%	1	0,42%
Solveira	2	3,2%	0	0,0%	2	0,84%
Xinzo de Limia	43	68,3%	132	75,4%	175	73,53%
Outro	2	3,2%	13	7,4%	15	6,30%
Total	63	63	175	175	238	238

Táboa 2

Como xa se explicou en apartados anteriores, elaborouse un cuestionario para obter a opinión da cidadanía, que é un dos piares deste informe diagnóstico dada a falta de indicadores cuantitativos locais.

Deste cuestionario obtivéronse 240 respostas válidas, que supón o 2,4% da poboación total do Concello.

Non obstante, a gran maioría das persoas participantes no cuestionario son mulleres, un 73,5%, o que equivale a un 3,5% da poboación feminina residente en Xinzo. Por parroquias, hai que destacar que a maioría da persoas participantes viven en Xinzo de Limia, un 73,5% en total, o 75% das mulleres e o 68% dos homes. Hai por tanto unha baixa participación de poboación residente nas parroquias e núcleos rurais.



O **índice de envellecemento** xeral de Xinzo é de 175,42 (IGE, 2021), por debaixo do índice provincial, de 309,59. Cabe salientar que Ourense é a provincia máis envellecida do Estado.

O **saldo vexetativo** do ano 2021, último con datos oficiais no IGE, é de -77, con 135 defuncións e 58 nacementos.

O 2020 pechou cunha **taxa bruta de natalidade** de 5,77 (IGE, 2020) e unha taxa de mortalidade de 14,31.

IDADE

A idade media da poboación de Xinzo é de 48,44 anos. (IGE, 2021). As mulleres teñen unha idade media máis elevada (49,17) que os homes, (47,17).


Por grandes grupos de idade e segundo datos do IGE correspondentes o ano 2021, a porcentaxe de poboación menor de 16 anos é de case un 13%, un 46,3% mulleres.

A poboación que se atopa na franxa de 65 equivale a un 28%, un 54,71% mulleres.

Polo tanto, hai unha evidente feminización da poboación maior fronte a unha lixeira masculinización da poboación máis nova.

No cuestionario, a franxa de idade máis participativa é a que se atopa entre os 42 e os 53 anos (Xeración X). Tamén se atopan nesta franxa de idade a maior parte das mulleres participantes, un 33,3%. Pola contra, o 30% dos homes que responderon ás preguntas formuladas teñen entre 29 a 41 anos (Xeración Y, Millenials).

No cuestionario a participación da xente nova menor de 28 anos foi bastante baixa (un 17% do total de respostas obtidas).



Gráfica 3

Idade dos/as participantes						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Baby Boom 1949-1968 (54-73 anos)	13	21,7%	33	19,6%	46	20,18%
Xeración X 1969-1980 (42-53 anos)	16	26,7%	56	33,3%	72	31,58%
Xeración Y 1981-1993 millenials (29-41 anos)	18	30,0%	53	31,5%	71	31,14%
Xeración Z 1994-2010 (12-28 anos)	13	21,7%	26	15,5%	39	17,11%
Total	60	100%	168	100%	238	100%

Táboa 3


MOVEMENTOS DA POBOACIÓN E ORIXE

Segundo datos do IGE do ano 2021, hai un 5% de **poboación estranxeira**. Desta, un 48% son mulleres e un 52% son homes.

No cuestionario participou unha porcentaxe moi baixa de persoas estranxeiras, só un home e unha muller, o que equivale a menos dun 0,5% do total de poboación estranxeira.

Nacionalidade das persoas participantes						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	63	98,4%	175	99,4%	238	99,17%
Outra	1	1,6%	1	0,6%	2	0,83%
Total	64	100%	176	100%	240	100%

Táboa 4



Fonte: Foro Ciudad. Gráfica 4

Máis do 40% da inmigración que se recibe no municipio procede de países europeos entre os que destaca Portugal. De feito hai 45 mulleres e 77 homes con orixe portuguesa en Xinzo.

Estas cifras veñen seguidas de preto pola orixe africana dun 29% da poboación inmigrante e dun 26% da poboación americana.

Por países non europeos, ademáis de Portugal, destaca Marrocos (56 mulleres e 80 homes) e Venezuela (27 mulleres e 12 homes). (Datos IGE 2021).

Se nos centramos na emigración, a maioría das persoas movéronse a lugares dentro de Galicia ou da provincia de Ourense (73% das 274 persoas que marcharon do municipio no ano 2021). É cando menos destacable que un 55,5% das persoas que emigraron nese ano foron mulleres, unha ampla maioría.

ESTADO CIVIL

O 34,5% das persoas participantes no cuestionario están casadas, sendo a porcentaxe exactamente igual para as persoas participantes que declaran estar solteiros/as. Por sexo, o 39% das mulleres están solteiras.

Estado civil e/ou situación de convivencia no cuestionario						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Casado/a	19	29,7%	63	36,2%	82	34,45%
Convivo en parella	16	25,0%	27	15,5%	43	18,07%
Divorciado/a ou separado/a	2	3,1%	16	9,2%	18	7,56%
Solteiro/a	25	39,1%	57	32,8%	82	34,45%
Viúvo/a	1	1,6%	7	4,0%	8	3,36%
Outra	1	1,6%	4	2,3%	5	2,10%
Total	64	100%	174	100%	238	100%

Táboa 5

N.º DE FILLOS E FILLAS

Un 53% das persoas participantes no cuestionario teñen fillos/as. Ao analizar por sexo o número de fillos/as vese como hai unha porcentaxe máis elevada de mulleres que de homes nesta situación, cun 56% e un 44% respectivamente.

Tes fillos/as?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	36	56,3%	76	43,7%	112	47,06%
Sí	28	43,8%	98	56,3%	126	52,94%
Total	64		174		238	

Táboa 6

Mentres o 46,4% de homes conta con dous fillos, o 49% de mulleres participantes ten un único fillo/a.

Se seleccionaches “Sí”, indica cantos						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
1 fillo/a	11	39,3%	48	49,0%	59	46,83%
2 fillos/as	13	46,4%	46	46,9%	59	46,83%
3 fillos/as	4	14,3%	3	3,1%	7	5,56%
4 fillos/as ou máis	0	0,0%	1	1,0%	1	0,79%
Total	28	100%	98	100%	126	100%

Táboa 7

Segundo datos do INE, a idade media de maternidade en Xinzo de Limia sitúase en 32,64 anos e a taxa bruta de natalidade sitúase en 5,77. A nivel estatal, e con datos de 2021 hai que sinalar que a idade media para dar a luz ao primeiro fillo medrou de 31,22 a 31,54 anos en só un ano, o rexistro máis alto da serie histórica. Aínda así, a idade media de Xinzo é superior á do Estado.

No que respecta ao nivel de estudos das persoas que participaron hai unha elevada porcentaxe en ambos sexos de persoas con estudos universitarios cun 54%.

Estudos das persoas participantes						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Universitarios	30	47,6%	98	56,6%	128	54,24%
FP	5	7,9%	18	10,4%	23	9,75%
Bacharelato	20	31,7%	27	15,6%	47	19,92%
ESO	3	4,8%	13	7,5%	16	6,78%
Graduado Escolar	5	7,9%	15	8,7%	20	8,47%
Sen estudos	0	0,0%	2	1,2%	2	0,85%
Total	63	100%	173	100%	236	100%

Táboa 8

PERCEPCIÓN SOBRE A DESIGUALDADE E DISCRIMINACIÓN DAS MULLERES

No cuestionario incorporáronse unha serie de preguntas co fin de obter unha radiografía o máis axustada posible da percepción sobre a desigualdade e a discriminación das mulleres entre a poboación limiá.

Unha porcentaxe moi alta de participantes no cuestionario, o 78,54%, considera que as mulleres están discriminadas polo feito de ser mulleres. Así esta é a opinión dun 84,3% de mulleres e dun 62,3% de homes.

Cres que as mulleres sofren discriminación polo feito de ser mulleres?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	19	31,1%	20	11,6%	39	16,74%
Si	38	62,3%	145	84,3%	183	78,54%
NS/ NC	7	11,5%	8	4,7%	15	6,44%
Total	64	100%	173	100%	237	100%

Táboa 9

Inclúense preguntas de resposta múltiple para completar a frase con respostas que consideran axeitadas co obxectivo de tratar de evidenciar en que ámbitos e espazos da sociedade se identifica unha discriminación por razón de xénero.

A maioría de participantes de ambos sexos consideran que as mulleres están discriminadas no acceso ao emprego, nas empresas e no acceso a postos de responsabilidade, cun 62%.

Máis dun 61% perciben discriminación por razón de sexo no que atinxe á estabilidade no emprego e un 49% detecta discriminación na promoción profesional.

Por outro lado, o 42,5% cre que as mulleres están discriminadas no acceso á política e á toma de decisións e un 42% detectan discriminacións no deporte.

Nos ámbitos nos que se detecta unha menor discriminación é nas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (34%), na xustiza (26,6%), no cine, música e cultura (20%) e no acceso á educación (9%).

**“EU NON DESEXO QUE AS
MULLERES TEÑAN PODER
SOBRE OS HOMES,
SENÓN SOBRE ELAS
MESMAS”.**

Mary Wollstonecraft, escritora

Cres que a muller está discriminada respecto ao home en....						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
No acceso á educación	1	1,6%	20	11,6%	21	9,01%
No acceso ao emprego	31	50,8%	114	66,3%	145	62,23%
Na estabilidade no emprego	29	47,5%	114	66,3%	143	61,37%
Na promoción profesional	20	32,8%	95	55,2%	115	49,36%
No acceso á política e á toma de decisións	18	29,5%	81	47,1%	99	42,49%
No deporte	20	32,8%	77	44,8%	97	41,63%
Nas empresas e no acceso a postos de responsabilidade	27	44,3%	118	68,6%	145	62,23%
No cine, na música e na cultura en xeral	3	4,9%	44	25,6%	47	20,17%
Na xustiza	8	13,1%	54	31,4%	62	26,61%
Nas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado	14	23,0%	65	37,8%	79	33,91%
Total persoas	48	48	165	165	213	213

Táboa 10

Formulouse outra pregunta de resposta múltiple consistente en sinalar os cinco obxectivos que consideran máis urxentes para promover a igualdade de mulleres e homes en Xinzo de Limia.

O máis repetido é o de *sensibilizar á sociedade para superar estereotipos e prexuizos machistas*, cun 59% das persoas participantes.

Un 53% sinala a necesidade de mellorar o *acceso ao emprego e ás condicións laborais das mulleres*, cunha destacada porcentaxe do 60% no caso dos homes.

Completando os obxectivos, un 48% sinala que hai que mellorar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, particularmente os horarios. Un 46% aposta por valorizar o traballo non remunerado das mulleres e un 45% das persoas cre necesario mellorar a atención a menores, persoas maiores e persoas con discapacidade.

Un 14% sinala que habería que reforzar e apoiar o asociacionismo e un 6% que hai que visibilizar ás mulleres.

En relación co novo Plan de Igualdade, sinala os cinco obxectivos máis urxentes para promover a igualdade de mulleres e homes en Xinzo.						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Sensibilizar á sociedade para superar estereotipos e prexuízos machistas	37	60,7%	101	58,7%	138	59,23%
Mellorar o acceso ao emprego e as condicións laborais das mulleres	20	32,8%	104	60,5%	124	53,22%
Mellorar as políticas dirixidas a mulleres vulnerables ou en risco de exclusión	15	24,6%	65	37,8%	80	34,33%
Visibilizar ás mulleres	12	19,7%	2	1,2%	14	6,01%
Valorizar o traballo non remunerado das mulleres	21	34,4%	87	50,6%	108	46,35%
Mellorar as medidas de conciliación e os horarios	20	32,8%	91	52,9%	111	47,64%
Mellorar a atención a persoas dependentes: menores, maiores, persoas con discapacidade etc.	21	34,4%	83	48,3%	104	44,64%
Mellorar a atención e prevención da violencia de xénero	16	26,2%	68	39,5%	84	36,05%
Implicar aos homes	16	26,2%	63	36,6%	79	33,91%
Apoiar o asociacionismo de mulleres	5	8,2%	28	16,3%	33	14,16%
Mellorar os servizos de atención municipais	11	18,0%	36	20,9%	47	20,17%
Incorporar a perspectiva de xénero a toda a política municipal	9	14,8%	41	23,8%	50	21,46%
Outras	5	8,2%	7	4,1%	12	5,15%
Total persoas	52	52	160	160	212	212

Táboa 11

O CONCELLO

A Corporación Municipal de Xinzo de Limia está formada dende os comicios celebrados o 26 de maio de 2019 por 13 concelleiros e concelleiras de 6 partidos políticos.

Só hai 4 mulleres concelleiras incluíndo á alcaldesa, o que supón un 31% do total de membros da corporación.

Segundo datos do INE, en 2019 o 40,82% das persoas concelleiras en España e o 40,77% en Galicia eran mulleres. Por tanto, a porcentaxe de mulleres na corporación de Xinzo de Limia está por debaixo dos datos estatais e galegos.

O grupo de goberno está constituído por 7 persoas concelleiras e catro partidos políticos, PSdG-PSOE con 3 representantes (1 muller), AXIL con dous (2 homes), BNG con un (home) e Xinzo Adiante con un (home).

Nos partidos da oposición sitúase o PP con 5 persoas concelleiras (2 mulleres) e o grupo de non adscritos (anteriormente Cs) cunha muller.

ECONOMÍA, SECTORES ESTRATÉXICOS E EMPREGO

Dado que hai datos diferentes segundo a fonte sexa INE ou IGE, expónse o seguinte.


Segundo datos do INE de 2021, en Xinzo de Limia hai 880 empresas repartidas nos seguintes sectores e actividades:

- Industria: 56
- Construción: 162
- Comercio, transporte e hostalaría: 369
- Información e comunicacións: 5
- Actividades financeiras e seguros: 33
- Actividades inmobiliarias: 23
- Actividades profesionais e técnicas: 75
- Educación, sanidade e servizos sociais: 68
- Outros servizos persoais: 89

Pola súa banda, os datos do IGE do ano 2020 en Xinzo de Limia sinalan a existencia en Xinzo de 1235 empresas.


- Agricultura, gandería, silvicultura e pesca: 317
- Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos a motor e motocicletas: 252
- Construción: 170
- Hostalaría: 108
- Outros servizos: 61
- Actividades profesionais, científicas e técnicas: 54
- Industria manufactureira: 53
- Transporte e almacenamento: 48
- Educación: 37
- Actividades sanitarias e servizos sociais: 33
- Actividades financeiras e de seguros: 28
- Actividades inmobiliarias: 24
- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento: 21
- Actividades administrativas e servizos auxiliares: 17
- Información e comunicación: 6
- Industriais extractivas: 3
- Fornecemento da enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado: 1
- Fornecemento da auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación: 1
- Administración pública e defensa, seguranza social obrigatoria: 1

Segundo a mesma fonte, o 70% destas empresas teñen a condición de persoas físicas.




O EMPREGO ANALIZADO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

O paro rexistrado no pasado setembro de 2022, atendendo aos datos do SEPE é de 624 persoas das que un 63% son mulleres, 394 mulleres e 230 homes.



Ao realizar a comparativa do paro rexistrado no mes de agosto do pasado ano e os datos de agosto de 2022 obsérvase un leve descenso que resulta máis significativo no caso das mulleres.

No ano 2021 aínda había serias restricións por mor da COVID-19 e da crise sanitaria cun relevante impacto na vida, na saúde, nos costumes e na economía.



Ao analizar os datos do paro atendendo á idade das persoas obtéñense os seguintes datos:

- Menores de 25 anos, hai un 56% de homes.
- De 25 a 44 anos, hai un 66% de mulleres.
- Maiores ou igual a 45 anos, preto dun 64% de mulleres.

Nas persoas paradas menores de 25 anos hai unha lixeira masculinización pero a medida que se incrementa a idade dedúcese unha feminización notable que se acrecenta na franxa de 25 a 44 anos.

Si se analiza o total de parados e paradas que se sitúa por enriba dos 25 anos, as mulleres constitúen un 64,5%.

Os datos do IGE (xuño, 2022) sinalan 3194 persoas afiliadas á Seguridade Social no Concello de Xinzo de Limia, un 49% mulleres (1635 homes e 1559 mulleres).

O 69% dos contratos a tempo parcial rexistrados en 2021 corresponden a mulleres e os contratos a tempo completo, máis equilibrados, están maioritariamente a nome de homes, un 53%.

En 2021 houbo unha maior contratación de mulleres que de homes no municipio, cun 55% de mulleres sobre o total de contratos rexistrados.

Si se atende aos datos do SEPE de setembro do 2022, de 200 novos contratos de traballo, 107 corresponden a mulleres e 93 a homes. Resulta interesante destacar outros datos:

- A maioría de homes (45%) e de mulleres (50,5%) comezaron cun contrato temporal.
- Os datos sobre contratos iniciais indefinidos atendendo ao sexo amosan unha aproximación máis equilibrada: un 38% dos homes e un 36% das mulleres.

Respecto ao cuestionario, o 70% das persoas participantes están actualmente traballando, o 67% dos homes e o 71% das mulleres.

Unha porcentaxe máis elevada de mulleres (7,5%) que de homes (5%) declara estar en busca de traballo.

Destaca o feito, en consonancia cos datos oficiais, de que ningún home se define como amo de casa fronte a un 4% de mulleres que están nesa circunstancia.

**“AS MULLERES NACEMOS
CUNHA HIPOTECA SOBRE
O NOSO TEMPO”.**

*María Ángeles Durán.
Catedrática de Socioloxía.*

Situación laboral das/os participantes						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Amo/a de casa	0	0,0%	7	4,0%	7	2,94%
Busco Emprego	3	4,7%	13	7,5%	16	6,72%
Estudo	5	7,8%	9	5,2%	14	5,88%
Estudo e traballo	5	7,8%	9	5,2%	14	5,88%
Pensionista - xubilado/a	8	12,5%	13	7,5%	21	8,82%
Traballo	43	67,2%	123	70,7%	166	69,75%
Total	64	100%	174	100%	238	100%

Táboa 12

O 54% das mulleres e o 51% dos homes traballan por conta allea.

O 29% traballa na administración pública e só un 18% faino por conta propia.

En caso de traballar, especifica:						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Por conta allea na administración pública	13	25,5%	40	30,1%	53	28,80%
Por conta allea nunha empresa privada	26	51,0%	72	54,1%	98	53,26%
Por conta propia	12	23,5%	21	15,8%	33	17,93%
Total	51	51	133	133	184	184

Táboa 13

En que sector traballas?					
	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	N.º
Sector primario: explotacións agrícolas e gandeiras / madeira, pataca e millo etc.	5	9,4%	6	4,5%	11
Sector secundario: enerxía, industria ou construción, alimentos de cuarta ou quinta xeración etc.	8	15,1%	12	9,0%	20
Sector terciario: banca, administración, turismo, transporte, tecnoloxía, atención a maiores, hostalaría, dependente/a nun comercio etc.	40	75,5%	115	86,5%	155
Total	53		133		186

Táboa 14

A maioría das persoas participantes traballa no sector terciario: banca, administración, turismo, transporte, tecnoloxía, atención a maiores, hostalaría ou comercio, un 83%, un 86% de mulleres e un 75% de homes.

A pesar da potencia do sector agrogandeiro na Limia, só ocupa a un 6% das persoas participantes.

Queres cambiar de traballo?					
	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	N.º
Non	35	62,5%	98	66,2%	133
Sí	7	12,5%	22	14,9%	29
Non sabe/ Non contesta	14	25,0%	28	18,9%	42
Total	56		148		204

Táboa 15

Son baixas as porcentaxes en ambos sexos que manifestan no cuestionario a súa vontade para cambiar de traballo. De todos os xeitos, é interesante ver as respostas sobre as dificultades que atopan as persoas participantes. Un 29% das mulleres esgrime razóns relacionadas coa conciliación fronte a un 7% de homes que alega a mesma dificultade para mudar de traballo.



Que dificultades tes para cambiar o teu traballo?. (Algunhas persoas alegaron varias causas)					
	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	N.º
Non sei se será tan estable como o meu emprego actual	16	40,0%	40	36,4%	56
Non sei se me pagarán máis que onde estou	9	22,5%	17	15,5%	26
Dificultades para a conciliación familiar e laboral debido ao horario	3	7,5%	32	29,1%	35
Non hai empresas próximas e debería viaxar máis que na actualidade	14	35,0%	24	21,8%	38
Non teño formación para atopar emprego no sector no que quero traballar	0	0,0%	12	10,9%	12
Non teño experiencia suficiente para optar a postos que me interesen	3	7,5%	18	16,4%	21
Necesito mellorar as miñas habilidades dixitais	1	2,5%	9	8,2%	10
Necesito aprender inglés (ou outra lingua estranxeira)	1	2,5%	11	10,0%	12
Os centros de traballo non son tan accesibles como o meu centro actual (polígonos industriais separados, necesidade de ter carné de conducir e coche, zonas pouco iluminadas...)	0	0,0%	5	4,5%	5
Gustaríame cambiar a un sector no que a maioría son homes e non sei se estaría cómoda	0	0,0%	3	2,7%	3
Outra	8	20,0%	31	28,2%	39
Gustaríame cambiar a un sector no que a maioría son mulleres e non sei se estaría cómodo	1	2,5%	0	0,0%	1
A punto de xubilarme	1	2,5%	0	0,0%	1
Idade	0	0,0%	1	0,9%	1
Non hai traballo	0	0,0%	1	0,9%	1
Non teño homologación de estudos e non falo galego	0	0,0%	1	0,9%	1
Tempo compatible cun neno e con dúas persoas maiores	0	0,0%	1	0,9%	1
Total	57		206		263

Táboa 16

O 11% de mulleres aposta por promover a instalación de empresas de coidados, axuda no fogar, asistencia a persoas maiores ou limpeza e un 7% a actividades relacionadas coa educación e coidado de menores.

Pola súa banda, os homes decántanse maioritariamente por empresas de carácter industrial cun 27% e empresas promotoras de turismo nun 11%.

Que empresas ou actividades cres que se poderían instalar en Xinzo para crear emprego que mellora a independencia das mulleres? (Algunhas persoas sinalaron varias)					
	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	N.º
Empresas de axuda no fogar, asistencia a persoas maiores ou limpeza do fogar	2	5,4%	10	11,4%	12
Actividades de terapia ocupacional	0	0,0%	1	1,1%	1
Empresas adicadas a actividades de lecer e tempo libre	0	0,0%	4	4,5%	4
Actividades que fomenten a formación para o emprego das mulleres en sectores masculinizados	0	0,0%	1	1,1%	1
Empresas que promoven a conciliación	1	2,7%	5	5,7%	6
Empresas que reservan prazas para vítimas de violación	0	0,0%	1	1,1%	1
Actividades cun equipo especializado de prevención e atención ás vítimas de violencia de xénero	0	0,0%	1	1,1%	1
Empresas promotoras do turismo	4	10,8%	6	6,8%	10
Actividades que preservan o medio rural e fomentan o patrimonio	1	2,7%	0	0,0%	1
Actividades relacionadas coa agricultura	1	2,7%	3	3,4%	4
Empresas de automóbil, motor ou transporte	1	2,7%	1	1,1%	2
Actividades comerciais	1	2,7%	5	5,7%	6
Marketing	1	2,7%	1	1,1%	2
Actividades relacionadas coa educación e coidado de menores	0	0,0%	6	6,8%	6
Actividades relacionadas coa gandería	0	0,0%	4	4,5%	4
Empresas do sector manufactureiro e recuperación de oficios	1	2,7%	6	6,8%	7
Empresas dos sectores automatizados que non requiren esforzo físico	1	2,7%	1	1,1%	2
Industria e fábricas en xeral	10	27,0%	23	26,1%	33
Actividades de I+D	2	5,4%	0	0,0%	2
Calquera	5	13,5%	9	10,2%	14

Actividades relacionadas coa saúde	0	0,0%	1	1,1%	1
Empresas conserveiras	1	2,7%	0	0,0%	1
Cooperativas	0	0,0%	2	2,3%	2
Empresas dedicadas á transformación de materias primas da zona	8	21,6%	17	19,3%	25
Coren	0	0,0%	1	1,1%	1
Empresas de produtos ecolóxicos	2	5,4%	3	3,4%	5
Actividades de fomento do emprendemento local	0	0,0%	2	2,3%	2
Empresas dedicadas á restauración	0	0,0%	2	2,3%	2
Actividades do call center	0	0,0%	1	1,1%	1
Empresas relacionadas coa promoción do deporte	1	2,7%	3	3,4%	4
Empresas relacionadas co fomento da cultura	2	5,4%	4	4,5%	6
Empresas de tecnoloxía e informática	2	5,4%	5	5,7%	7
Empresas que producen compoñentes	1	2,7%	1	1,1%	2
Actividades relacionadas co traballo administrativo e de oficina	0	0,0%	2	2,3%	2
Actividades de servizos e atención ao público	1	2,7%	2	2,3%	3
Actividades de mediación para a inclusión da poboación inmigrante e outras actividades relacionadas cos servizos sociais	0	0,0%	2	2,3%	2
Empresas dedicadas á loxística	0	0,0%	1	1,1%	1
Actividades forestais	0	0,0%	1	1,1%	1
Empresas dedicadas á alimentación	0	0,0%	2	2,3%	2
Empresas dedicadas a tratamentos estéticos e perruquería	0	0,0%	1	1,1%	1
Total persoas que respostan	37	37	88	88	125
Total persoas	49	49	141	141	190

Táboa 17

Un 78% das mulleres cren que homes e mulleres non teñen as mesmas oportunidades para acceder ao emprego fronte a un 60% de homes que opina igual.

Cres que mulleres e homes teñen as mesmas oportunidades para acceder ao emprego?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	38	59,4%	137	77,8%	175	72,92%
Sí	23	35,9%	30	17,0%	53	22,08%
Non sabe/ Non contesta	3	4,7%	9	5,1%	12	5,00%
Total	64	64	176	176	240	240

Táboa 18

PROMOCIÓN DO EMPREGO

Sobre as actuacións do Concello en materia de promoción de emprego hai que sinalar que se teñen realizado diversos programas no que participaron mulleres, sendo os máis salientables os que se detallan a continuación:

Obradoiro Dual de Emprego, programa público de formación e emprego financiado pola Xunta de Galicia no que as persoas traballadoras desempregadas reciben cualificación profesional ao mesmo tempo que desenvolven un traballo produtivo en actividades de utilidade pública ou interese social. A etapa de formación en alternancia coa práctica profesional foi de 9 meses e dende o inicio, as persoas participantes están con contrato para a formación e aprendizaxe, cunha retribución equivalente ao 100% do SMI (Salario Mínimo Interprofesional) incluída a parte proporcional dunha paga e media extraordinaria. En 2022 chámase Obradoiro de emprego no Camiño 2022 e conta con 20 persoas.

O **Programa da RISGA**, está dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social para dotalas de motivación, habilidades, competencias e capacidades que require o tecido empresarial. Así, a través da inserción laboral trátanse de reverter situacións de exclusión social. A súa duración é de 6 a 9 meses.

O **Programa de Empregabilidade** no Concello de Xinzo de Limia.

O **Programa de contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero**, que permite a contratación municipal de mulleres vítimas de violencia de xénero cada dous anos.

O TECIDO EMPRESARIAL E ECONÓMICO

Hai que destacar que Xinzo de Limia conta con varias asociacións de carácter socioeconómico.

- **ADEGAL**, é a unión de empresarios/as, gandeiros/as e agricultores/as da comarca da Limia baixo o amparo legal asociativo para a consecución duns fins comúns e dar a coñecer a importancia social e económica que o sector primario, a agro industria e o sector servizos ten na zona.
- A **Asociación de Produtores da Pataca da Limia** aglutina a 80 produtores/as e o 70% da produción, co gallo de manter un contacto directo coas administracións e axencias de inspección agraria e abordar distintas problemáticas.
- **Asociación de Hostaleiros da Limia** aglutina a persoas empresarias do ámbito da hostalaría coa finalidade de reforzar a formación do sector, as aportacións económicas, a creación de promocións conxuntas e demais accións dentro do desenrolo do sector.

- **Asociación de Empresarios do Polígono** engloba a empresas situadas no Polígono Empresarial de Xinzo de Limia.
- **PROLIMIA** é a asociación de comerciantes de Xinzo de Limia que rexurde no 2020 con 180 persoas socias para fomentar o comercio de proximidade.

É salientable a realización anual dunha Feira do Comercio e de Agrolimia.

Ademáis, hai que indicar que en Xinzo os principais sindicatos contan con sede social, tamén os sindicatos agrarios, pola importante relevancia do sector na comarca.

INGRESOS E RENDAS

Segundo datos do INE, no ano 2019 a renda media anual por persoa en Xinzo era de 12.080€, mentres que a renda media por fogar situábase en 25.044€. Neste mesmo ano a renda bruta por habitante na localidade é de 14.203€.

Segundo o cuestionario, o 28% das persoas sitúa os seus ingresos entre 901€ a 1200€.

Analizando os datos por sexo, os homes contan de media con ingresos superiores aos das mulleres. O 32% teñen uns ingresos medios que se sitúan entre 1201€ e 1800€ mentres que os ingresos do 23% das mulleres atópanse na franxa de 901€ a 1200€.

No extracto de maior remuneración, máis de 3000€ atópase un 6,5% dos homes fronte un 4% das mulleres.

En que sección desta escala están os teus ingresos persoais mensuais despois da dedución fiscal?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non teño ingresos de ningún tipo	4	6,5%	11	6,5%	15	6,52%
Menos ou igual a 300€	1	1,6%	3	1,8%	4	1,74%
De 301 a 600€	4	0	18	0	22	0
De 601 a 900€	1	1,6%	21	12,5%	22	9,57%
De 901 a 1200€	18	29%	39	23,2%	57	27,78%
De 1201€ a 1800€	20	32,3%	33	19,6%	53	23,04%
De 1801€ a 2400€	9	14,5%	27	16,1%	36	15,65%
De 2401€ a 3000€	1	1,6%	3	5,4%	10	4,35%
Máis de 3000€	4	6,5%	7	4,2%	11	4,78%
Total	62		168		230	

Táboa 19

Cos datos correspondentes a 2021 respecto a rendas e axudas sociais hai variacións en función do sexo da persoa receptora. Por exemplo, respecto á RISGA, do total de 14 persoas que recibiron esta prestación, o 50% eran mulleres. Pero no que atinxe ás axudas de inclusión social (AIS), das 20 persoas preceptoras, o 70% eran mulleres.

Respecto ás pensións, en 2021 en Galicia o 54% do total de pensións foron percibidas por mulleres. Hai unha fenda de xénero dun 34,5% que baixa ata un 31% no caso da provincia de Ourense.

En Xinzo de Limia hai 2.743 persoas que perciben unha pensión (datos 2021). Destas, 1.365 son mulleres e 1.378 homes. O importe medio destas pensións é de 772,38€.

Agora ben, se se atende á media das pensións de homes e de mulleres de Xinzo por separado detéctase unha fenda desfavorable ás mulleres dun 22,5%, sendo a fenda bruta de 195,3€. Polo tanto, a pesar de estar ante unha fenda de xénero nas pensións moi elevada na localidade, está moi por debaixo da detectada en Galicia e na provincia de Ourense.

Por último, é interesante analizar con perspectiva de xénero os datos sobre as pensións non contributivas. Segundo datos do IGE, no 2021 en Xinzo cobraron pensións non contributivas un total de 133 persoas das que un 61% eran mulleres. Os datos amosan unha clara feminización especialmente nas correspondentes á xubilación nas que un 65% son mulleres.

DEPENDENCIA ECONÓMICA

O cuestionario realizado ofrece datos respecto á dependencia económica, indicador moi relevante á hora de deseñar políticas de igualdade efectivas.

Un 70% de persoas, homes e mulleres, participantes declaran non sentirse dependentes.

Cando se somerxe na situación de dependencia aparecen datos a ter en conta. Por exemplo, si se trata de dependencia familiar a porcentaxe que declara dependencia é maior nos homes, cun 22%, que nas mulleres, cun 17,5%. Pero cando se trata de declarar a dependencia da parella, a porcentaxe é máis alta nas mulleres que nos homes, un 11% fronte a un 8%.

**“NESTA FAMILIA NON HAI
XEFES, SOMOS UNHA
COOPERATIVA”.**

Mafalda

Sénteste dependente economicamente de alguén?

	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non me sento dependente de ningún	44	69,8%	119	69,6%	163	69,66%
Síntome dependente da miña familia	14	22,2%	17,5%	44	18,80%	18,80%
Síntome dependente da miña parella ou ex-parella	5	7,9%	11,1%	24	10,26%	10,26%
Síntome dependente doutras persoas	0	0,0%	1,8%	3	1,28%	1,28%
Total	63	63	171	171	234	234

Táboa 20



POLÍTICAS DE IGUALDADE: RECURSOS E EQUIPAMENTOS.

No Concello de Xinzo de Limia existe unha Concellería de Igualdade que ten ao fronte á alcaldesa, feito que visibiliza notablemente as políticas de igualdade e garante unha maior transversalidade aos ser xestionadas pola persoa de maior rango da corporación municipal.

Ao longo deste informe irase dando conta das súas funcións con carácter sectorial pero hai que sinalar que existe un Centro de Información a Muller con persoal profesional e especializado. No momento de elaborar o Plan de Igualdade, o CIM de Xinzo conta cun psicólogo clínico, que tamén exerce o cargo de director, e unha asesora xurídica.

As vítimas de violencia de xénero dispoñen dun programa de atención e axuda periódica e con acceso aos pagos de indemnizacións, asesoramento e tramitacións de solicitude de altas/baixas e información do servizo de teleasistencia ATENPRO.

A maiores disto, certifícanse tamén os acreditativos de condición de vítima de violencia de xénero para a solicitude da rendas.

En canto aos servizos cos que contan as mulleres en risco de exclusión social no Concello, destaca:

- Programa de atención psicolóxica específica.
- Programa de asesoramento xurídico específico.
- Programa de fomento da conciliación (Banco de Tempo).
- Orientación laboral e bolsa de emprego.
- Competencias clave nivel 2.
- Accións formativas.
- Programa Hypatia.

Polasúabanda, o CIM encárgase de derivar ás mulleres con discapacidade a programas e entidades con recursos específicos.

“A SAÚDE É UNHA CUESTIÓN QUE HOMES E MULLERES AFRONTAN, PERO DE XEITO DIFERENCIADO. EN NUMEROSAS OCASIÓNS, AS NORMAS E VALORES SOCIAIS LLES ASIGNAN ESPAZOS E ROLES QUE CONDICIONAN A MANIFESTACIÓN DE ENFERMIDADES, O SEU COIDADO E EVOLUCIÓN NO TEMPO”.

Asociación Auria

O CIM tamén deriva vítimas de agresións sexuais a un programa da Fundación Meniños e ás vítimas de trata, explotación ou mulleres prostituídas, á Fundación Amarante.

O Programa Hypatia, iniciado en 2022 con financiación da Xunta de Galicia, centrouse na promoción da igualdade, a prevención da violencia de xénero e a inserción laboral das participantes. Desenvolveuse conxuntamente entre os Concellos de Xinzo de Limia, Vilar de Barrio e Sandiás. Impartiu obradoiros centrados no coidado da saúde física e mental das mulleres, a autoestima, o coñecemento dos dereitos e recursos, a sensibilización sobre a violencia de xénero ou a inserción laboral. Asimesmo prestou un servizo personalizado de asesoramento psicolóxico, xurídico e laboral e as mulleres recibiron unha atención integral. O Programa desenvolveuse en coordinación co persoal do CIM.

Nas respostas ao cuestionario detéctase unha importante valoración da cidadanía ao esforzo que en materia de igualdade e contra a violencia de xénero realiza o Concello, cun 6,75 de nota media e cunha valoración e lixeiramente máis alta nas mulleres.

Valora de 0 a 10 o esforzo que en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero realiza o Concello.			
	Home	Muller	Total
Media	6,63	6,79	6,75
Mediana	7	7	7
Respostas válidas	62	162	224

Táboa 21

Un 72% manifesta coñecer políticas concretas de igualdade municipais. Unha vez máis, esta porcentaxe é máis elevada nas mulleres, cun 77%.

Un total de 125 mulleres e 38 homes coñecen algunha política de igualdade municipal.

Coñeces algunha política concreta de igualdade que desenvolve o Concello?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	38	61,3%	125	76,7%	163	72,44%
Si	24	38,7%	38	23,3%	62	27,56%
Total	62		163		225	

Táboa 22

Obtivéronse 51 respostas, 34 de mulleres e 17 de homes. As políticas máis coñecidas son as accións de loita e concienciación contra a violencia de xénero seguidas das políticas de defensa da igualdade.

Si seleccionaches “si” indica o nome desa política municipal concreta						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A feira da muller	0	0,0%	1	3,0%	1	2,00%
As xornadas de prevención	0	0,0%	2	6,1%	2	4,00%
Clases de costura	0	0,0%	1	3,0%	1	2,00%
Concelleira de Igualdade	0	0,0%	1	3,0%	1	2,00%
Cursos de formación	1	5,9%	0	0,0%	1	2,00%
Este Plan participativo	2	11,8%	6	18,2%	8	16,00%
Formación para a inserción laboral das mulleres	1	5,9%	3	9,1%	4	8,00%
Integración social	1	5,9%	0	0,0%	1	2,00%
Loita e concienciación contra a violencia de xénero e na defensa da igualdade	3	17,6%	10	30,3%	13	26,00%
Mulleres rurais	1	5,9%	0	0,0%	1	2,00%
Os puntos de encontro seguros	0	0,0%	1	3,0%	1	2,00%
Os puntos violetas	1	5,9%	0	0,0%	1	2,00%
Os servizos do CIM	0	0,0%	5	15,2%	5	10,00%
Presenza institucional en actividades e manifestacións	3	17,6%	1	3,0%	4	8,00%
Protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero	0	0,0%	1	3,0%	1	2,00%
Sinalización das rúas e cartelería	4	23,5%	1	3,0%	5	10,00%
Total persoas	17		34		51	
Total	17		33		50	

Táboa 23

A valoración media que recibe o traballo realizado pola Concellería de Igualdade do Concello de Xinzo de Limia é dun 6,64. Esta valoración é lixeiramente máis alta nas mulleres cun 6,7 que nos homes cun 6,48.

Como cualificarías do 0 ao 10 o traballo realizado pola concellería de igualdade do Concello de Xinzo de Limia?			
	Home	Muller	Total
Media	6,48	6,7	6,64
Mediana	7	7	7
Respostas válidas	63	159	222

Táboa 24

Respecto á participación nas actuacións e actividades de igualdade desenvolvidas, a maioría das persoas non participaron. Un 38% participaron en campañas de igualdade (8 de marzo ou 25 de novembro) e con moita claridade, en maior medida as mulleres, cun 43%, que os homes cun 24,5%.

ACTIVIDADES EN MATERIA DE IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O Concello ven realizando nos últimos anos diversas actuacións de promoción da igualdade e contra a violencia de xénero, especialmente con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero e do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Por poñer algúns exemplos, destacan as accións institucionais de lectura de manifesto e concentración convocada polo Concello.

Tamén foron habituais as accións informativas e de sensibilización e promoción da igualdade a cargo do persoal do CIM e actividades nos centros sociais, xornadas sobre a fenda dixital, concertos, etc.

En 2020 e 2021 o lema foi “Todas as mulleres. Todos os dereitos. Todos os días” e as actividades pivotaron na sensibilización propia que xirou en torno a un certame literario de relato breve, en base á historia do feminismo e á historia das mulleres.

En 2020, o acto na Casa da Cultura de Xinzo consistiu na intervención da Federación de Mulleres Rurais para realzar ou dignificar o Día da Muller e a presentación do vídeo “O rural é feminista”. Neste mesmo acto o CDR O Viso presentou o seu proxecto “Mulleres Ilustradas da Limia”, coa participación dunha das protagonistas, e finalmente leuse un manifesto e proxectouse un vídeo musical.

En 2021 a Escola Rural de Saúde da Limia realizou un curso abordando temas como a COVID 19 e as mulleres, a fibromialxia e a menopausa.

Tamén se colocou un stand atendido polo persoal do CIM e se levou ao pleno o expediente de honra dunha das mulleres ás que se lle quería facer un recoñecemento público cunha placa conmemorativa na súa casa.

**“HAI UNHA DIFERENCIA
MOI GRANDE NO USO DA
CIDADE ENTRE HOMES E
MULLERES”.**

*Inés Sánchez de Madariaga,
Arquitecta e Directora da
Cátedra Unesco de Xénero da
Politécnica de Madrid*

En 2019 o programa municipal contra a violencia de xénero o mes de novembro estivo pleno de actividades. Entre elas, destaca a proxección da película “Solo mía” coa presenza do seu director Xavier Balaguer, o café coloquio “As mulleres que conversan son perigosas”, a Andaina contra a Violencia de Xénero a concentración e Homenaxe ás vítimas da violencia de xénero e un concerto de Rosa Cedrón.

No ano 2020 a pandemia impediu a conmemoración destas datas, pero no ano 2021, aínda con restricións, o Concello realizou o espectáculo teatral “Invisibles”, con historias reais protagonizadas por mulleres galegas e que tiñan como fío condutor a violencia sobre as mulleres. Repetíuse a iniciativa de 2019 da Andaina e levouse a cabo o acto institucional.

En 2022, o Concello sumouse con outros concellos do GDR Limia–Arnoia á campaña “Dálle un si á vida sen violencia”.

A parte das actividades anteriormente mencionadas en datas tan sinaladas, cómpre destacar que o Concello tamén realiza campañas de sensibilización e concienciación sobre as agresións sexuais. Así, en diferentes festas instálase un Punto Violeta que reparte diverso material como carteis, chapas e folletos de sensibilización sobre esta temática.

Tamén se creou un mapa de puntos violetas (tendas, bares...) aos que podían acudir as mulleres que estaban sendo vítimas de acoso ou calquera tipo de agresión.

Como xa si citou anteriormente, o Concello desenvolveu durante xuño, xullo, agosto e setembro de 2022 o *Programa Hypatia* de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero conxuntamente cos Concellos de Sandiás e Vilar de Barrio e no que participaron 77 mulleres.

O Programa, que partiu dunha metodoloxía de intervención multidisciplinar a través dunha orientación xurídica, psicolóxica e laboral individualizadas, impartiu formación específica para mellorar o empoderamento, a capacitación, a auto-

**“FALAR DE
PROSTITUCIÓN É
FALAR DUN GRUPO DE
MULLERES, CADA VEZ
MÁIS AMPLO, EXPLOTADO,
VULNERABLE E DE
POBREZA EXTREMA, QUE
SE SITÚA NUN LUGAR
PARA QUE OS VARÓNS
POIDAN ACCEDER
AOS SEUS CORPOS
NUN ACTO DE PODER
INTOLERABLE”.**

*Rosa Cobo, profesora da
Universidade de A Coruña.*

estima, a cultura e aprendizaxe así como a independencia e os autocoidados físicos e psicolóxicos das participantes.

O Concello de Xinzo de Limia ten editado diverso material de carácter informativo sendo o máis recente a publicación dunha Guía de Dereitos, Programas, Servizos e Recursos Públicos destinadas ás Mulleres do Municipio. O material, deseñado como unha ferramenta de apoio e consulta con teléfonos, enderezos e ligazóns de interese para toda a cidadanía, está dirixido especificamente ás mulleres e conta con datos especialmente detallados sobre a violencia de xénero.

En que actuacións desenvolvidas polo Concello tes participado?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Accións de sensibilización contra a violencia machista	17	27,9%	48	27,9%	65	27,90%
Usuaria dos servizos dirixidos a mulleres vítimas de violencia machista	1	1,6%	6	3,5%	7	3,00%
Campañas de igualdade no 8M ou no 25N	15	24,6%	74	43,0%	89	38,20%
Charlas e outras actividades de formación	7	11,5%	33	19,2%	40	17,17%
Outras	13	21,3%	47	27,3%	60	25,75%
En ningunha	31	50,8%	61	35,5%	92	39,48%
Total persoas	61		172		233	
Total	84		269		353	

Táboa 25

A VIOLENCIA DE XÉNERO. RECURSOS E POLÍTICAS. PERCEPCIÓNS

A violencia de xénero é un problema de dimensión mundial e a violación dos dereitos humanos máis estendida no mundo. A ONU calcula que entre millón e medio e tres millóns de mulleres e nenas perden a vida cada ano a consecuencia desta violencia.

No 2021, foron asasinadas a man das súas parellas ou ex-parellas un total de 43 mulleres en España, unha delas en Galicia.

Cabe mencionar que Xinzo está adscrito ao sistema VioGen, o sistema de seguimento integral en casos de violencia de xénero, dependente do Ministerio do Interior, que se xestiona conxuntamente coa Policía Local. Como recursos propios de asistencia a mulleres vítimas cóntase co persoal do CIM xa citado.

Respecto ao cuestionario, destaca a ampla maioría, tanto de homes (72%) como de mulleres (53,5%), que descoñecen os servizos prestados polo CIM de Xinzo de Limia.

Por outra banda, son coñecidos por un 34% das mulleres e un 16% dos homes.

Coñeces os servizos prestados polo CIM de Xinzo de Limia?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	44	72,1%	92	53,5%	136	58,37%
Si	10	16,4%	58	33,7%	68	29,18%
Non sabe/Non contesta	7	11,5%	17	9,9%	24	10,30%
Total	61		167		228	

Táboa 26

En relación coas respostas da pregunta anterior, un 26% de mulleres e un 18% de homes manifesta ter acudido aos servizos prestados polo CIM.

Case un 18% das mulleres acudiron en busca de asesoramento xurídico, un 11% para asesoramento psicolóxico, un 16% para o asesoramento laboral e un 68% para outras.

Acudiches algunha vez aos servizos prestados polo CIM?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Para asesoramento xurídico ou sobre violencia de xénero	2	3,3%	8	4,7%	10	4,29%
Para asesoramento psicolóxico	0	0,0%	5	2,9%	5	2,15%
Para asesoramento laboral	1	1,6%	7	4,1%	8	3,43%
Outras	8	13,1%	30	17,4%	38	16,31%
Total persoas	11		44		55	
Total	11		50		61	

Táboa 27

Nun cuestionario destas características sempre se procura incluír un bloque para medir as situacións de violencia de xénero en todas as súas formas e acadar o coñecemento dos recursos e medidas que bota en falta a cidadanía nesta materia. Así, nun amplo bloque, o cuestionario preguntou sobre situacións concretas ou vivencias individuais en torno a violencia de xénero, todas elas recollidas e analizadas dentro do Informe.

Así, 10 mulleres afirman ter presentado denuncia por violencia de xénero. Destas, un

80% di que a presentou ela mesma, un 10% manifesta que foi a súa familia ou amizades e un 10% que foi un veciño ou veciña.

Ningunha das mulleres manifestou ter retirado a denuncia unha vez interposta. O 79% coinciden en que é preciso intensificar a coeducación nas escolas. (83% das mulleres e 67% de homes).

Si denunciaches algunha vez, quen puxo a denuncia?		
	Muller	
	N.º	%
Eu	8	80%
A miña familia ou amizades	1	10%
O centro de saúde a través dun parte de lesións	0	
Un veciño/a	1	10%
A Policía	0	
Total	10	

Táboa 28

Respecto ás medidas apuntadas polas persoas participantes para acabar coa violencia de xénero destaca a porcentaxe elevada que aposta polo cumprimento de condenas por parte dos maltratadores (58% de mulleres e 44% de homes) e polo desenvolvemento da lei con medidas integrais (41% de mulleres e 31% de homes).

Tamén citan campañas de sensibilización e información (12,5%), outras (10%) e en último lugar máis formación especializada para a profesionais. Pola súa parte, un 30% das mulleres nomean os cursos de defensa persoal.

Que medidas cres que hai que reforzar para acabar coa violencia de xénero?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Intensificar a coeducación nas escolas	41	67,2%	143	83,1%	184	78,97%
Seguir desenvolvendo a lei con medidas integrais	19	31,1%	71	41,3%	90	38,63%
Cumprimento de condenas por parte de maltratadores	27	44,3%	99	57,6%	126	54,08%
Campañas de sensibilización e información	27	44,3%	2	1,2%	29	12,45%
Máis formación especializada a profesionais	20	32,8%	0	0,0%	20	8,58%
Cursos de defensa persoal a mulleres	10	16,4%	51	29,7%	61	26,18%
Outras	8	13,1%	16	9,3%	24	10,30%
Total persoas	57		165		222	

Total	152	382	534
-------	-----	-----	-----

Táboa 29

Incorporáronse preguntas acerca de situacións vividas polas mulleres participantes.

Un 78,5% afirma que a súa parella ou ex-parella nunca lle impediu falar con amigos/as ou familiares. Destaca o 7% que di que unha vez e o 5% que recoñece sufrilo habitualmente.

Algunha vez a túa parella ou ex -parella impediu que algunha vez falaras ou viras a amigos/as ou familiares?		
	Muller	
	N.º	%
Nunca	135	78,5%
1 vez	13	7,6%
2 veces	4	2,3%
3 veces	0	0,0%
Habitualmente	9	5,2%
Total	161	

Táboa 30

Cámpre sinalar que máis dun 2% de mulleres afirma que a súa parella ou ex-parella lle impediu ter acceso aos cartos dúas veces e case 2% que isto lle acontece de forma habitual.

Algunha vez a túa parella ou ex -parella impediu que tiveras acceso aos cartos?		
	Muller	
	N.º	%
Nunca	150	87,2%
1 vez	3	1,7%
2 veces	4	2,3%
3 veces	0	0,0%
Habitualmente	3	1,7%
Total	160	

Táboa 31

Un 5% di que a súa parella ou ex-parella controlou a súa vestimenta, peiteado ou maquillaxe 2 veces, un 5% afirma que sucedeu unha vez, un 3,5% recoñece que habitual-

mente e un 2,5% tres veces.

Algunha vez a túa parella ou ex -parella controlou a túa vestimenta, peiteado ou maquillaxe?		
	Muller	
	N.º	%
Nunca	132	76,7%
1 vez	8	4,7%
2 veces	9	5,2%
3 veces	4	2,3%
Habitualmente	6	3,5%
Total	159	

Táboa 32

As porcentaxes a esta pregunta son bastante elevadas. Un 13% afirma que a súa parella ou ex-parella insultouna aló menos unha vez e un 7% que isto lle acontece habitualmente.

Algunha vez a túa parella ou ex -parella te insultou en público ou en privado?		
	Muller	
	N.º	%
Nunca	116	67,4%
1 vez	22	12,8%
2 veces	7	4,1%
3 veces	1	0,6%
Habitualmente	12	7,0%
Total	158	

Táboa 33

Un 85% di que a súa parella ou ex-parella nunca empregou a forza para manter relacións sexuais, un 2,3% sinala que sucedeu dúas veces e case un 2% declara que é algo que pasa habitualmente.

Algunha vez a túa parella ou ex -parella empregou a forza para manter relacións sexuais?		
	Muller	
	N.º	%
Nunca	146	84,9%
1 vez	5	2,9%
2 veces	4	2,3%
3 veces	0	0,0%
Habitualmente	3	1,7%
Total	158	

Táboa 34

Un 3% declara que unha vez a súa parella ou ex-parella empurrouna, tirouna ao chan ou a agarrou polo pescozo, un 2% sinala que lle aconteceu dúas veces, un 1% tres veces e tamén un 1% que é algo que lle pasa habitualmente.

Algunha vez a túa parella ou ex -parella empurroute, tiroute ao chan ou te agarrou polo pescozo?		
	Muller	
	N.º	%
Nunca	147	85,5%
1 vez	5	2,9%
2 veces	3	1,7%
3 veces	2	1,2%
Habitualmente	2	1,2%
Total	159	

Táboa 35

Un 88% afirman que a súa parella ou ex-parella nunca lle propinou unha labazada, a golpeou cos puños ou con patadas. Un 1% afirma que dúas veces e outra porcentaxe idéntica sinala que é algo habitual.

Algunha vez a túa parella ou ex -parella che propinou unha labazada, golpeoute cos puños ou con patadas?		
	Muller	
	N.º	%
Nunca	152	88,4%
1 vez	1	0,6%
2 veces	2	1,2%
3 veces	1	0,6%
Habitualmente	2	1,2%
Total	158	

Táboa 36

Un 1% das mulleres recoñecen que a súa parella ou ex-parella as ameaza con coitelos ou pistolas habitualmente.

Un 0,6% din que isto lle aconteceu tres veces, sendo a mesma porcentaxe para as que afirman que lle pasou unha e dúas ocasións.

Algunha vez a túa parella ou ex -parella ameazoute cun coitelo ou pistola?		
	Muller	
	N.º	%
Nunca	154	89,5%
1 vez	1	0,6%
2 veces	1	0,6%
3 veces	1	0,6%
Habitualmente	2	1,2%
Total	159	159

Táboa 37

En relación ao uso que fixeron as mulleres dos servizo xurídicos e/ou policiais, un 13% acudiu á Garda Civil, un 5% á Policía Local e un 5% ao Xulgado de Xinzo.

Fuches usuaria nalgunha ocasión de servizos xurídicos e/ou policiais? Indica cales		
	Muller	
	N.º	%
Xulgado de Violencia contra a Muller de Ourense	2	1,2%
Xulgado de Xinzo.	8	4,7%
Policía Nacional	3	1,7%
Garda Civil	22	12,8%
Policía Local	9	5,2%
Servizo de xustiza gratuíta. Colexio da Avogacía.	3	1,7%
Total persoas	25	
Total respostas	47	

Táboa 38

Un 6% foron usuarios/as dos servizos sociais, en maior medida as mulleres (8%) que os homes (1,5%).

Un 5% de mulleres foron usuarias do CIM de Xinzo de Limia e un 3,5% doutros servizos da Concellería de Igualdade ou da Concellería de Servicios Sociais.

Fun usuario/a nalgunha ocasión de servizos sociais e de igualdade						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Fun usuaria nalgunha ocasión de servizos sociais.	1	1,6%	14	8,1%	15	6,44%
Fun usuaria do CIM de Xinzo de Limia.	0	0,0%	8	4,7%	8	3,43%
Fun usuaria doutros servizos da Concellería de Igualdade ou da de Servizos Sociais de Xinzo de Limia	1	1,6%	6	3,5%	7	3,00%
Fun usuaria do servizo autonómico de atención especializada para vítimas	0	0,0%	1	0,6%	1	0,43%
Fun usuaria do Teléfono 016 e doutros servizos estatais de atención especializada para vítimas	0	0,0%	2	1,2%	2	0,86%
Total persoas	2		20		22	
Total	2		31		33	

Táboa 39

A valoración na prestación dos servizos é máis alta nas mulleres, cun 9% que considera que estes resolveron algunhas cuestións que respecto aos homes (un 6,5% afirma que non lle foron de ningunha utilidade).

Como valoras os servizos prestados e a axuda recibida?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Foron de moita axuda	2	3,3%	10	5,8%	12	5,15%
Resolveron algunhas cuestións	3	4,9%	16	9,3%	19	8,15%
Non foron de gran axuda	0	0,0%	2	1,2%	2	0,86%
Non foron de ningunha axuda	4	6,6%	2	1,2%	6	2,58%
Total	9		30		39	

Táboa 40

No cuestionario realizáronse unha serie de preguntas relacionadas con diferentes situacións de violencia sexual, para coñecer se algunha das situacións descritas foi vivida polas persoas enquisadas no último ano.

Case un 6% das mulleres sinala que foi bicada unha vez sen o seu consentimento.

Alguén a quen coñecín bicoume sen o meu consentimento.						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Nunca	46	75,4%	139	80,8%	185	79,40%
1 vez	1	1,6%	10	5,8%	11	4,72%
2 veces	2	3,3%	5	2,9%	7	3,00%
3 veces	1	1,6%	1	0,6%	2	0,86%
Máis de 3 veces	2	3,3%	2	1,2%	4	1,72%
Total	52		157		209	

Táboa 41

Un 11% de mulleres afirma que lle tocaron un peito ou o cu sen o seu consentimento unha vez no último ano, un 9% sinala que isto lle aconteceu dúas veces e un 4% que lle ocorreu máis de tres veces.

Alguén a quen coñecín tocouse un peito ou o cu sen o meu consentimento.						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Nunca	40	65,6%	111	64,5%	151	64,81%
1 vez	3	4,9%	19	11,0%	22	9,44%
2 veces	1	1,6%	16	9,3%	17	7,30%
3 veces	0	0,0%	1	0,6%	1	0,43%
Máis de 3 veces	7	11,5%	7	4,1%	14	6,01%
Total	51		154		205	

Táboa 42

Un 2% das mulleres apunta a que no último anos obrigáronas dúas veces a practicar sexo oral sen consentimento.

Alguén a quen coñecín obrigoume a practicar sexo oral sen o meu consentimento.						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Nunca	50	82,0%	150	87,2%	200	85,84%
1 vez	1	1,6%	0	0,0%	1	0,43%
2 veces	1	1,6%	4	2,3%	5	2,15%
3 veces	1	1,6%	0	0,0%	1	0,43%
Máis de 3 veces	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Total	53		154		207	

Táboa 43

Un 2% sinala que as obrigaron máis de dúas veces a manter relacións sexuais sen preservativo.

Alguén a quen coñecín obrigoume a manter relacións sexuais sen preservativo.						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Nunca	50	82,0%	147	85,5%	197	84,55%
1 vez	0	0,0%	2	1,2%	2	0,86%
2 veces	0	0,0%	4	2,3%	4	1,72%
3 veces	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Máis de 3 veces	1	1,6%	0	0,0%	1	0,43%
Total	51		153		204	

Táboa 44

A un 6,5% das mulleres alguén a quen coñeceron envioulles nunha ocasión unha foto dos seus xenitais sen preguntar. Aconteceulle en dúas ocasións a un 4% e máis de tres veces a un 3% de mulleres enquisadas.

Alguén a quen coñecín envioume fotos dos seus xenitais sen preguntarme.						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Nunca	45	73,8%	131	76,2%	176	75,54%
1 vez	3	4,9%	11	6,4%	14	6,01%
2 veces	0	0,0%	7	4,1%	7	3,00%
3 veces	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Máis de 3 veces	3	4,9%	5	2,9%	8	3,43%
Total	51		154		205	

Táboa 45

Á pregunta de si unha persoa descoñecida comentou o seu físico pola rúa, un 12% afirma que lle ocorreu unha vez, o 10,5% dúas veces e un 8% tres veces.

A porcentaxe máis elevada, cun 13,5% das respostas das mulleres, corresponde ás que aseguran que lle aconteceu máis de tres veces.

“O MACHISMO É O
MEDO DOS HOMES ÁS
MULLERES SEN MEDO”.

Eduardo Galeano. Escritor.

Unha persoa descoñecida comentou o meu físico pola rúa.						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Nunca	29	47,5%	74	43,0%	103	44,21%
1 vez	7	11,5%	21	12,2%	28	12,02%
2 veces	6	9,8%	18	10,5%	24	10,30%
3 veces	2	3,3%	13	7,6%	15	6,44%
Máis de 3 veces	6	9,8%	23	13,4%	29	12,45%
Total	50		149		199	

Táboa 46

SERVICIOS SOCIAIS E SERVIZOS DE SAÚDE

Os servizos sociais municipais comparten dependencias co CIM, nun espazo con despachos independentes e perfectamente equipados.

Hai 3 traballadoras sociais, todas mulleres, unha mestra de educación de adultos e un psicólogo.

Entre os servizos que se prestan destaca a tramitación de axudas sociais, a información sobre as prestacións, a valoración das situacións de dependencia e a solicitude do recoñecemento do grao de discapacidade da Xunta de Galicia. Ademais, tramitan as solicitudes da RISGA, o bono aluguer, o bono eléctrico, as axudas de emerxencia, as pensións de estranxeiría e a tramitación do servizo de axuda no fogar e a teleasistencia.

Hai unha Oficina de Educación, Inmigración e Minorías, punteira na provincia de Ourense, que traballa coa poboación inmigrante e de etnia xitana.

Esta Oficina entre outros, traballa para a regularización de persoas, na tramitación para conseguir o NIF e a súa inserción laboral, ás veces con derivación ao CIM.

Unha das traballadoras sociais ocupa o seu tempo en exclusiva a tramitar e traballar directamente con situacións de discapacidade e dependencia. Realiza as tramitacións para a solicitude de pensións non contributivas e para o recoñecemento do grao de discapacidade da Xunta de Galicia. Tamén deriva a mulleres con discapacidade a entidades sen ánimo de lucro, como Limisi e ALGARIA (Cogami), para a inserción laboral das usuarias.

Destaca o programa de etnia xitana ou plan xitano, con intervencións moi relevantes nos hábitos de saúde ou na escolarización dos e das menores.

Hai diversas entidades e asociacións prestadoras de servizos sociais e de saúde entre as que destacan a Asociación contra o Cancro, ALGARIA, LIMISI, a Escola Rural de Saúde da Limia, o CDR O Viso, Cruz Vermella, Cáritas de Xinzo, Asociación de Diabéticos AURIA e a Asociación Alzheimer AFAOR.

O Centro de Saúde de Xinzo de Limia conta, no momento de realizar este informe, con 15 médicos/a dos que 8 son de medicina xeral, 2 son pediatras e 5 internos/as residentes.

Hai 10 persoas enfermeiras, das que o 90% son mulleres. O Centro tamén conta con servizos de apoio especiais. Así, contabilízanse 2 matronas, 1 auxiliar de enfermería (muller), 1 profesional de odontoloxía (home), 1 profesional de hixiene bucodental (muller), 1 persoa farmacéutica (muller), 2 fisioterapeutas (mulleres) e 1 traballador social (home).

Dos 35 postos do Centro 28 están ocupados por unha muller, o que equivale a un 80%. A isto habería que sumarlle as 4 persoas que traballan en administración, o 75% mulleres.

Por outro lado, na vila cóntase cos varios centros sanitarios privados. Hai ademáis 4 farmacias das que 2 teñen óptica, 2 audioprótese e audioloXía e 2 ortopedia. Hai 4 ópticas, 2 establecementos de audioloXía e 3 centros de fisioterapia.

Destaca o feito de que en Xinzo de Limia púxose en marcha o primeiro proxecto incluído no Plan Local de Saúde, no que participan, entre outros, os servizos sociais e o CIM.

O Centro de Saúde ten desenvolvido, contando coa colaboración do Concello, campañas específicas de enfermidades asociadas ás mulleres como o cancro de mama, a fibromialxia ou a endometriose.

Salienta o feito de que o CIM realizou, dentro do marco do asesoramento psicolóxico, campañas de sensibilización e información para conseguir a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia de xénero respecto á súa saúde mental e física.

**“SÓ VEMOS PERSOAS.
NUNCA LIMITAMOS
AS DIFERENCIAS
INDIVIDUAIS,
TRABALLAMOS POLA
IGUALDADE COLECTIVA”.**

*Asociación de Baloncesto de
Xinzo de Limia.*

En canto ao relacionado coa saúde afectivo-sexual, o CIM en colaboración con outras entidades puxo en marcha diversos obradoiros nos dous IES de Xinzo.

Destácase que nas mesas de coordinación para a promoción da igualdade e prevención e tratamento integral da violencia de xénero que organiza o CIM, participa persoal do Centro de Saúde.

A ATENCIÓN ÁS MULLERES CON DISCAPACIDADE EN XINZO

Segundo o IGE, no ano 2016, había 815 persoas con algún tipo de discapacidade en Xinzo de Limia, das que 418 eran mulleres (51,3%). O 51% das persoas cunha discapacidade superior a un 75% eran mulleres.

As mulleres con discapacidade viven situacións de discriminación múltiple, con barreiras engadidas á hora de acceder á educación, ao mercado laboral, para formar a súa propia familia e participar na vida social, económica e política.

Cómpre lembrar a maior prevalencia da violencia de xénero entre as mulleres con discapacidade acreditada igual ou superior ao 33% con respecto ás mulleres sen discapacidade. Así o amparan os datos da macro enquisa de 2019 na que se pon de manifesto que o 20,7% das mulleres con discapacidade sufriu violencia física ou sexual dalgunha parella fronte ao 13,8% das mulleres sen discapacidade. Ademais, o 17,5% das mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero din que a súa discapacidade é consecuencia desa violencia.

Debido a todo isto é de primordial importancia que as situacións vividas por elas sexan abordadas de xeito específico dende as políticas públicas de igualdade. No cuestionario, o 4% das mulleres participantes ten algún tipo de discapacidade.

Tes algunha discapacidade?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	59	92,2%	163	95,9%	222	94,87%
Sí	5	7,8%	7	4,1%	12	5,13%
Total	64		170		234	

Táboa 47

Un 23% das persoas participantes afirman ter un fillo/a, persoa dependente ou con algunha discapacidade a cargo, o 24% das mulleres e o 21% dos homes.

Tes fillos/as, persoas dependentes ou persoas con algunha discapacidade a cargo?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	47	77,0%	128	74,4%	175	75,11%
Si	13	21,3%	41	23,8%	54	23,18%
Non sabe/ non contesta	0	0,0%	1	0,6%	1	0,43%
Total	60		170		230	

Táboa 48

Na comarca cóntase con dúas asociacións principais dedicadas a discapacidade: Algaría (Cogami) e Limisi. Están centradas na discapacidade física e na discapacidade intelectual respectivamente e contan con programas que teñen incorporada a perspectiva de xénero.

AS POLÍTICAS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO

No Concello de Xinzo de Limia hai 2.703 persoas maiores de 64 anos, un 55% mulleres. A poboación neste tramo de idade supón o 28% do total.

As políticas de envellecemento activo deben ter en conta as diversas influencias que rodean ás persoas e familias e que afectan á saúde e ao proceso de envellecemento pero sen dúbida, hai dous determinantes que inflúen transversalmente, un é a cultura, que determina o xeito no que se envellece e outro é o xénero, que mostra a diferente situación das mulleres e dos homes maiores e que revela, por exemplo, como o papel das mulleres como coidadoras pode contribuír ao incremento da pobreza e á súa mala saúde na ancianidade.

Respecto aos recursos, cóntase cun Centro de Día xestionado polo Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, con mantemento realizado polo Concello.

Ademáis, hai un Centro Sociocomunitario, onde se realizan diversas actividades e obradoiros como ioga, natación, baile, clases de gaita e pandeireta, novas tecnoloxías e tamén andainas. O Centro dispón de múltiples servizos como cafetería, servizo de podoloxía, sala de proxeccións, taller de lectura e servizo de internet.

O Concello conta cun importante servizo de axuda a domicilio formado na súa totalidade por traballadoras.

Hai a Residencia de Maiores Santa Mariña e dúas vivendas comunitarias privadas, unha delas cunha destacada unidade especializada en tratamento de Alzheimer e outras demencias.

O Concello realiza obradoiros de memoria nas parroquias, xornadas sociosanitarias sobre o acompañamento ao longo da vida e cursos para o coidado de persoas maiores

A EDUCACIÓN: RECURSOS, EQUIPAMENTOS E ACTIVIDADES

RECURSOS EDUCATIVOS

Xinzo de Limia conta con diversos recursos educativos de educación infantil, centros educativos de primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos e Conservatorio Profesional de Música, onde se imparte formación de grao medio en violín, viola, piano, guitarra española, acordeón, vento madeira e vento metal.

Hai unha Escola Municipal de Gaitas e Percusión con 180 alumnos e alumnas de media anual.

O C.E.I.P Carlos Casares é un centro público de educación infantil e primaria e conta cun aula matutina.

O C.E.I.P Rosalía de Castro é un centro público de educación infantil e primaria que tamén conta cun aula matutina. Ten un total de 44 persoas traballadoras, das cales 40 correspóndense co profesorado. O 82,5% do persoal docente son mulleres.

O I.E.S Cidade de Antioquía é un centro público de educación secundaria e bacharelato. Tamén conta con catro ciclos formativos: ciclo de grado medio e superior de xestión forestal e do medio rural e o ciclo grado medio e superior en administración e finanzas. Ademais, tamén ten formación para a obtención do graduado de educación secundaria obrigatoria para adultos e formación básica de electricidade e electrónica.

O I.E.S Lagoa de Antela é un centro público de educación infantil e bacharelato.

Hai un centro público de educación infantil “A Galiña Azul” con 42 prazas. A maiores hai unha escola infantil privada de 0 a 3 anos con servizo de comedor e transporte.

O Concello convoca dende o ano 2021 axudas municipais para material escolar dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria e secundaria de familias con dificultades socioeconómicas e dificultades para conciliar a vida familiar e laboral. Respecto a recursos de educación non formal hai que sinalar os cursos de español a persoas estranxeiras, cursos universitarios para maiores de 50.

**“HOMES, QUERO
APROVEITAR ESTA
OPORTUNIDADE PARA
EXTENDERVOS UNHA
INVITACIÓN FORMAL: A
IGUALDADE DE XÉNERO
TAMÉN É ASUNTO VOSO”**

Emma Watson, actriz.

A CULTURA: RECURSOS, EQUIPAMENTOS E ACTIVIDADE CULTURAL

As instalacións e equipamentos culturais, ao igual que os centros educativos, xogarán un importante papel na posta en marcha de moitas medidas e actividades incluídas neste Plan e para a consecución dos obxectivos fixados.

O Concello conta con varios equipamentos culturais. Destaca a Casa da Cultura e da Xuventude, eixo de referencia da maioría das actividades culturais e na que se atopa a biblioteca municipal, un salón de actos, aulas formativas, espazo para exposicións e unha aula Cemit perfectamente equipada.

A Biblioteca Municipal ten horario de mañá e tarde ata as 21:00 e abre os sábados. Conta con diversos espazos de lectura e está dotada de 4 ordenadores, acceso wifi e prensa, revistas especializadas e libros electrónicos.

Todas as parroquias contan con equipamentos multiusos municipais.

Nas festas con maior afluencia de xente como o Entroido, Festa do Esquecemento e Festas de Santa Mariña póñense en marcha diversas medidas para a prevención de agresións sexuais.

Non hai ningún sistema que mida actualmente o impacto de xénero na política cultural municipal. No Concello cóntase con múltiples asociacións no eido cultural, sendo as máis destacadas e as que contan con maior actividade as que se relacionan a continuación: Agrupación Musical da Limia, Teatro Aneis, Aimil Folk, a Asociación Cultural A Pantalla, Civitas Limicorum, Sociedade Antelana (Casino), a Asociación Cultural San Breixo (Pidre), Asociación Cultural Achicoria, Asociación A Armada, Asociación Cultural Os Paquitos Folk, Asociación Cultural O Bion e a Asociación Cultural Santa Mariña.

**“EXISTEN POUCAS
ARMAS NO MUNDO MÁIS
PODEROSAS COMO
UNHA NENA
CUN LIBRO NA MAN”.**

*Malala Yousafzai, Premio Nobel
da Paz 2014.*

USO DOS TEMPOS

Os datos do cuestionario sinalan que o 36% das persoas participantes deixaron de participar na oferta de cursos de formación porque non se adaptan aos seus horarios.

Un 32% non participou da oferta cultural polo mesmo motivo, ao igual que o 23,5% que non participou da oferta deportiva.

Nos 3 indicadores, a porcentaxe se dispara nas mulleres que maioritariamente renuncian á súa vida persoal e actividades alleas á actividade profesional ou familiar.

Dos seguintes servizos públicos, deixaches de participar ou de acudir a algún deles por que a oferta non se adapta aos teus horarios?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A oferta deportiva	5	8,2%	50	29,1%	55	23,61%
Os servizos sanitarios	8	13,1%	13	7,6%	21	9,01%
A oferta cultural	14	23,0%	60	34,9%	74	31,76%
A oferta de cursos de formación	14	23,0%	70	40,7%	84	36,05%
Total persoas	33		108		141	
Total	41		193		234	

Táboa 49

Cabe destacar que un 25% das mulleres apuntan como motivo dificultades por coidado de fillos/as ou persoas dependentes e que só alega un 1,5% dos homes.

Deixaches de participar e desfrutar da oferta municipal deportiva, cultural, de lecer e de formación por algunha destas razóns?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Dificultades nos horarios	23	37,7%	80	46,5%	103	44,21%
Dificultades por coidado de fillos/as ou persoas dependentes	1	1,6%	43	25,0%	44	18,88%
Salgo coa miña parella	2	3,3%	0	0,0%	2	0,86%
Información insuficiente	14	23,0%	37	21,5%	51	21,89%
Non me atraen os contidos	12	19,7%	16	9,3%	28	12,02%
Non me interesan os contidos	1	1,6%	4	2,3%	5	2,15%
Outras	6	9,8%	17	9,9%	23	9,87%
Total persoas	42		133		175	
Total			197		256	

Táboa 50

A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE: RECURSOS, EQUIPAMENTOS E ACTIVIDADES

As sociedades actuais seguen a estar rexidas polos estereotipos e roles de xénero máis tradicionais. En base a estes últimos, adxudicouse como papel das mulleres na sociedade o ámbito doméstico: as tarefas do fogar e os coidados.

Actualmente as mulleres están incorporadas no mundo laboral, pero os homes non o fixeron na mesma medida no ámbito do fogar, responsabilidade que segue a recaer maioritariamente nelas.

Estes traballos non remunerados representan unha inxente, aínda que invisible e case silenciosa contribución á sociedade que millóns de persoas, sobre todo mulleres, realizan e realizan. Traballos sen contrato nin cobertura social, sen recoñecemento social e en moitos casos sen remuneración algunha.

A OIT calcula que o traballo dos coidados non remunerados equivale ao 15% do PIB de España. Só en 2018, empregáronse 130 millóns de horas diarias no traballo de coidados non remunerados, unha cifra que equivale a 16 millóns de persoas traballando 8 horas ao día sen percibir remuneración algunha.

Segundo datos do INE, as mulleres adican 63,6 horas semanais á suma do traballo remunerado e non remunerado, máis desprazamentos. Pola súa parte, os homes adican 56,7 horas ás mesmas tarefas e traballo.

A maior diferenza entre homes e mulleres atópase ao analizar as horas empregadas ao traballo non remunerado en función da xornada. Os homes adican xeralmente o mesmo número de horas ao traballo non remunerado (14 horas á semana), independentemente de que traballen a tempo parcial ou a xornada completa. As mulleres, en cambio, incrementan o tempo dedicado ao traballo non remunerado (30 horas á semana) cando teñen xornada a tempo parcial.

Segundo a Enquisa do INE de 2016, case un 10% de homes (de 16 e máis anos) e un 13% de mulleres (de 16 e máis anos) coidan a persoas dependentes. Por grupos de idade, a porcentaxe máis elevada de homes corresponde ao grupo de 65 e máis anos (un 14%) e nas mulleres corresponde ao grupo de idade de 45 a 64 anos cun 20%.

Esta mesma Enquisa sinala respecto ao reparto das tarefas domésticas, que a porcentaxe de mulleres de 18 e máis anos que dedican varios días á semana ao coidado e educación de fillas/os, coci-

**“ABRE OS OLLOS ANTE A
VIOLENCIA MACHISTA”.**

CDR O Viso

ñar, facer labores domésticas ou coidados de persoas con discapacidade, é superior en todos os casos á porcentaxe de homes de 18 e máis anos que realizan estas mesmas tarefas. Pola contra, a porcentaxe de homes e mulleres que dedican varios días á semana ao coidado ou educación de netos/as é moi similar, 32% de mulleres e un 33% de homes.

Tarefas como o coidado de plantas, pequenas reparacións, bricolaxe ou ter a punto o coche son desenvolvidas en maior medida por homes que por mulleres. Un 52% dos homes afirma que sempre ou case sempre fanse cargo fronte ao 27% de mulleres que responde en primeira persoa.

Efectos que tivo o traballo no coidado de fillos/as en homes e mulleres		
	Homes (%)	Mulleres (%)
Non hai efectos	85,19	65,18
Reducir horas	3,05	20,63
Cambiar horario sen redución de horas	5,29	5,6
Outras	3,13	3,79
Cambiar posto de traballo	0,99	1,77
Pedir permiso ou excedencia	0,18	1
Facer cambios para gañar máis diñeiro	1,1	0,7
Non sabe non contesta	0,65	0,7
Tarefas menos esixentes	0,41	0,61

Instituto Nacional de Estadística www.epdata.es.

Táboa 51

Como se indicou noutro apartado, un 23% das persoas participantes afirman ter un fillo/a ou persoa dependente ou con algunha discapacidade a cargo, o 24% das mulleres e o 21% dos homes.

Tes fillos/as, persoas dependentes ou persoas con algunha discapacidade a cargo?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	47	77,0%	128	74,4%	175	75,11%
Sí	13	21,3%	41	23,8%	54	23,18%
Non sabe/ non contesta	0	0,0%	1	0,6%	1	0,43%
Total	60		170		230	

Táboa 52

Un 19% das mulleres sinalan que son elas as que levan maioritariamente o peso dos coidados e atencións, fronte un 5% dos homes que afirman o mesmo.

Un 9% das persoas din que comparten as responsabilidades de coidados e atencións entre eles/as e a súa parella.

En caso afirmativo, quen leva o peso maioritariamente dos seus coidados e atencións?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A miña parella	1	1,6%	1	0,6%	2	0,86%
A miña parella e eu por igual	8	13,1%	13	7,6%	21	9,01%
Eu	3	4,9%	32	18,6%	35	15,02%
Outra muller da familia sen remuneración	3	4,9%	3	1,7%	6	2,58%
Outra persoa remunerada	0	0,0%	1	0,6%	1	0,43%
Outras persoas	0	0,0%	2	1,2%	2	0,86%
Total	15		52		67	

Táboa 53

O 51,7% das mulleres afirma que recaen sobre elas as tarefas domésticas, seguidas do 27,3% que din que se reparten entre elas e a súa parella por igual.

Quen se encarga das tarefas domésticas?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Sempre ou case sempre eu	12	19,7%	89	51,7%	101	43,35%
Sempre ou case sempre a miña parella	10	16,4%	4	2,3%	14	6,01%
Os dous por igual	24	39,3%	47	27,3%	71	30,47%
Outra persoa remunerada	4	6,6%	12	7,0%	16	6,87%
Outra persoa non remunerada	2	3,3%	1	0,6%	3	1,29%
Total	52		153		205	

Táboa 54

Un 15% das mulleres fronte a un 7% dos homes pensou que tería que deixar o seu traballo no caso de ter fillos/as. Pero as porcentaxes no suposto de ter que coidar dunha persoa ou familiar dependente son máis altas e tamén máis equilibradas en homes e mulleres, 36% e 37% respectivamente.

Pensaches que algunha vez terías que deixar o teu traballo se se deran algunha das seguintes situacións?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	30	49,2%	79	45,9%	109	46,78%
Se me casara	1	1,6%	1	0,6%	2	0,86%
Se tivera fillos/as	4	6,6%	26	15,1%	30	12,88%
Se tivera que coidar dunha persoa ou familiar dependente	22	36,1%	63	36,6%	85	36,48%
Outras razóns	5	8,2%	13	7,6%	18	7,73%
Total persoas	57		160		217	
Total	62		182		244	

Táboa 55

DEPORTE: RECURSOS, EQUIPAMENTOS, PARTICIPACIÓN, ESCOLAS DEPORTIVAS E ACTIVIDADES.

O deporte é un dereito constitucional que mellora a calidade de vida e a saúde, fomenta o traballo en equipo e o liderado, todos absolutamente relevantes no proceso de empoderamento das mulleres.

A pesar dos avances dos últimos anos perdura o desequilibrio no ámbito do deporte entre homes e mulleres, fundamentalmente no que respecta á práctica dalgúns deportes, na participación en directivas de federacións e clubs deportivos ou mesmo no eido profesional, cunha importante fenda salarial.

En Xinzo de Limia cóntanse cunhas importantes instalacións deportivas compostas por un pavillón polideportivo público ao que se suman os existentes nos centros escolares. De feito, hai instalacións deportivas en dous IES.

Hai dúas piscinas públicas, unhas interiores que dispoñen de ximnasio e sauna e outras exteriores, nas que existen canchas de basket, fútbol sala, padle e tenis.

Na piscina interior impártense cursos de natación para diversas idades e tamén se realizan competicións. As instalacións contan tamén con ximnasio e sauna.

O pavillón polideportivo acolle ao AB Xinzo, ao EDC Xinzo de fútbol sala, de ximnasia rítmica e de bádminton, o club de karate e o club deportivo Anderue, de capoeira. O polideportivo está perfectamente equipado con todas as pistas regulamentarias para a realización de estes deportes, con duchas, baños, vestiarios e cafetería.

Hai 3 campos de fútbol. No complexo de A Moreira se sitúan dous deles, un de herba artificial e outro natural. Neles desenvólense os seus adestramentos e competicións do Antela F.C en todas as categorías.

O campo de herba natural tamén alberga as pistas de atletismo, onde realiza os seus adestramentos o A.D. Limia Activa, un club de atletismo local. Hai un terceiro campo, O Touzal, que se sitúa en Piñeira Seca no que adestra e xoga o Piñeira Seca F.C.

Cómpre sinalar que todos os clubs deportivos de Xinzo de Limia teñen xestión propia e contan con financiamento municipal.

A Escola Deportiva Cipri Gomes conta con disciplinas como o karate, kickboxing e a defensa persoal.

ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

Ademáis das Escolas Deportivas hai entidades e asociacións deportivas como o Antela, F.C, Asociación Baloncesto Xinzo, Asociación deportiva LIMIACTIVA, Piñeira F.C, Xinzo Feminino Fútbol Sala, P. Tinto Fútbol Sala, Club de Amigos do Tenis, Asociación de Sendeiristas da Limia, Club de Montaña As 4 Torres, Club Andarrúe, Asociación Kickboxing Xinzo, Sendalimia, Club Karate Xinzo e o Club Fútbol Americano Antioquía-Limia.

Un 29% de mulleres participantes no cuestionario afirman non participar nas actividades deportivas ou deixar de facelo porque estas non se adapta aos seus horarios.

Dos seguintes servizos públicos, deixaches de participar ou de acudir a algún deles por que a oferta non se adapta aos teus horarios?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A oferta deportiva	5	8,2%	50	29,1%	55	23,61%
Os servizos sanitarios	8	13,1%	13	7,6%	21	9,01%
A oferta cultural	14	23,0%	60	34,9%	74	31,76%
A oferta cursos formación	14	23,0%	70	40,7%	84	36,05%
Total persoas	33		108		141	
Total	41		193		234	

Táboa 56

PARTICIPACIÓN

A participación é unha das ferramentas coas que se conta para traballar o empoderamento das mulleres e debe fixarse como un dos obxectivos das políticas públicas para incrementar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións dos diferentes ámbitos económicos, políticos e sociais para contribuír a mellora da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Como estratexia para acadar estes obxectivos, a paridade é absolutamente esencial para a participación equilibrada de ambos sexos nas posicións de poder e toma de decisións de todas as esferas de vida.

Tamén é importante a participación e presenza de mulleres nas diversas asociacións e entidades.

Xinzo de Limia conta neste momento con 105 asociacións rexistradas, non todas con actividade e só 7 son de mulleres aínda que neste momento teñen unha actividade baixa.

Como se sinalou en epígrafes anteriores, existe un importante tecido asociativo en ámbitos tan relevantes como a cultura, o deporte e a discapacidade. Pola contra, non están previstos espazos de representación e deliberación asociativa, como consellos municipais, observatorios ou foros.

Ante a pregunta no cuestionario sobre a participación en asociacións, destaca un 18,5% que declara participar en asociacións culturais e deportivas e con 13 puntos de participación maior das mulleres (15% de mulleres e 28% de homes).

Un 13% declaran participar en asociacións veciñais, un 10,5% das mulleres e un 20% dos homes, de novo unha importante fenda de participación.

O 57% das persoas que declaran militar nun partido político son mulleres. O 100% das persoas que declaran militar en asociacións feministas son mulleres.

**“EU SON LIBRE, NADA
PODE CONTER A
MARCHA DOS MEUS
PENSAMENTOS E ELES
SON A LEI QUE REXE O
MEU DESTINO”.**

Rosalía de Castro. Escritora.

Participas nalgunha asociación, sindicato ou partido político?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
En asociacións de mulleres	0	0,0%	20	11,6%	20	8,58%
En asociacións veciñais	12	19,7%	18	10,5%	30	12,88%
En asociacións culturais ou deportivas	17	27,9%	26	15,1%	43	18,45%
Milito activamente en asociacións feministas	0	0,0%	5	2,9%	5	2,15%
Milito activamente nun partido político	9	14,8%	12	7,0%	21	9,01%
Total persoas	31		63		94	
Total	38		81		119	

Táboa 57

Respecto aos obstáculos que atopan as mulleres para acceder a toma de decisións, o 61% das mulleres asóciano directamente á falta de conciliación, a mesma porcentaxe que asocian á existencia de estereotipos e roles sexistas. Os homes alegan os mesmos motivos, aínda que en porcentaxes distintas, un 57,4% e un 32,8% respectivamente.

Por que razón as mulleres atopan máis obstáculos para acceder a toma de decisións na vida política, social, cultural e económica?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Pola falta de conciliación real	20	32,8%	105	61,0%	125	53,65%
Pola existencia de estereotipos e roles sexistas	35	57,4%	105	61,0%	140	60,09%
Porque non están suficientemente formadas	2	3,3%	9	5,2%	11	4,72%
Porque as persoas que deciden eses postos son sempre ou case sempre homes	18	29,5%	88	51,2%	106	45,49%
Porque elas non queren	3	4,9%	3	1,7%	6	2,58%
Por ningunha das anteriores	8	13,1%	6	3,5%	14	6,01%
Total persoas	57		167		224	
Total	86		316		402	

Táboa 58

Preguntadas mulleres e homes sobre as actividades de formación, sensibilización ou de reivindicación da igualdade e a súa participación nas mesmas hai destacar que o 74% de mulleres e o 43% de homes participou na manifestacións ou actos do 8 de marzo, Día da Muller. Ademais, un 55% de mulleres e un 36% de homes participou en manifestacións ou actos con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Participaches nalgũa das actividades que se expoñen a continuación?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Manifestación ou actos do 8 de marzo, Día da Muller	26	42,6%	128	74,4%	154	66,09%
Manifestación ou actos do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero	22	36,1%	95	55,2%	117	50,21%
Acto de apoio á vítima da Manada	6	9,8%	36	20,9%	42	18,03%
En actos e convocatorias de asociacións feministas	4	6,6%	34	19,8%	38	16,31%
En actividades feministas organizadas por partidos políticos	6	9,8%	19	11,0%	25	10,73%
Total persoas	33	33	141	141	174	174
Total	64	64	312	312	376	376

Táboa 59

FORMACIÓN

A efectos deste informe detállase a formación máis relevante impartida nos anos 2020 e 2021. A pesar da COVID-19 e da situación sanitaria extrema, impartíronse diversos cursos, obradoiros e xornadas, cumprindo con todas as medidas sanitarias pertinentes,

No ámbito de igualdade realizáronse diversas formacións dende o CIM nos distintos centros educativos, nos centros sociais das parroquias ou na Casa da Cultura.

“MÁIS IGUAIS, MÁIS LIBRES”.

CEIP Carlos Casares.

Ademáis tamén se realizou un programa de formación de competencia clave nivel 2, obradoiros de autoestima e desenvolvemento persoal dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade e sobre técnicas da procura de emprego dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade.

En 2021 impartíronse cursos de diversidade étnica, tecnoloxías, discapacidade, muller e saúde, prevención de riscos laborais e de coidado de persoas maiores e manipulación de alimentos e hixiene sanitaria. Tamén se realizou formación universitaria para maiores de 50 anos, xornadas sociosanitarias e diversos cursos sobre temáticas relacionadas co mundo agrícola e forestal.

No eido de igualdade, a maiores das actividades formativas nos centros educativos, destaca a realización dun obradoiro formativo: “Educando dende a igualdade de xénero” tendo como persoas destinatarias a persoas do Banco do Tempo e xornadas formativas sobre recursos para mulleres en situación de vulnerabilidade e sobre violencia sobre a muller, intervención policial e protección de vítimas.

En paralelo co citado anteriormente, foron varios os anos nos que se realizou formación dentro do ámbito de emprego en carpintería, xardinería e fontanería.

No cuestionario preguntouse expresamente sobre a formación, sendo un 41% de mulleres as que manifestan que deixan de participar debido a incompatibilidade cos seus horarios.

Dos seguintes servizos públicos, deixaches de participar ou de acudir a algún deles por que a oferta non se adapta aos teus horarios?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A oferta deportiva	5	8,2%	50	29,1%	55	23,61%
Os servizos sanitarios	8	13,1%	13	7,6%	21	9,01%
A oferta cultural	14	23,0%	60	34,9%	74	31,76%
A oferta de cursos de formación	14	23,0%	70	40,7%	84	36,05%
Total persoas	33		108		141	
Total	41		193		234	

Táboa 60

Tamén se preguntou sobre as áreas de formación que resultan máis atractivas.

O 36% considera interesante a temática de autoestima e benestar (38% das mulleres e 31% dos homes), seguido do 32% que afirma o seu interese pola informática, redes sociais e marketing dixital (31% das mulleres e 34% dos homes).

Cales das seguintes áreas che resultan interesantes para formarte de acordo ca túa vida laboral, persoal ou profesional?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Habilidades sociais e para a búsqueda de emprego	9	14,8%	33	19,2%	42	18,03%
Autoestima e benestar	19	31,1%	65	37,8%	84	36,05%
Informática, redes sociais e marketing dixital	21	34,4%	54	31,4%	75	32,19%
Orientación laboral	16	26,2%	34	19,8%	50	21,46%
Artesanía	12	19,7%	17	9,9%	29	12,45%
Asistencia social ou socio-sanitaria	3	4,9%	38	22,1%	41	17,60%
Agricultura e horticultura	10	16,4%	12	7,0%	22	9,44%
Habilidades industriais	6	9,8%	14	8,1%	20	8,58%
Construción	3	4,9%	7	4,1%	10	4,29%
Animación sociocultural	7	11,5%	22	12,8%	29	12,45%
Comercio	9	14,8%	23	13,4%	32	13,73%
Total persoas	50		143		193	
Total	115		319		434	

Táboa 61

URBANISMO, SEGURIDADE E TRANSPORTE

As políticas urbanísticas, a planificación urbana, a accesibilidade, a xestión do espazo, o transporte ou a seguridade cidadá requiren da incorporación da perspectiva de xénero.

En España o primeiro manual de urbanismo con perspectiva de xénero elabórase en 2003 e empeza a dar os seus primeiros pasos unha rede de expertas europeas. Estes fitos aceleraron a aprobación de informes de impacto en plans de urbanismo, mobilidade e seguridade e sensibilizaron na necesidade de incorporar actuacións e medidas no deseño do espazo urbano.

Mellorar a iluminación de prazas, parques e rúas así como detectar os espazos públicos inseguros e facelos accesibles son accións que contribúen a crear pobos e cidades máis amables e igualitarias.

Cres que hai espazos e zonas do municipio pouco seguras, algunha rúa, parque, praza ou instalación en particular?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	24	41,4%	56	34,8%	80	36,53%
Si	28	48,3%	66	41,0%	94	42,92%
Non sabe/Non contesta	6	10,3%	39	24,2%	45	20,55%
Total	58		161		219	

Táboa 62

Unha das preguntas do cuestionario foi plantexada co fin de identificar as zonas percibidas como máis inseguras do municipio. Destacan as zonas do barrio de abaixo cun 15,7%, zonas preto do río Limia cun 13% e o os parques cun 12% (sen sumar as rúas próximas a estas zonas e que tamén se sinalan nas respostas).

Que zona consideras especialmente insegura, pouco accesible, carente de iluminación ou perigosa no municipio?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A estrada de Lamas	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
A periferia	1	4,2%	0	0,0%	1	1,20%
A rotonda Baronzás (tráfico)	1	4,2%	0	0,0%	1	1,20%
A zona da piscina	1	4,2%	1	1,7%	2	2,41%
A zona de Santa Mariña	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
A zona do Pombal	0	0,0%	2	3,4%	2	2,41%
A zona do río Limia	5	20,8%	6	10,3%	11	13,25%
A zona do Raparigos	0	0,0%	2	3,4%	2	2,41%
As beirarrúas	2	8,3%	4	6,9%	6	7,23%
As Pistas	1	4,2%	0	0,0%	1	1,20%
Av. Madrid	1	4,2%	1	1,7%	2	2,41%
Av. Ourense	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Av. Portugal	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Barrio da Telleira	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Barrio de Abaixo	3	12,5%	10	17,24%	13	15,7%
Paso da Rúa Lepanto	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Camiño do Regueiro	0	0,0%	2	3,4%	2	2,41%

Escola/Institutos	1	4,2%	2	3,4%	3	3,61%
Monte de Baronzás	1	4,2%	0	0,0%	1	1,20%
O aparcadoiro de Xinzo	1	4,2%	1	1,7%	2	2,41%
Os Polígonos	0	0,0%	3	5,2%	3	3,61%
Parques	3	12,5%	7	12,1%	10	12,05%
Praza Carlos Casares	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
As zonas rurais	3	12,5%	2	3,4%	5	6,02%
Rúa Carmen Nóvoa	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Rúa Castelao	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Rúa da Ladeira	0	0,0%	2	3,4%	2	2,41%
Rúa X. Ferro Couselo	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Rúa Curros Enríquez	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Rúa Devesa	1	4,2%	1	1,7%	2	2,41%
Rúa do Cerdeiro	0	0,0%	2	3,4%	2	2,41%
Rúa do Toural	1	4,2%	5	8,6%	6	7,23%
Rúa XC. Romero Nieto	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Rúa Ladeira	0	0,0%	2	3,4%	2	2,41%
Rúa Leman	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Rúa Marcelo Macías	1	4,2%	0	0,0%	1	1,20%
Xinzo pode mellorar	0	0,0%	7	12,1%	7	8,43%
Zona da galería Lepanto	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Zona de San Roque	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Zona do Cemiterio	0	0,0%	0	0,0%	0	0,00%
Zona Formigueiro	0	0,0%	1	1,7%	1	1,20%
Total persoas	24		58		83	
Total	27		75		102	

Táboa 63

A inclusión da perspectiva de xénero nas políticas de mobilidade e transporte son esenciais dado que teñen distinto impacto nas mulleres e nos homes e poden perpetuar a desigualdade. O Ministerio para a Transición Ecolóxica sinalou en 2018 que os patróns de mobilidade das mulleres son máis complexos porque aínda persisten diferencias sociais que asumen e que están relacionados cos coidados, por poñer un xemplo. Non ter en conta estas diferencias nos patróns de mobilidade fai que as necesidades das mulleres estean subestimadas nas avaliacións do transporte convencional baseadas nos desprazamentos ao traballo. Nun concello como o de Xinzo de Limia, con tantos núcleos de poboación e unha importante dispersión, é moi importante contar con indicadores e opinións.

O actual proxecto de Lei de Mobilidade Sostible incorpora no articulado que as administracións públicas, no eido das súas competencias, analizarán a súa política de transporte e mobilidade para detectar dificultades en función do sexo, a idade e o poder adquisitivo. Ademáis, adoitarán medidas para erradicar as disfuncións e evitar discriminacións.

Un 81% de mulleres das mulleres participantes no cuestionario contan con vehículo propio fronte ao 84% de homes, unha diferenza pouco significativa

“A IGUALDADE TAMÉN
SE APRENDE, A
COEDUCACIÓN DEVÉN
NUN ARMA PODEROSA”

*Instituto Lagoa de Antela de
Xinzo de Limia.*

Tes vehículo propio?						
	Home		Muller		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Non	10	15,6%	35	20,1%	45	18,91%
Si	54	84,4%	139	79,9%	193	81,09%
Total	64	64	174	174	238	238

Táboa 64

05

VIXENCIA DO PLAN DE IGUALDADE

O IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026 ten unha vixencia de 4 anos a contar dende o día da súa aprobación definitiva.

Vixencia do Plan de Igualdade

4 ANOS

Data de inicio do Plan de Igualdade

Día da súa aprobación



06

OBXECTIVOS DO PLAN

OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN:

- Aplicar un modelo de planificación e gobernanza municipal que sistematice a incorporación do principio de igualdade e da perspectiva de xénero en todas as políticas, niveis, etapas e persoas que interveñen no Concello.
- Implicar a todas as concellerías e departamentos municipais no desenvolvemento de políticas de igualdade.
- Detectar e combater as fendas de xénero detectadas e os obstáculos que manteñen as discriminacións por razón de sexo.
- Favorecer a participación da cidadanía na posta en marcha das políticas de igualdade.
- Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.
- Impulsar a participación e o empoderamento.
- Facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
- Contemplan as situacións de vulnerabilidade.
- Mellorar a información e a atención ás mulleres.
- Previr a violencia de xénero.
- Promocionar a empregabilidade das mulleres.

**“O FEMINISMO MELLOROU
A CALIDADE DE VIDA
DOS CIDADÁNS E DAS
CIDADÁS. DEBERÍA SER
DECLARADO PATRIMONIO
INMATERIAL DA
HUMANIDADE”.**

*Carmen Alborch.
Xurista e política.*

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN:

- Aplicar a transversalidade de xénero en toda a política municipal.
- Reforzar a difusión de recursos e servizos de igualdade.
- A paridade como unha estratexia.
- Aplicar medidas específicas de igualdade na política de contratación municipal.
- Promover o cumprimento do principio de igualdade no ámbito laboral do Concello
- A coordinación e colaboración institucional, requisito para a igualdade.
- A coordinación e colaboración institucional no marco internacional, requisito para a igualdade.
- Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.
- Promover a igualdade de xénero no eido da comunicación.
- Promover a aplicación da transversalidade de xénero ás políticas municipais.
- Garantir a accesibilidade nos materiais que desenvolven as políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.
- Erradicar os obstáculos que dificultan a promoción das mulleres no eido laboral e fomentar a súa empregabilidade.
- Desenvolver accións positivas nas políticas de emprego municipal.
- Fomentar as iniciativas de emprendemento das mulleres.
- Información e sensibilización en igualdade ás empresas.
- Impulsar o uso das TICS nas mulleres.
- Impulsar a igualdade nos programas e plans municipais de formación.
- Implicar á sociedade cunha axenda común para a conciliación.
- Fomentar a corresponsabilidade.
- Reforzar a corresponsabilidade dende as políticas públicas municipais.
- Valorizar os coidados e ás persoas coidadoras.
- Fomentar a corresponsabilidade a través da xestión dos tempos.
- Profundar no coñecemento do impacto de factores de vulnerabilidade nas mulleres.
- Reforzar o apoio económico a mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Impulsar o acceso á vivenda das mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Visibilizar a prostitución e a trata como unha forma de violencia contra as mulleres e violación dos Dereitos Humanos.
- O impacto de xénero da inmigración e a emigración.

- Reforzar a colaboración coas entidades sociais.
- Impulsar a integración do enfoque de xénero na saúde.
- Mellorar a saúde afectivo-sexual.
- Reforzar o coidado da saúde na xente moza.
- Fomentar espazos de lecer e o envellecemento activo das mulleres.
- Incorporar o principio de igualdade e as acción positivas na política deportiva do Concello.
- Incorporar o principio de igualdade nas actividades deportivas do Concello.
- Incorporar a perspectiva de xénero nas actividades deportivas do Concello.
- Fomentar a participación das mulleres e das nenas no deporte.
- A coeducación como ferramenta indispensable para a igualdade.
- A educación en igualdade das familias diversas.
- Facer visible o saber das mulleres.
- A perspectiva de xénero na política cultural.
- Reforzar a colaboración coas universidades.
- A perspectiva de xénero no deseño urbanístico do Concello.
- Impulsar o desenvolvemento da iconografía urbana con perspectiva de xénero.
- Deseñar a seguridade con perspectiva de xénero e medidas de acción positiva.
- Impulsar o desenvolvemento da mobilidade, a planificación urbana e a seguridade con perspectiva de xénero.
- Impulsar o desenvolvemento da seguridade con perspectiva de xénero.
- Impulsar o desenvolvemento do transporte con perspectiva de xénero.
- O impacto medioambiental nas mulleres.
- Reforzar a coordinación institucional e os recursos para combater a violencia de xénero.
- Ampliar a cobertura dos servizos e recursos ás vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.
- Promover accións de prevención da violencia de xénero para a poboación moza.
- Previr o acoso sexual e por razón de sexo no Concello de Xinzo de Limia.
- Ampliar os servizos de inserción laboral das vítimas de violencia de xénero.
- Recoñecemento e reparación ás vítimas da violencia de xénero.
- Promover accións formativas internas en materia de violencia de xénero.
- Promover o asociacionismo e a participación das mulleres.
- Establecer mecanismos de colaboración entre o Concello e o movemento asociativo.



07

CONTIDOS DO PLAN DE IGUALDADE

O Plan está deseñado como ferramenta que facilita o desenvolvemento das políticas municipais de igualdade a implantar durante os vindeiros 4 anos.

O deseño das medidas e actividades do IV Plan de Igualdade responde as conclusións do Informe Diagnóstico en materia de igualdade no que foron detectadas as diferentes necesidades, carencias e áreas de mellora. Así, tamén se reflexaron as prioridades da cidadanía de Xinzo de Limia en materia de igualdade.

A partir destas conclusións creáronse 9 ámbito de actuación que se detallan ao longo do documento. Así mesmo, cada ámbito recolle as medidas e actividades e incorpora instrucións para a súa implantación, seguimento e avaliación -a través de indicadores deseñados para tal fin-.

A Concellería de Igualdade é a responsable da coordinación de todas as medidas do Plan, sempre co apoio do resto de áreas municipais á hora de facilitar información para a execución, seguimento e avaliación das accións.

Cada un dos 9 ámbitos de actuación está relacionado cos obxectivos xerais e específicos do Plan e conta con medidas e actividades.

ESQUEMA DAS MEDIDAS DO PLAN:

Hai que lembrar que cada medida, organizada en ficha individual, contén o mesmo esquema:

- Obxectivo específico.
- Área municipal responsable.
- Descrición da Medida e n.º
- Actividades vinculadas e n.º
- Indicadores.
- Público destinatario.
- Horizonte temporal.
- Recursos:
 - Materiais.
 - Persoais.
 - Económicos.



ÁREA
1



ÁREA
7



ÁREA
2



ÁREA
8



ÁREA
3



ÁREA
9



ÁREA
4



ÁREA
5



ÁREA
6



As **Concellerías** implicadas no desenvolvemento do Plan:

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Comunicación
- Concellería de Promoción Económica.
- Concellería de Servizos Sociais
- Concellería de Persoal
- Concellería de Facenda
- Concellería de Medio Rural e Medio Ambiente.
- Concellería de Urbanismo e Mobilidade.
- Concellería de Educación
- Concellería de Deporte
- Concellería de Cultura

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

1.1

MEDIDA

APROBAR UN PROGRAMA DE
MEDIDAS INTERNAS PARA GARANTIR
A TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA
POLÍTICA MUNICIPAL.

OBXECTIVO

Aplicar a transversalidade
de xénero en toda a política
municipal.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES

- Nº accións promovidas.
- Nº de rexistros municipais con recollida de datos desagregados por sexo.
- Datos e informes de impacto de xénero en plans e políticas municipais.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. De xeito gradual, implantar un sistema de avaliación de impacto de xénero nos programas, estratexias e plans municipais.
2. Aprobado por parte de alcaldía unha instrución para que toda a recollida de datos así como os estudos, plans, programas, estratexias e demais documentación municipal que inclúa datos estatísticos estean desagregados por sexo.
3. Incluír nos pregos de contratación de informes, plans, programas, formación etc... O requisito de presentar todos os datos que afecten ou impliquen a persoas, desagregados por sexo.
4. Garantir que nos temarios das convocatorias de ofertas de emprego do Concello se inclúan contidos sobre igualdade entre mulleres e homes.



PÚBLICO DESTINATARIO

Persoal político e técnico do
Concello de Xinzo de Limia.
Empresas que se contraten para a
elaboración de ditos documentos,
plans ou informes.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
decembro de 2022.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.2

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

DOTAR DE FERRAMENTAS AO PERSOAL
MUNICIPAL PARA IMPLANTAR A
PERSPECTIVA DE XÉNERO EN TODA
A ACCIÓN DE GOBERNO A TRAVÉS DE
ACTUACIÓNS CONCRETAS E AVALIABLES.

OBXECTIVO

Aplicar a transversalidade
de xénero en toda a política
municipal

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade

INDICADORES



- N.º accións de difusión.
- N.º de materiais editados.
- N.º asistentes ao cursos e % de asistencia por sexo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Elaborar materiais internos dirixidos ao persoal político e técnico do Concello sobre a perspectiva de xénero nas políticas públicas municipais e revisar e actualizar estes materiais alo menos con carácter anual.
2. Diseñar e impartir un curso formativo dirixido ao persoal do Concello sobre a perspectiva de xénero nas políticas públicas.



PÚBLICO DESTINATARIO

Persoal político e técnico do
Concello de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
marzo 2023.



RECURSOS

Materiais: Recursos informáticos.
Persoais: Persoa formadora, en
caso de que sexa interna.
Económicos:
Custo do material editado.
Custo derivados da contratación
de persoa ou empresa formadora.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.3

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

PRESENTAR E DIFUNDIR O IV PLAN
MUNICIPAL DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E
HOMES DE XINZO DE LIMIA.

OBXECTIVO

Reforzar a difusión de recursos
e servizos de igualdade.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Comunicación

INDICADORES



- N.º de accións de difusión interna e externa do Plan.
- N.º de entidades participantes.
- N.º de soportes empregados na comunicación externa do Plan.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Facer un acto público para a presentación á cidadanía do Plan.
2. Difundir o Plan nos medios de comunicación e a través das redes sociais municipais.
3. Manter almorzo informativo ou briefing cos medios de comunicación para explicar o Plan.
4. Difundir internamente o Plan en todas as áreas do Concello.
5. Enviar o Plan a todas as empresas subcontratadas ou prestadoras de servizos ao Concello de Xinzo de Limia.
6. Enviar o Plan a todas as entidades sociais, veciñais, culturais, económicas, agrarias, deportivas e políticas do Concello así como ao centro de saúde, centros educativos e oficinas públicas e espazos nos que se prestan servizos, tanto autonómicos como estatais.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.
Persoal municipal.
Medios de comunicación.
Administracións públicas con
oficinas na localidade.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar o desenvolvemento da
medida en decembro de 2022.



RECURSOS

Materiais: Canles de
comunicación
internas.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Gastos de envío.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.4

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

DIFUNDIR OS PROGRAMAS, SERVIZOS
E RECURSOS MUNICIPAIS SOBRE
INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E
ASISTENCIA A MULLERES.

OBXECTIVO

Reforzar a difusión de recursos
e servizos de igualdade.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Comunicación

INDICADORES



- N.º de accións de difusión.
- N.º de materiais publicados.
- N.º de servizos, recursos e programas divulgados.
- Canles de difusión externa empregadas

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Difundir a Guía de Dereitos, Recursos e Programas para as Mulleres así como os folletos e material informativo de igualdade editado polo Concello en espazos públicos aos que teñan acceso as mulleres.
2. Incluír na páxina web municipal unha pestana sobre as políticas de igualdade e novas relacionadas que se consideren de especial interese.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en decembro de 202.2



RECURSOS

Materiais: A Guía para difundir.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.5

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

GARANTIR A PRESENCIA DE MULLERES
EN TODOS OS ÓRGANOS, XURADOS,
COMISIÓNS OU COMITÉS CONSTITUÍDOS
NO ÁMBITO MUNICIPAL MEDIANTE
ACCIÓNS ESPECÍFICAS

OBXECTIVO

A paridade como unha
estratexia.

Área responsable

Alcaldía

INDICADORES

% de mulleres e homes participantes en actos públicos, comisións, xurados etc...
Evolución de presenza anual e % por sexo.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Elaborar un protocolo interno de eventos municipais con normas que contribúan á visibilización e á presenza equilibrada de mulleres e homes nos actos públicos que organice o Concello así como en órganos consultivos e de participación.



PÚBLICO DESTINATARIO

Todas as concellerías.
A cidadanía e entidades.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
decembro de 2022.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.6

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

AVANZAR NA INCORPORACIÓN DE
CRITERIOS DE XÉNERO, CLÁUSULAS E
INDICADORES DE IGUALDADE ENTRE
MULLERES E HOMES NOS PREGOS E
MESAS DE CONTRATACIÓN PÚBLICA.

OBXECTIVO

Aplicar medidas específicas
de igualdade na política de
contratación municipal.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Persoal.
Concellería de Facenda

INDICADORES



- N.º de pregos que inclúen a transversalidade de xénero.
- % sobre o total de pregos e contratos firmados asinados entre 2023-2026.
- N.º empresas subcontratadas que contan con Plans de Igualdade

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Enviar unha comunicación interna a todas as concellerías e persoal adscrito a cada unha delas coas instrucións de incorporación de cláusulas de igualdade entre mulleres e homes nos pregos de contratación municipal como compromiso de contratación de mulleres, compromiso de beneficiarias ou usuarias, existencia de Plan de Igualdade, políticas de Responsabilidade Social en materia de igualdade, medidas de conciliación ou linguaxe non sexista, entre outras.
2. Definir os indicadores e elementos de valoración que permitan ao Concello, con condicións de igualdade obxectiva, dar prioridade na contratación ás empresas que contan con plans de igualdade, plans de conciliación, Distintivos de Igualdade e calquera outra medida de impulso do principio de igualdade.
3. Difundir na web do Concello, nas redes sociais municipais e nos medios de comunicación as novas condicións e criterios de valoración na contratación pública.



PÚBLICO DESTINATARIO

Empresas contratadas polo
Concello de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente. Iniciar os
trámites para por en marcha en
marzo de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.7

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

APROBAR UN PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NO CONCELLO, NOS TERMOS RECOLLIDOS NA LEI ORGÁNICA 3/2007, DE 22 DE MARZO, PARA A IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES, NO RD 901/2020, DE 13 DE OUTUBRO, POLO QUE SE REGULAN OS PLANS DE IGUALDADE E O SEU REXISTRO E NO RD 902/2020 DE 13 DE OUTUBRO DE IGUALDADE RETRIBUTIVA ENTRE MULLERES E HOMES.

OBXECTIVO

Promover o cumprimento do principio de igualdade no ámbito laboral do Concello.

Área responsable

Alcaldía
Concellería de Igualdade

INDICADORES

Data de constitución e membros da Comisión Negociadora do Plan de Igualdade.
O Plan aprobado co informe diagnóstico e as medidas incluídas.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Compromiso do Goberno municipal e traslado á Representación Legal das persoas traballadoras para constituír a Comisión Negociadora do Plan de Igualdade.



PÚBLICO DESTINATARIO

As persoas traballadoras do Concello de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar os trámites en xuño de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal da Comisión Negociadora do Plan de Igualdade.
Económicos: En caso de que se contrate a unha empresa externa, custos derivados desta contratación.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.8

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

PROMOVER ACTUACIÓNS E PROGRAMAS
CONXUNTOS E COORDINADOS EN
MATERIA DE IGUALDADE CON OUTRAS
ADMINISTRACIÓNS, TANTO LOCAIS COMO
AUTONÓMICAS E ESTATAIS.

OBXECTIVO

A coordinación e colaboración
institucional, requisito para a
igualdade.

Área responsable

Alcaldía
Concellería de Igualdade

INDICADORES



- N.º de accións, programas e medidas realizadas.
- Nº administracións coas que se realizan actuacións en materia de igualdade.
- Nº de convenios.

ACTIVIDADES VINCULADAS

- Desenvolver con outros concellos da comarca da Limia accións que estimulen o intercambio, a aprendizaxe e a posta en común de boas prácticas e experiencias en materia de igualdade.
- Seguir desenvolvendo o *Programa Hypatia de Promoción da Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero*, conxuntamente con concellos da comarca da Limia e financiación da Xunta de Galicia.
- Explorar a participación noutros programas de igualdade estatais e autonómicas.



PÚBLICO DESTINATARIO

Persoal político e técnico do
Concello de Xinzo.
Outras administracións.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en maio de 2023 e vixente
durante toda a duración do Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: En caso de que se
contrate a unha
empresa externa,
custos derivados
desta contratación.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.9

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

PROMOVER PROGRAMAS, ACCIÓNS
E ACTIVIDADES CONXUNTAS EN
MATERIA DE IGUALDADE NO MARCO
DAS POLÍTICAS TRANSNACIONAIS
CON POBOACIÓNS DOUTROS PAÍSES,
NOMEADAMENTE CON POBOACIÓNS
PORTUGUESAS COMO MONTEALEGRE
OU PONTE DA LIMA.

OBXECTIVO

A coordinación e colaboración
institucional no marco
internacional, requisito para a
igualdade.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES

- N.º de programas, accións e actividades realizadas.
Nº participantes e % por sexo.
Actividades, accións ou programas presentadas ás institucións ou entidades
europeas de igualdade.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Presentar con entidades locais portuguesas un proxecto conxunto a algunha das convoca-
torias europeas de proxectos transnacionais en materia de igualdade.
2. Participar conxuntamente na Rede de Políticas Europeas de Igualdade entre mulleres e
homes.
3. Presentar unha proposta conxunta con entidades locais portuguesas ou doutras nacionali-
dades, sobre algunha experiencia común en materia de igualdade.



PÚBLICO DESTINATARIO

Persoal político e técnico do
Concello de Xinzo de Limia.
A Rede de Políticas Europeas de
Igualdade
Persoal doutras administracións.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en setembro de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

1.10

MEDIDA

REALIZAR CAMPAÑAS, ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN E CELEBRAR ACTOS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL EN MATERIA DE IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ESPECIALMENTE NA CONMEMORACIÓN DE DATAS COMO O 8 DE MARZO E O 25 DE NOVEMBRO.

OBXECTIVO

Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.

Área responsable

Concellería de Igualdade.

INDICADORES

Nº datas conmemoradas.

N.º de campañas realizadas.

N.º de persoas participantes.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Conmemorar o 8 de marzo, Día da Muller e o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, con actividades e actos institucionais
2. Diseñar campañas participativas para a cidadanía en torno a estas datas.
3. Implicar a todas as concellerías na programación de actividades co obxectivo de transversalizar as políticas municipais en materia de igualdade e contra a violencia de xénero.
4. Facer visible a presenza de mulleres que interveñen en proxectos municipais.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en decembro 2022 e vixente durante a duración do Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.

Persoais: Persoal municipal.

Económicos: En caso de que se contrate a unha empresa externa, custos derivados desta contratación.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

1.11

MEDIDA

INSTITUCIONALIZAR A COMUNICACIÓN
NON SEXISTA A TRAVÉS DUNHA
LINGUAXE INCLUSIVA EN TODOS OS
DOCUMENTOS, CAMPAÑAS, NOTAS DE
PRENSA E MATERIAIS EDITADOS POLO
CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.

OBXECTIVO

Promover a igualdade
de xénero no eido da
comunicación.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Comunicación.

INDICADORES



- N.º de guías distribuídas.
- Datos cualitativos sobre o uso da Guía.
- Datos da revisión dos soportes e principais conclusións.
- Datos da revisión da documentación administrativa e principais conclusións

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Revisar e modificar as normas e a documentación administrativa do Concello para asegurar o uso dunha linguaxe non sexista.
2. Elaborar una Guía de Comunicación en Igualdade que promoverá unha comunicación interna e externa non sexista con indicacións sobre o tratamento de noticias en relación coa imaxe das mulleres, o tratamento da violencia de xénero, as agresións sexuais etc...
3. Revisar os soportes de comunicación municipal (imaxe e linguaxe), nomeadamente a páxina web, e en función do resultado desenvolver as accións que permitan avanzar nunha comunicación igualitaria.



PÚBLICO DESTINATARIO

Todo o persoal do Concello.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar os traballos en decembro
de 2022 e vixente durante a
duración do Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal e
persoal do gabinete
de comunicación
que elabore a Guía.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.12

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO DE PLANIFICACIÓN E GOBERNANZA EN IGUALDADE

A COMUNICACIÓN MUNICIPAL, NOMEADAMENTE AS REDES SOCIAIS, CONTRIBUIRÁN, CON MEDIDAS CONCRETAS, AO DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS DO PLAN, FUNDAMENTALMENTE NO QUE ATINXE Á SENSIBILIZACIÓN DO CONXUNTO DA CIDADANÍA.

OBXECTIVO

Promover a igualdade de xénero no eido da comunicación.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Comunicación.

INDICADORES

N.º de correccións realizadas nas redes sociais municipais
Avaliación de impacto de xénero anual e conclusións.
A axenda das mulleres, nº actividades e soportes.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Eliminar, con carácter xeral, todas as mensaxes ofensivas, machistas e sexistas que se vinculen á paxina web e ás redes sociais municipais.
2. Realizar unha avaliación de impacto de xénero anual a través da elaboración dun informe sobre as campañas desenvolvidas polo Concello.
3. Elaborar unha *axenda das mulleres* que, con carácter mensual, difunda as actividades que en materia de igualdade se leven a cabo en Xinzo de Limia, tanto as organizadas polas administracións como por as asociacións e movementos sociais.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar os traballos en xaneiro de 2023 e durante a vixencia do Plan.



RECURSOS

Materiais: Canles de comunicación municipal.

Persoais: Persoal municipal e persoal do gabinete de comunicación.

Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

1.13

MEDIDA

REFORZAR A INSTITUCIONALIDADE DAS
POLÍTICAS PÚBLICAS DE IGUALDADE.

OBXECTIVO

Aplicar a transversalidade
de xénero en toda a política
municipal.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Comunicación.

INDICADORES



Acta de constitución da Mesa Interdepartamental e % por sexo das persoas que a
compoñen.
Regulamento aprobado.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Constituír unha Mesa Interdepartamental de Coordinación dende a Alcaldía, a Concellería de Igualdade e o CIM que será a responsable de coordinar a implantación das medidas deste Plan e de facer o seu seguimento, entre outras funcións.
2. Aprobar un regulamento de funcionamento interno da Mesa Interdepartamental de Coordinación.



PÚBLICO DESTINATARIO

Persoal político e técnico.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente. Iniciar os
traballos en xaneiro de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.14

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

AVANZAR NA INCORPORACIÓN
DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA
CONCESIÓN DE TODAS AS SUBVENCÍONS
MUNICIPAIS.

OBXECTIVO

Promover a aplicación da
transversalidade de xénero ás
políticas municipais.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES

N.º de subvencións concedidas.
Nº de indicadores ou outros mecanismos incorporados



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Establecer os mecanismos para incorporar indicadores que garantan a inclusión da perspectiva de xénero na concesión e reparto de axudas e subvencións públicas a entidades e asociacións, fundamentalmente locais, co obxectivo de promover a igualdade de mulleres e homes.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar os traballos en xaneiro
de 2023 e durante a vixencia do
Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

01

1.15

MEDIDA

O CONCELLO, EXEMPLO
DE PLANIFICACIÓN
E GOBERNANZA EN IGUALDADE

INCORPORAR O PRINCIPIO DE
ACCESIBILIDADE A TODOS OS MATERIAIS
QUE SE EDITEN VENCELLADOS A ESTE
PLAN.

OBXECTIVO

Garantir a accesibilidade nos
materiais que desenvolven as
políticas de igualdade e contra
a violencia de xénero.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES

N.º de materias en formato accesible: lectura fácil.
Inserción na web.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Editar este Plan de Igualdade a formato e lectura fácil e accesible.
2. Elaborar os materiais didácticos e guías vencelladas a medidas deste Plan de Igualdade en lectura fácil e accesible e incluílas na web do Concello de Xinzo de Limia.
3. Conveniar con entidades da discapacidade a adaptación destes materiais.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar os traballos en decembro
de 2022 e durante toda a vixencia
do Plan.



RECURSOS

Materiais: Web do Concello de
Persoais: Xinzo de Limia.
Económicos: Non aplica.
Custo da adaptación
dos materiais.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

02

2.1

MEDIDA

EMPODERAMENTO SOCIAL,
ECONÓMICO E POLÍTICO DAS
MULLERES COMO MOTOR DA
IGUALDADE

INCORPORAR A PERSPECTIVA DE
XÉNERO E CRITERIOS DE IGUALDADE
NA POLÍTICA DE EMPREGO E DE
CONTRATACIÓN MUNICIPAL.

OBXECTIVO

Erradicar os obstáculos que
dificultan a promoción das
mulleres no eido laboral e
fomentar a súa empregabilidade

Área responsable

Concellaría de Igualdade.
Concellaría de Promoción
Económica.
Concellaría de Persoal.

INDICADORES



- N.º de procesos de negociación e posta en marcha de plans e programas de emprego nos que participa a Concellaría de Igualdade.
- N.º de procesos de selección do persoal municipal nos que participa a Concellaría de Igualdade.
- N.º de accións de difusión.
- Datos do informe anual.
- N.º de recomendacións e propostas realizadas no catálogo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Participar dende a Concellaría de Igualdade, ben a través da persoa titular ou ben a través da persoa en quen delegue, nos procesos de negociación, elaboración, deseño e posta en marcha de plans e programas municipais para o emprego.
2. Participar dende a Concellaría de Igualdade, ben a través da persoa titular ou ben a través da persoa en quen delegue, nos procesos de selección de persoal municipal.
3. Elaborar dende o CIM un informe anual desagregado por sexo sobre as taxas de actividade, ocupación, prestacións etc., que incorporará unha análise cuantitativa e cualitativa das fendas socioeconómicas detectadas por razón de xénero
4. Elaborar dende o CIM un catálogo de recomendacións e propostas que orienten a política de emprego municipal na procura da inserción laboral das mulleres



PÚBLICO DESTINATARIO

Cidadanía, persoas que
participaran en procesos de
selección municipal.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar trámites a partir de xaneiro
de 2023 e vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

02

EMPODERAMENTO SOCIAL,
ECONÓMICO E POLÍTICO DAS
MULLERES COMO MOTOR DA
IGUALDADE

2.2

MEDIDA

POÑER EN MARCHA ACCIÓNS POSITIVAS
NO EIDO DAS POLÍTICAS PUBLICAS E
PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO E
INSERCIÓN LABORAL.

OBXECTIVO

Desenvolver accións positivas
nas políticas de emprego
municipal.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Promoción
Económica.

INDICADORES



- N.º de accións positivas.
- N.º e % por sexo de participantes nos programas municipais de emprego.
- N.º itinerarios de orientación laboral realizados.
- Revisións da linguaxe.

ACTIVIDADES VINCULADAS

- Desenvolver itinerarios de orientación laboral individualizados e específicos para mulleres en búsqueda activa de emprego, especialmente para as que se atopan en situación de vulnerabilidade.
- Orientar especificamente dende o CIM a mulleres sobre a homologación de estudos e certificados de profesionalidade e certificados oficiais.
- Incorporar nos programas e plan municipais de emprego unha linguaxe non sexista na denominación de postos e profesións.



PÚBLICO DESTINATARIO

As mulleres demandantes de
emprego.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en xaneiro 2023 e vixente
todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

02

EMPODERAMENTO SOCIAL,
ECONÓMICO E POLÍTICO DAS
MULLERES COMO MOTOR DA
IGUALDADE

2.3

MEDIDA

FOMENTAR O AUTOEMPREGO, O
EMPREENDEMENTO E O EMPRESARIADO
DAS MULLERES DE XINZO DE LIMIA
APOIANDO, FORMANDO, INFORMANDO E
DESEÑANDO FERRAMENTAS DE XESTIÓN
EMPRESARIAL CON PERSPECTIVA DE
XÉNERO ESPECIALMENTE DIRIXIDAS AOS
SECTORES CON MÁIS DEMANDA.

OBXECTIVO

Fomentar as iniciativas de
emprendemento das mulleres.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Promoción
Económica.

INDICADORES

N.º de accións formativas ofertadas e % de asistentes por sexo a cada curso.
N.º de difusión realizadas.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Ofertar formación online e presenciais sobre emprendemento, autoemprego, modelos produtivos innovadores e cooperativismo.
2. Ofertar formación dirixida especificamente a mulleres nos eidos vencellados á economía e á empresas como informática, marketing dixital e liderazgo feminino.
3. Ofrecer formación dirixida especificamente a mulleres en materia agrícola e gandeira, asistencia social e sociosanitaria e outras que durante a vixencia deste Plan se vaian demandando.
4. Difundir boas prácticas de negocio e historias de éxito de mulleres emprendedoras, cooperativistas, autónomas e empresarias de Xinzo de Limia.



PÚBLICO DESTINATARIO

Mulleres traballadoras,
empresarias, autónomas,
emprendedoras ou en situación de
desemprego.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en setembro de 2023 e
vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos e equipos
Persoais: para a formación.
Económicos: Canles de difusión
de boas prácticas e
historias.
Persoal contratado
para a formación.
En caso de que
se contrate a
unha empresa de
formación, custos
derivados desta
contratación.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

02

EMPODERAMENTO SOCIAL,
ECONÓMICO E POLÍTICO DAS
MULLERES COMO MOTOR DA
IGUALDADE

2.4

MEDIDA

IMPULSAR UNHA POLÍTICA DE
PROMOCIÓN DA IGUALDADE NA EMPRESA
CONXUNTAMENTE COAS ASOCIACIÓNS
DE EMPRESARIOS, EMPRESARIAS E
COMERCIANTES DE XINZO DE LIMIA A
TRAVÉS DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN E
SENSIBILIZACIÓN CON FERRAMENTAS
ESPECÍFICAS.

OBXECTIVO

Información e sensibilización
en igualdade ás empresas.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Promoción
Económica.

INDICADORES



- N.º material editado.
- N.º de acciones informativas.
- N.º entidades e asociacións
- Nº empresas formadas.
- N.º asistentes ás formacións e % por sexos.
- Nº canles de información

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Elaborar unha Guía destinada ás empresas locais para a incorporación da perspectiva de xénero, que inclúa medidas de igualdade, material informativo sobre a lexislación en materia de igualdade na empresa e un directorio de empresas locais comprometidas coa igualdade, que será actualizado semestralmente.
2. Realizar unha xornada, conxuntamente coas asociacións de carácter empresarial ou socioeconómico de Xinzo de Limia, dirixida ás empresas locais co obxectivo de implantar plans de igualdade, protocolos de prevención do acoso sexual e por razón de sexo e outras medidas recollidas na lexislación.
3. Difundir información dirixida ás organizacións económicas, empresariais e de comercio que hai en Xinzo de Limia, con toda a información relativa ás bonificacións e beneficios para a contratación de mulleres.



PÚBLICO DESTINATARIO

Asociacións, empresas
e persoas autónomas de
Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar o programa en
marzo de 2023 e con
vixencia durante todo o
Plan.



RECURSOS

- Materiais:** Espazos e equipos para a xornada. Canles de difusión da información.
- Persoais:** Persoal municipal e, a maiores, se é o caso, persoal contratado.
- En caso de que se contrate
- Económicos:** a unha empresa, custos derivados desta contratación.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

02

EMPODERAMENTO SOCIAL,
ECONÓMICO E POLÍTICO DAS
MULLERES COMO MOTOR DA
IGUALDADE

2.5

MEDIDA

IMPLANTAR MEDIDAS QUE FAVOREZAN
O USO DAS TICS COMO CANLE PARA O
EMPODERAMENTO PROFESIONAL E A
INSERCIÓN LABORAL DAS MULLERES.

OBXECTIVO

Impulsar o uso das TICS nas
mulleres.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Promoción
Económica.

INDICADORES



- N.º de mulleres asistentes ás formacións e obradoiros.
- N.º participantes por parroquia e idade.
- N.º de accións formativas avanzadas ofertadas e n.º participantes e idade.
- Evolución das mulleres que empregan ordenador, tableta, internet e acceden a redes sociais.

ACTIVIDADES VINCULADAS

- Incrementar a participación de mulleres excluídas da alfabetización dixital a través de cursos e obradoiros sobre tecnoloxías que se ofertarán nas parroquias.
- Deseñar accións formativas e de asesoramento avanzado en TICS a mulleres emprendedoras para facilitarlle a posta en marcha do seu proxecto empresarial, a análise de viabilidade e o acompañamento durante o proceso de creación da empresa, en liña coa actividade 2 da Medida 2.3 deste Plan.



PÚBLICO DESTINATARIO

Mulleres de Xinzo de Limia



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar o programa en maio de 2023 e vixente todo o Plan.



RECURSOS

- Materiais:** Espazos e equipos para a formación, incluídos locais sociais das parroquias.
- Persoais:** Non aplica.
- Económicos:** Custos derivados da contratación de persoal especializado en TIC,s.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

02

EMPODERAMENTO SOCIAL,
ECONÓMICO E POLÍTICO DAS
MULLERES COMO MOTOR DA
IGUALDADE

2.6

MEDIDA

INCORPORAR A PERSPECTIVA DE
XÉNERO E CRITERIOS DE IGUALDADE
NA POLÍTICA DE FORMACIÓN PARA
EMPREGO.

OBXECTIVO

Impulsar a igualdade nos
programas e plans municipais
de formación.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Promoción
Económica.
Concellería de Medio Rural

INDICADORES



% mulleres nos programas formativos.
Nº de temarios que inclúan lexislación
en materia de igualdade.
Nº módulos de igualdade.

Nº procesos de negociación,
elaboración, deseño e posta en
marcha de plans e programas
municipais para a formación nos que
participe a Concellería de Igualdade.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Priorizar o acceso das mulleres no acceso aos programas formativos, particularmente aqueles relacionados con actividades profesionais masculinizadas.
2. Incluír nos temarios de oposicións e probas de acceso ao emprego público municipal a lexislación en materia de igualdade.
3. Desenvolver módulos de igualdade en cursos de formación ocupacional.
4. Participar dende a Concellería de Igualdade, ben a través da persoa titular ou ben a través da persoa en quen delegue, nos procesos de negociación, elaboración, deseño e posta en marcha de plans e programas municipais para a formación.
5. Seguir traballando na adaptación da formación para o emprego aos certificados de profesionalidade, pola vía formativa e pola vía da experiencia.
6. Incorporar nos programas e plans municipais de formación unha linguaxe non sexista na denominación de postos e profesións



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía, particularmente
as mulleres que acceden a
programas de formación.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
xaneiro de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

03

3.1

MEDIDA

CONCILIACIÓN DA VIDA
FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL,
UN ASUNTO PÚBLICO

POÑER EN MARCHA O PACTO
LOCAL POLA CONCILIACIÓN E A
CORRESPONSABILIDADE XUNTO AO
TECIDO SOCIAL, CULTURAL, POLÍTICO E
ECONÓMICO.

OBXECTIVO

Implicar a sociedade cunha
axenda común para a
conciliación.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES



- Nº de entidades, institucións e asociacións.
- Nº de reunións.
- Nº medidas incluídas no Pacto.
- Nº accións de difusión do Pacto

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Redactar, debater e aprobar o Pacto Local, que será asinado nun acto público.
2. Difundir o Pacto Local nas redes sociais municipais, na web e dalo a coñecer a través dos medios de comunicación



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en marzo de 2024 e
vixente todo o Plan



RECURSOS

- Materiais:** Canles de
comunicación e
espazos públicos.
- Persoais:** Persoal municipal
e do gabinete de
comunicación.
- Económicos:** Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

03

CONCILIACIÓN DA VIDA
FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL,
UN ASUNTO PÚBLICO

3.2

MEDIDA

FOMENTAR UN CAMBIO DE VALORES EN
MULLERES E HOMES MEDIANTE ACCIÓNS
ESPECÍFICAS DE SENSIBILIZACIÓN.

OBXECTIVO

Fomentar a
corresponsabilidade.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



Materiais da campaña. N° participantes e % por sexo.
N° de obradoiros por parroquias. N° actividades coas ANPAS e centros educativos
N° de asociacións participantes.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Diseñar unha campaña dirixida á cidadanía para reforzar a corresponsabilidade e valorizar os coidados.
2. Impulsar accións informativas e de sensibilización para que os homes traballadores fagan uso dos permisos para atender responsabilidades familiares.
3. Impartir obradoiros en todas as parroquias sobre a corresponsabilidade e o reparto de tarefas dirixidos a toda a poboación e contando coas asociacións veciñais.
4. Diseñar, conxuntamente coas ANPAS, unha programación de actividades sobre a conciliación da vida laboral, persoal e familiar nos centros educativos.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en xaneiro de 2023
e vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos.
Canles de comunicación municipal.

Persoais: Non aplica.

Económicos: En caso de externalización dos obradoiros, custos derivados da contratación.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

03

3.3

MEDIDA

CONCILIACIÓN DA VIDA
FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL,
UN ASUNTO PÚBLICO

POÑER EN MARCHA NOVOS SERVIZOS
E RECURSOS DESTINADOS Á
CONCILIACIÓN DE HOMES E MULLERES

OBXECTIVO

Reforzar a corresponsabilidade
dende as políticas públicas
municipais.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Educación.

INDICADORES



- Nº de canles de difusión do mapa de recursos.
- Nº accións de difusión realizadas.
- Participantes na rede dos coidados nas parroquias.
- Nº accións de apoio ás entidades

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Elaborar un mapa municipal de recursos para a conciliación en todo o Concello, actualizalo semestralmente e difundilo entre a cidadanía.
2. A través do programa do Banco do Tempo, potenciar redes de coidados nas parroquias que fomenten a autoxestión dos coidados, especialmente para persoas soas e familias monomarentais.
3. Apoiar ás entidades de iniciativa social da comarca que desenvolven actividades que fomentan a conciliación, a corresponsabilidade e os programas de axuda mutua interxeracional.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
marzo de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Recursos
transferidos ás
entidades.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

03

CONCILIACIÓN DA VIDA
FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL,
UN ASUNTO PÚBLICO

3.4

MEDIDA

POÑER EN MARCHA NOVOS SERVIZOS
E RECURSOS DESTINADOS Á
CONCILIACIÓN QUE FACILITEN O ACCESO
AO LECER, A CULTURA OU O DEPORTE.

OBXECTIVO

Reforzar a corresponsabilidade
dende as políticas públicas
municipais.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Educación.

INDICADORES



N.º de servizos de apoio ofertados.
N.º de nenos/as asistentes aos Campamentos e Campus e nº de persoas
coidadoras e familias beneficiadas.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Ofertar servizos de apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral nas actividades culturais, de lecer e deportivas que organice o Concello, mediante a posta en marcha do Programa Canguraxe.
2. Impulsar a inclusión na programación, tanto das festas da localidade de Xinzo de Limia como das parroquias, espazos e iniciativas para a conciliación.
3. Incrementar a cobertura dos Campamentos de Verán e Nadal a partir dos 3 anos.
4. Poñer en marcha un Campus de Verán para persoas con discapacidade, especialmente menores con discapacidade, co fin de proporcionar espazos de lecer saudables e ofrecerlle unha alternativa a eles, elas e as súa familias e persoas coidadoras principais durante as vacacións.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
marzo de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custos derivados da
posta en marcha dos
novos servizos.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

03

3.5

MEDIDA

CONCILIACIÓN DA VIDA
FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL,
UN ASUNTO PÚBLICO

POÑER EN VALOR E FACER VISIBLES
OS TRABALLOS RELACIONADOS COS
COIDADOS E DESENVOLVER ACCIÓNS
NESTE MARCO, TANTO COIDADOS
REMUNERADOS COMO COIDADOS NON
REMUNERADOS.

OBXECTIVO

Valorizar os coidados e ás
persoas coidadoras.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



- N.º de accións de visibilización e posta en valor.
- N.º de melloras nos horarios dos servizos municipais.
- N.º obradoiros nos que se trate a situación das mulleres nos traballos de coidados.
- N.º de persoas asistentes e % por sexo.
- N.º de actividades realizadas.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Incluír nos obradoiros sobre corresponsabilidade unha sección específica que trate a aportación e a situación das mulleres nos traballos relacionados cos coidados.
2. Poñer en marcha o Programa Coidar a quen Coida centrado na posta en marcha de actividades de respiro familiar para persoas coidadoras, remuneradas e non remuneradas, de persoas dependentes ou con discapacidade.
3. Publicar dende o Concello os datos desagregados por sexo relativos ás persoas coidadoras que contribúan á pedagogía social.



PÚBLICO DESTINATARIO

Toda a cidadanía,
fundamentalmente as persoas
coidadoras.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en maio de 2023 e vixente
durante todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custos derivados
da posta en marcha
dos recursos do
programa.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

03

3.6

MEDIDA

CONCILIACIÓN DA VIDA
FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL,
UN ASUNTO PÚBLICO

ELABORAR UN ESTUDO SOBRE OS HORARIOS
E USOS DO TEMPO EN XINZO DE LIMIA PARA,
SI FORA O CASO, PROCEDER A MODIFICAR
AQUELES HORARIOS DE SERVIZOS PÚBLICOS
QUE DIFICULTAN A CONCILIACIÓN DA VIDA
LABORAL, PERSOAL E FAMILIAR.

OBXECTIVO

Fomentar a
corresponsabilidade a través
da xestión dos tempos.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES



- N.º de resultados e indicadores da enquisa.
- N.º servizos públicos e horario analizado.
- N.º de revisións e reorganizacións horarias.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Elaborar unha Enquisa Municipal de Usos do Tempo por ámbito dos coidados do fogar, coidado da familia, traballo, lecer, deporte, asociacionismo e activismo etc....en Xinzo de Limia.
2. En función dos datos da enquisa, elaborar unha proposta de reorganización e reforzo dos horarios de atención e cobertura de servizos e recursos municipais para mellorar a conciliación de homes e mulleres.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en xaneiro de 2024.



RECURSOS

Materiais: Non aplica
Persoais: Non aplica.
Económicos: Custos derivados da elaboración da enquisa e das propostas.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

04

POLÍTICAS PÚBLICAS DE
INCLUSIÓN CON PERSPECTIVA
DE XÉNERO

4.1

MEDIDA

ANALIZAR OS FACTORES DE
VULNERABILIDADE CON MAIOR IMPACTO
NAS MULLERES DE XINZO DE LIMIA
PARA DESEÑAR MEDIDAS DESTINADAS
A ERRADICAR A DISCRIMINACIÓN,
MÚLTIPLE OU INTERSECCIONAL

OBXECTIVO

Profundizar no coñecemento
do impacto de factores de
vulnerabilidade nas mulleres.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



- N.º indicadores.
- N.º de persoas participantes e % desagregado por sexo.
- Nº factores detectados .
- N.º medidas correctoras.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Analizar os factores de vulnerabilidade das mulleres de Xinzo nun seminario no que participen as organizacións e entidades da comarca, que será organizado polo CIM e os servizos sociais municipais. A esta actividade de análise o Concello de Xinzo de Limia invitará a persoas expertas e a persoal experto de concellos da comarca, do CDR O Viso, Asociación Auria, Cáritas, Limisi, Cruz Vermella, Asociación contra o Cancro, ALGARIA, LIMISI, Escola Rural de Saúde da Limia e Asociación Alzheimer AFAOR.



PÚBLICO DESTINATARIO

Mulleres en situación
de vulnerabilidade e/ou
que viven situacións de
discriminación múltiple ou
interseccional.



HORIZONTE TEMPORAL

Xullo de 2023.



RECURSOS

- Materiais:** Espazos públicos e canles de comunicación.
- Persoais:** Persoal municipal.
- Económicos:** Custo de transporte e honorarios de persoas expertas. Outros soportes para seminario: cartelería, imaxe, etc.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

04

POLÍTICAS PÚBLICAS DE
INCLUSIÓN CON PERSPECTIVA
DE XÉNERO

4.2

MEDIDA

APROBAR MEDIDAS DE ACCIÓN POSITIVA
QUE IMPULSEN O ACCESO DE MULLERES
EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ÁS
PRESTACIÓNS SOCIAIS BÁSICAS.

OBXECTIVO

Reforzar o apoio económico
a mulleres en situación de
vulnerabilidade.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



- N.º prestacións sociais municipais.
- N.º criterios incorporados.
- N.º indicadores para medir a situación de vulnerabilidade.

ACTIVIDADES VINCULADAS

- Incluír nos baremos criterios para facilitar o acceso ás prestacións sociais municipais a mulleres en especial situación de vulnerabilidade, entendendo por isto a:
 - Mulleres maiores, que viven soas.
 - Mulleres á cabeza de familias monomarentais con rendas por debaixo do IPREM.
 - Mulleres en situación de desemprego.
 - Mulleres con discapacidade.
 - Mulleres prostituídas e vítimas de trata.
 - Mulleres vítimas de violencia de xénero.
 - Mulleres migrantes en situación non regularizada ou desempregadas.
 - Mulleres con vivenda precaria ou ruínosa con menores ou maiores dependentes a cargo.
 - Outras situacións de discriminación múltiple que valoren os servizos sociais municipais e o CIM.
- Deseñar un protocolo para a atención municipal diversificada a mulleres en situación ou risco de exclusión social que inclúa un seguimento integral e continuado ata que acaden unha integración completa especialmente no mercado laboral atendendo a variables como a idade, o nivel educativo e a procedencia.



PÚBLICO DESTINATARIO

Mulleres en situación de
vulnerabilidade.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
setembro de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custo que supón
a incorporación de
novos criterios.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

04

POLÍTICAS PÚBLICAS DE
INCLUSIÓN CON PERSPECTIVA
DE XÉNERO

4.3

MEDIDA

REFORZAR OS RECURSOS DE VIVENDA
PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE
RISCO.

OBXECTIVO

Impulsar o acceso á vivenda
das mulleres en situación de
vulnerabilidade.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



- N.º recursos implantados.
- N.º de mulleres en situación ou risco de inclusión social que accederon aos recursos.
- Nº de servizos que introducen criterios para mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Canles de comunicación empregados.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Potenciar a posta en marcha de recursos de aloxamento a mulleres soas que carecen de redes de apoio familiar.
2. Asegurar recursos habitacionais a vítimas de violencia de xénero, como colectivo de acceso prioritario e garantir o acceso a vítimas sen orde de protección (Medida 168 Pacto de Estado).
3. Reforzar a comunicación das axudas e criterios para a concesión ou aluguer de vivenda pública.



PÚBLICO DESTINATARIO

Mulleres en situación de
vulnerabilidade.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en outubro de 2023 e
vixente durante o Plan.



RECURSOS

Materiais: Canles de
Persoais: comunicación.
Económicos: Persoal municipal.
Custo que supón
a posta en marcha
de recursos
habitacionais.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

04

POLÍTICAS PÚBLICAS DE
INCLUSIÓN CON PERSPECTIVA
DE XÉNERO

4.4

MEDIDA

VISIBILIZAR, SENSIBILIZAR E ACTUAR NO MARCO DAS COMPETENCIAS MUNICIPAIS CONTRA A PROSTITUCIÓN, A TRATA E A EXPLOTACIÓN SEXUAL DE MULLERES E NENAS.

OBXECTIVO

Visibilizar a prostitución e a trata como unha forma de violencia contra as mulleres e violación dos Dereitos Humanos

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES



N.º persoas participantes na conmemoración e % por sexo.
N.º actividades da campaña e materiais.
N.º puntos de difusión das campañas.

Nº accións formativas.
Nº asistentes accións formativas.
Reunións para elaborar a Ordenanza.
Nº de medidas da Ordenanza.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Conmemorar cada 23 de setembro o Día Internacional contra a Explotación Sexual e o Tráfico de Mulleres, Nenas e Niños.
2. Desenvolver campañas de sensibilización sobre a situación de mulleres vítimas de trata e explotación sexual.
3. Declarar Xinzo de Limia como Concello Abolicionista da Prostitución.
4. Desenvolver accións formativas sobre o consumo e o negocio lucrativo da prostitución, especialmente destinadas a homes xóvenes e poñendo o foco no cliente.
5. Aprobado unha Ordenanza contra a prostitución e a trata con fins de explotación sexual na vila de Xinzo de Limia considerando que son unha das manifestacións máis extremas da violencia contra as mulleres.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en xaneiro de 2023 e vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custo da campaña e as accións formativas.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

04

POLÍTICAS PÚBLICAS DE
INCLUSIÓN CON PERSPECTIVA
DE XÉNERO

4.5

MEDIDA

REFORZAR OS ACTUAIS SERVIZOS DE
ATENCIÓN, FORMACIÓN E ASISTENCIA A
MULLERES INMIGRANTES E EMIGRANTES
RETORNADAS

OBXECTIVO

O impacto de xénero da
inmigración e a emigración

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



N.º accións formativas.
N.º participantes e % por sexo.
N.º profesorado e % por sexo.
Incremento recursos e % sobre o total.
N.º accións colaboración con asociacións.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Reforzar e ampliar os recursos de alfabetización integral a mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas.
2. Reforzar o número de cursos de español e galego dirixido a mulleres inmigrantes.
3. Reforzar os recursos económicos da Oficina Municipal de Educación, Migración e Minorías de Xinzo de Limia co gallo de ampliar a cobertura do servizo de acompañamento nos trámites de estranxeiría e/ou aqueles ante a Subdelegación do Goberno, ante as institucións educativas, de emprego, da Seguridade Social ou ante as Forzas e Corpos de Seguridade, entre outras.
4. Impulsar a colaboración coas mulleres do movemento asociativo de persoas inmigrantes e emigrantes retornadas no desenvolvemento de programas.
5. Reforzar, nos programas de inserción laboral, a participación de mulleres inmigrantes.



PÚBLICO DESTINATARIO

Mulleres inmigrantes e emigrantes
retornadas de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en abril de 2023 e vixente
todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custo dos cursos.
Ampliación de
orçamento para a
Oficina Municipal
de Educación,
Migración e Minorías
de Xinzo de Limia.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

04

POLÍTICAS PÚBLICAS DE
INCLUSIÓN CON PERSPECTIVA
DE XÉNERO

4.6

MEDIDA

DESEÑAR PROGRAMAS DE
INTERVENCIÓN CONXUNTA E
COORDINADA COAS ENTIDADES DO
TERCEIRO SECTOR DESTINADOS
A MULLERES EN SITUACIÓN DE
VULNERABILIDADE.

OBXECTIVO

Reforzar a colaboración coas
entidades sociais.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



- N.º de convenios asinados.
- N.º de entidades colaboradoras.
- % contratación mulleres a través destes convenios.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Ampliar, mediante a sinatura de convenios a colaboración con entidades do terceiro sector (especialmente as que operan na comarca da Limia como o CDR O Viso, LIMISI, ALGARIA, Cáritas e Cruz Vermella) o reforzo de programas de atención social, educativa e laboral a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.
2. Manter reunións periódicas entre persoal do CIM, os servizos sociais e o persoal das entidades para facer o axeitado dos convenios.



PÚBLICO DESTINATARIO

Entidades e organización do
terceiro sector.
Mulleres en situación de
vulnerabilidade. (Indirecta).
Persoal das asociacións e
entidades sociais.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en marzo 2023 e vixente
durante o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Orzamento dos
convenios.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

05

AS MULLERES NA SAÚDE, O
DEPORTE E O LECER

5.1

MEDIDA

DESEÑAR E APROBAR UN PROGRAMA MUNICIPAL DA SAÚDE DAS MULLERES CON MEDIDAS ESPECÍFICAS, DE XEITO COORDINADO CON PROFESIONAIS DO CENTRO DE SAÚDE, E TENDO EN CONTA TODAS AS IDADES, SITUACIÓNS, DIVERSIDADE CULTURAL, DISCAPACIDADE ASÍ COMO A DISPERSIÓN POBOACIONAL.

OBXECTIVO

Impulsar a integración do enfoque de xénero na saúde

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



- N.º medidas.
- Nº obradoiros e nº asistentes por idade e parroquias.
- Accións de colaboración co Centro de Saúde.
- Nº accións do programa de estilos de vida saudable.
- Nº accións de colaboración coas entidades.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Impulsar mediante obradoiros a saúde emocional, a saúde mental e a súa autoestima das mulleres, con énfase no ciclo vital.
2. Prever a automedicación das mulleres a través de actuacións concretas conxuntamente co Centro de Saúde.
3. Traballar nun programa de hábitos alimentarios saudables para as mulleres atendendo a todas as idades, a grupos de diversidade cultural e discapacidade.
4. Promover estilos de vida saudables nas mulleres, con especial atención ás mulleres maiores.
5. Ter en conta no deseño dos obradoiros a dispersión poboacional e celebrar sesións nos locais das parroquias.
6. Analizar a prevalencia das enfermidades de alto impacto nas mulleres a nivel local.
7. Seguir colaborando coas actividades dirixidas ás mulleres impulsadas pola Escola de Saúde da Limia, Auria, AFAOR, AECC, LIMISI e ALGARIA que ben traballan no eido da promoción da saúde ou ben desenvolven programas de saúde.



PÚBLICO DESTINATARIO

As mulleres de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en decembro de 2022 e vixente durante o Plan.



RECURSOS

- Materiais:** Espazos públicos e canles de comunicación.
- Persoais:** Persoal municipal e persoal subcontratado, no seu caso.
- Económicos:** Custo en caso de externalización de formación. Custo deseño materiais.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

05

AS MULLERES NA SAÚDE, O
DEPORTE E O LECER

5.2

MEDIDA

IMPULSAR E DIFUNDIR AS ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS EN MATERIA DE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA DIRIXIDAS A UN PÚBLICO DE TODAS AS IDADES, NOMEADAMENTE A XENTE MOZA E CONTAR PARA O SEU DESEÑO CON ENTIDADES SOCIAIS E ASOCIACIÓNS XUVENÍS

OBXECTIVO

Mellorar a saúde
afectivo-sexual

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais

INDICADORES



- N.º actividades.
- N.º participantes e % por sexo.
- N.º formadores/as e % por sexo e recursos utilizados.
- N.º de entidades participantes.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Celebrar obradoiros de saúde afectivo-sexual e reprodutiva, prevención de enfermidades de transmisión sexual e prevención de embarazos non desexados, dirixidos a toda a poboación, fundamentalmente a mulleres e adolescentes.
2. Crear novas vías de información sobre saúde para mozos e mozas a través do uso das tecnoloxías e redes sociais.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia,
fundamentalmente a xente moza.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en decembro de 2022 e
vixente durante o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custo en caso de
externalización das
actividades.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

05

AS MULLERES NA SAÚDE, O
DEPORTE E O LECER

5.3

MEDIDA

IMPULSAR ACTIVIDADES SAUDABLES
NOS CENTROS EDUCATIVOS DIRIXIDOS
Á INFANCIA E ADOLESCENCIA
CONXUNTAMENTE CON PROFESIONAIS
DO CENTRO DE SAÚDE, PROFESIONAIS
DO ÁMBITO SOCIAL E CO PROFESORADO

OBXECTIVO

Reforzar o coidado da saúde
na xente moza

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais

INDICADORES



- Nº profesionais participantes.
- Nº actividades.
- Nº alumnado participante e % de participantes por sexo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Desenvolver actividades para fomentar hábitos saudables da mocidade e evitar a obesidade, a anorexia ou a bulimia e mellorando o coñecemento doutras enfermidades derivadas delas, coma a diabetes.
2. Desenvolver un obradoiro sobre a valor da actividade física e da dieta equilibrada, da man de persoal dietista/nutricionista.
3. Celebrar obradoiros para mellorar os hábitos alimenticios.
4. Traballar a mellora da saúde mental dos e das adolescentes mediante actividades específicas.



PÚBLICO DESTINATARIO

Infancia e adolescencia de Xinzo
de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en setembro de 2023 e
vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos
e canles de
comunicación.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custo da
externalización de
actividades.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

05

AS MULLERES NA SAÚDE, O
DEPORTE E O LECER

5.4

MEDIDA

CREAR O PROGRAMA TEMPO PROPIO.

OBXECTIVO

Fomentar espazos de lecer e o envellecemento activo das mulleres.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



- N.º actuacións do programa.
- N.º de actividades.
- N.º asistentes ás actividades.
- N.º centros, asociacións e entidades implicadas.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Crear o Programa Tempo Propio, dirixido a mulleres maiores de Xinzo e do todas as parroquias como un espazo de encontro e debate sobre cultura, saúde, historia, economía, tecnoloxía, viaxes ou demais temas que vaian propoñéndose durante a súa vixencia para, ampliar o tempo de lecer e o envellecemento activo.
2. Contribuír, dende o Programa á mellora da calidade de vida, ao benestar e á participación das mulleres maiores, fomentando as súas redes sociais.
3. Contar para o seu deseño coas entidades socias, asociacións veciñais e axentes sociais, económicos, académicos, etc.



PÚBLICO DESTINATARIO

As mulleres maiores de
Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en xuño de 2023 e
vixente durante o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos, proxector, pantallas, material didáctico da biblioteca, canles de comunicación.

Persoais: Persoal municipal.

Económicos: Custo da externalización dalgunhas actividades.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

05

AS MULLERES NA SAÚDE, O
DEPORTE E O LECER

5.5

MEDIDA

REFORZAR O APOIO AO DEPORTE
FEMININO.

OBXECTIVO

Incorporar o principio de
igualdade e as accións
positivas na política deportiva
do Concello.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Deportes.

INDICADORES



- Nº clubs femininos que participan en competicións.
- N.º de equipos femininos que reciben apoio económico.
- N.º patrocinios deportivos.
- % mulleres nas directivas dos clubs e entidades deportivas locais.
- N.º de socios/as nos clubs deportivos e % por sexo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Incrementar os recursos económicos que dende o Concello se prestan aos equipos depor-
tivos femininos que participan en competicións.
2. Impulsar os patrocinios deportivos femininos a través de alianzas promovidas polo Concello
con outras administracións, empresas, medios de comunicación etc...
3. Ter en conta, no reparto das subvencións e axudas municipais ás entidades e clubs deporti-
vos, a presenza equilibrada de mulleres e homes nas directivas destas entidades así como
a porcentaxe de socios e socias.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en maio de 2023 e durante
a vixencia do Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Incremento das
axudas.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

05

AS MULLERES NA SAÚDE, O
DEPORTE E O LECER

5.6

MEDIDA

A TRAVÉS DA ACTIVIDADE FÍSICA
E DEPORTIVA, SENSIBILIZAR EN
IGUALDADE E PREVIR A VIOLENCIA
DE XÉNERO IMPLICANDO A CLUBS,
ENTIDADES E ESCOLAS DEPORTIVAS DE
XINZO DE LIMIA.

OBXECTIVO

Incorporar o principio de
igualdade nas actividades
deportivas do Concello.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Deportes.

INDICADORES



- N.º de accións de sensibilización realizadas.
- N.º de escolas, entidades e clubs deportivos implicados.
- N.º eventos deportivos con lemas e imaxes igualitarias

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Nas campañas, lemas e imaxes dos eventos deportivos organizados polo Concello incluír mensaxes igualitarias e contra a violencia de xénero.
2. Traballar cos medios de comunicación con delegación en Xinzo de Limia e comarca, sobre o seu papel determinante na difusión e apoio ao deporte feminino local.
3. Todos os materiais, comunicacións e campañas deportivas municipais garantirán o uso dunha imaxe e dunha linguaxe non sexista.
4. Eliminar do material deportivo que adquira o Concello aqueles elementos ou características que sexualice ou fomite estereotipos de xénero.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.
Os clubs deportivos femininos e
os medios de comunicación.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
maio 2023.



RECURSOS

Materiais: Espazos deportivos
e canles de
comunicación.
Persoais: Persoal municipal
e gabinete de
comunicación.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

05

AS MULLERES NA SAÚDE, O
DEPORTE E O LECER

5.7

MEDIDA

INTRODUCIR A PERSPECTIVA DE XÉNERO
NA PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES
DEPORTIVAS MUNICIPAIS A TRAVÉS DE
MEDIDAS E FERRAMENTAS CONCRETAS.

OBXECTIVO

Incorporar a perspectiva
de xénero nas actividades
deportivas do Concello.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Deportes.

INDICADORES



N.º de participantes en cada actividade ou disciplina deportiva e % por sexo.
N.º de formadores/as en actividades deportivas e % por sexo.
Datos do análise da ocupación e o uso dos espazos.
Nº horarios revisados e/ou adaptados nas actividades deportivas e medidas
correctoras.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Desagregar por sexo todos os datos referidos á participación nas escolas deportivas municipais, nas actividades e en todas a práctica deportiva municipal por disciplinas.
2. Desagregar por sexo as persoas formadoras e profesionais que imparten cursos, obradoiros ou modalidades deportivas en Xinzo de Limia.
3. Analizar mensualmente a ocupación e uso de todas as instalacións deportivas públicas do Concello por sexo, idade e actividade.
4. Procurar adaptar os horarios das actividades deportivas dirixidas ao público infantil aos horarios das actividades deportivas de persoas adultas das instalacións deportivas municipais co obxecto de contribuír a incrementar a participación de mulleres na práctica deportiva e facilitar a conciliación.
5. Incentivar mediante información axeitada a participación de mulleres en todas as modalidades deportivas.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia,
especialmente a que practica
deporte.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en
maio 2023.



RECURSOS

Materiais: Canles de
comunicación.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

05

AS MULLERES NA SAÚDE, O
DEPORTE E O LECER

5.8

VISIBILIZAR ÁS MULLERES DEPORTISTAS.

MEDIDA

OBXECTIVO

Fomentar a participación
das mulleres e das nenas no
deporte.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Deportes.

INDICADORES

- N.º de accións postas en marcha coa campaña.
- N.º de deportistas de Xinzo de Limia visibilizadas.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Visibilizar a mulleres deportistas e poñer en valor os seus logros a través dunha campaña en centros educativos, deportivos e culturais da vila e as súas parroquias.
2. Apoiar e visibilizar ás mulleres deportistas de Xinzo de Limia e promocionar os beneficios do deporte como factor para o empoderamento.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en maio de 2023.



RECURSOS

- Materiais:** Espazos públicos e canles de comunicación.
- Persoais:** Persoal municipal e gabinete de comunicación.
- Económicos:** Custos do material e deseño da campaña.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

06

COEDUCACIÓN
E CULTURA

6.1

MEDIDA

CONXUNTAMENTE CON ANPAS E CENTROS EDUCATIVOS, DESEÑAR E POR EN MARCHA UN PROGRAMA DE COEDUCACIÓN NAS AULAS QUE, ENTRE OUTRAS ACTIVIDADES, RECOLLA AS DETALLADAS NESTA FICHA 6.1.

OBXECTIVO

A coeducación como ferramenta indispensable para a igualdade.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Educación.

INDICADORES



- N.º de actividades e obradoiros realizados e tipoloxía.
- N.º de asistentes e % por sexo.
- N.º de materiais incorporados que promovan a igualdade.
- N.º de asistentes a xornada e % por sexo.
- Persoas da comunidade educativa participantes nas actividades

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Desenvolver actividades que poñan en valor a contribución das mulleres na ciencia, a literatura, a historia, a política, a economía, e a cultura.
2. Desenvolver actividades escolares que poñan en valor a contribución de mulleres de Xinzo de Limia relevantes, emprendedoras ou que destacaran nas súas profesións.
3. Desenvolver obradoiros e grupos de debate sobre o sexismo, o machismo, os estereotipos ou a violencia de xénero a través da música e do audiovisual.
4. Organizar a semana de lectura igualitaria nos centros educativos de Xinzo de Limia.
5. Impulsar a celebración dunha xornada de traballo anual sobre coeducación entre as ANPAS, os centros educativos e persoal político e técnico dos concellos da Limia.
6. Desenvolver actividades sobre o uso da tecnoloxía de forma responsable por parte da cativada.
7. Celebrar un Pleno Escolar pola Igualdade para que o alumnado debata sobre a convivencia en igualdade nas institucións democráticas.



PÚBLICO DESTINATARIO

Dirección dos centros educativos, ANPAS, Biblioteca Municipal, alumnado, profesorado e comunidade educativa en xeral.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en outubro de 2023 e vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos e canles de comunicación.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custos do material e deseño das actividades.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

06

COEDUCACIÓN
E CULTURA

6.2

MEDIDA

POÑER EN MARCHA UNHA ESCOLA DE NAIS E PAIS COMO UN ESPAZO DE ENCONTRO, INFORMACIÓN, DEBATE, FORMACIÓN E REFLEXIÓN SOBRE ASPECTOS RELACIONADOS COA PARENTALIDADE E A MARENTALIDADE E O PAPEL DA EDUCACIÓN IGUALITARIA, PACÍFICA E EN VALORES.

OBXECTIVO

A educación en igualdade das familias diversas.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Educación.

INDICADORES



- N.º de pais e nais membros da Escola e % por sexo.
- N.º de talleres e actividades realizadas.
- Nº participantes en cada taller e % por sexo.
- Materiais de campaña e impactos.

ACTIVIDADES VINCULADAS

- Poñer en marcha e planificar anualmente as actividades da Escola de Nais e Pais.
- Organizar as actividades de educación familiar baseadas nos principios de igualdade, respecto, cooperación e resolución pacífica dos conflitos baixo o prisma dos diversos modelos de familia e dos Dereitos Humanos.
- Incluír accións de concienciación sobre modelos de paternidade corresponsables.
- Desenvolver talleres e actividades de sensibilización sobre a superación e atribución de roles e estereotipos de xénero.
- Impulsar anualmente unha campaña a favor dos xoguets e xogos non sexistas e non violentos.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en setembro de 2023 e vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos e canles de comunicación.

Persoais: Persoal municipal.

Económicos: Custos do material e deseño das actividades e da campaña.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

06

COEDUCACIÓN
E CULTURA

6.3

MEDIDA

INCORPORAR Á BIBLIOTECA MUNICIPAL
COMO ESPAZO PARA DESENVOLVER
POLÍTICAS DE IGUALDADE E VENCELLALA
AO COÑECEMENTO E AO SABER DAS
MULLERES.

OBXECTIVO

Facer visible o saber das
mulleres.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Educación.

INDICADORES



- N.º recursos bibliográficos revisados.
- N.º de recursos bibliográficos adquiridos.
- N.º de conferencias realizadas.
- N.º de asistentes e % por sexo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Promover a revisión dos fondos da Biblioteca Municipal destinados á poboación infantil e xuvenil dende unha perspectiva de xénero e seguir adquirindo fondos con contidos non estereotipados nin sexistas.
2. Incorporar fondos sobre teoría feminista e sobre as mulleres na historia.
3. Celebrar un ciclo de conferencias para facer visible a obra das escritoras e celebrar o Día das Escritoras.
4. Impulsar un Club de Lectura Feminista.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Desde marzo de 2023 e con
carácter permanente.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custos da
adquisición de
fondos.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

06

COEDUCACIÓN
E CULTURA

6.4

MEDIDA

DESENVOLVER ACCIÓNS E MEDIDAS
CONCRETAS PARA GARANTIR A
PERSPECTIVA DE XÉNERO NA POLÍTICA E
PROGRAMACIÓN CULTURAL.

OBXECTIVO

A perspectiva de xénero na
política cultural

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Cultura.

INDICADORES



N.º de participantes e % de mulleres nos actos públicos, xurados, comisións, eventos culturais.
N.º de exposicións, obras de teatro, concertos e proxectos culturais producidos e protagonizados por mulleres.
Cláusulas de igualdade incluídas en convenios e subvencións.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Promover a participación equilibrada de mulleres e homes nos actos públicos, xurados, comisións e eventos públicos que financie o Concello.
2. Analizar anualmente a taxa de participación das mulleres nos eventos culturais.
3. Garantir o equilibrio de mulleres e homes nas exposicións colectivas así como a participación paritaria de mulleres con relación ao número total de exposicións programadas polo Concello.
4. Incluír cláusulas de igualdade nas axudas a asociacións culturais e ter en conta a presenza equilibrada de ambos sexos nas xuntas directivas destas entidades, así como as actividades e o obxecto do proxecto subvencionado.
5. Fomentar a representación de obras teatrais que contribúan á superación dos estereotipos de xénero.
6. Na programación de actividades musicais, traballar para incrementar a contratación de mulleres e grupos de música integrados por mulleres e homes.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Medida permanente a iniciar en xaneiro de 2023.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos e canles de comunicación.

Persoais: Persoal municipal e gabinete de comunicación.

Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

06

COEDUCACIÓN
E CULTURA

6.5

MEDIDA

PROMOVER A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNADO DE GRAO E POSGRAO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS, FUNDAMENTALMENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO, NO CIM E OUTROS SERVIZOS DO CONCELLO QUE TRABALLEN EN POLÍTICAS E ACTIVIDADES EN MATERIA DE IGUALDADE.

OBXECTIVO

Reforzar a colaboración coas universidades

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Educación.

INDICADORES



Nº convenios formalizados con universidades para a realización de prácticas.
Nº de servizos e programas municipais implicados.
% de alumnado participante por sexo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Asinar un convenio/os cas Universidades galegas, nomeadamente ca Universidade de Vigo para que o alumnado que estea investigando/estudando ou especializándose en materia de xénero realice prácticas en diferentes servizos municipais con programas de igualdade, nomeadamente no CIM.



PÚBLICO DESTINATARIO

Alumnado universitario.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en outubro 2023 e durante toda a vixencia do Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Non aplica.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

07

URBANISMO, MOBILIDADE,
MEDIOAMBIENTE
E SEGURIDADE

7.1

MEDIDA

INTRODUCIR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA, O DESEÑO DOS ESPAZOS PÚBLICOS E DA ILUMINACIÓN E NAS EDIFICACIÓNS E OS DOCUMENTOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA QUE ENTRE OUTRAS CUESTIÓN GARANTAN A SEGURIDADE E A ACCESIBILIDADE.

OBXECTIVO

A perspectiva de xénero no deseño urbanístico do Concello.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Urbanismo.

INDICADORES



- Nº medidas identificadas.
- Nº puntos negros identificados.
- N.º de persoas que compoñen a Mesa Municipal e % por sexo.
- Indicadores de xénero e medidas introducidas no PXOU.
- N.º cursos impartidos e % por sexo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Crear un focus-groups para analizar as necesidades e intereses das mulleres no deseño da vila e de todas as parroquias do Concello.
2. Constituír unha mesa municipal sobre xénero, urbanismo, medio ambiente e mobilidade formada polas persoas responsables das concellerías de urbanismo, medio ambiente, seguridade e igualdade, co respectivo persoal técnico adscrito para deseñar un plan de traballo a 4 anos que permita ir incorporando ordenadamente a perspectiva de xénero ao modelo de pobo.
3. Impartir formación específica de urbanismo, seguridade e mobilidade con perspectiva de xénero ao persoal de urbanismo, igualdade, mobilidade, medio ambiente e medio rural.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.
Persoal municipal.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en marzo de 2024 e con continuidade durante a vixencia do Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custo da formación.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

07

URBANISMO, MOBILIDADE,
MEDIOAMBIENTE
E SEGURIDADE

7.2

MEDIDA

INCORPORAR O ENFOQUE DE
XÉNERO NA ICONOGRAFÍA URBANA,
A PUBLICIDADE E O MOBILIARIO
URBANO E GARANTIR O CUMPRIMENTO
DA NORMATIVA EN MATERIA DE
ACCESIBILIDADE NOS ESPAZOS
PÚBLICOS DEPENDENTES DO CONCELLO.

OBXECTIVO

Impulsar o desenvolvemento
da iconografía urbana con
perspectiva de xénero.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Urbanismo.
Concellería de Seguridade.

INDICADORES



N.º de sinalética modificada e/ou incorporada.
Mobiliario urbano adquirido.
Espazos intervidos.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Retirar e no seu caso substituír a sinalética urbana e dos edificios públicos que sexa sexista, transmita roles de xénero, vincule os cargos a un sexo determinado ou vincule o símbolo das mulleres as tarefas de coidados.
2. Diseñar os parques e outros espazos infantís pictografiando os seus elementos dende unha visión igualitaria.
3. Adquirir mobiliario urbano adaptado a persoas con discapacidade que ademáis facilite o coidado de nenos, nenas e dependentes.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en febreiro 2023 e vixencia
todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal
Económicos: Custos derivados
do novo mobiliario e
sinalética.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

07

URBANISMO, MOBILIDADE,
MEDIOAMBIENTE
E SEGURIDADE

7.3

MEDIDA

ACTUALIZAR O NOME DE RÚAS E
OUTROS ESPAZOS MUNICIPAIS PARA IR
INCORPORANDO NOMES DE MULLERES
DESTACADAS E REFERENTES,
CONTRIBUÍNDOLAS Á SÚA VISIBILIZACIÓN
E RECOÑECEMENTO.

OBXECTIVO

Impulsar o desenvolvemento
da mobilidade, a planificación
urbana e a seguridade con
perspectiva de xénero

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Urbanismo.
Concellería de Cultura.

INDICADORES



N.º rúas, prazas, parques ou edificios públicos con nomes actualizados.
N.º persoas participantes na consulta e % por sexo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Propoñer a mulleres destacadas da saúde, a economía, os movementos sociais, a política, a ciencia, o deporte, a cultura etc.... para renomear o rueiro limiá e adaptalo a novos tempos e novas realidades cumprindo ademais coa lexislación.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en novembro de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custos derivados das novas placas cos nomes de mulleres.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

07

URBANISMO, MOBILIDADE,
MEDIOAMBIENTE
E SEGURIDADE

7.4

MEDIDA

POÑER EN MARCHA ACTUACIÓNS
CONTRA AS AGRESIÓNS SEXUAIS QUE
INCLÚA A MELLORA DA SEGURIDADE NA
MOBILIDADE ESPECIALMENTE POLAS
NOITES.

OBXECTIVO

Deseñar a seguridade con
perspectiva de xénero e
medidas de acción positiva

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Urbanismo.
Concellería de Seguridade.

INDICADORES



N.º espazos violeta. Indicadores.
N.º charlas informativas, temática, persoas participantes e % por sexo.
N.º medidas de sensibilización no transporte.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Poñer en marcha o programa de sensibilización contra as agresións sexuais que se reforzará durante o Entroido, as festas de Nadal, verán, concertos e en xeral nas vacacións a través de puntos violeta.
2. Impulsar accións de sensibilización en centros educativos de secundaria dirixidas á prevención de condutas violentas contra as mulleres en espazos festivos e de lecer nocturno.
3. Impulsar accións de sensibilización no transporte público e nos taxis.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en novembro de 2023 e
vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos públicos.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custos derivados
da creación de
materiais para
as accións de
sensibilización.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

07

URBANISMO, MOBILIDADE,
MEDIOAMBIENTE
E SEGURIDADE

7.5

MEDIDA

MELLORAR A SEGURIDADE DO CONCELLO A TRAVÉS DA ELIMINACIÓN DOS PUNTOS NEGROS DETECTADOS XA NO CUESTIONARIO QUE SE ELABOROU PARA FACER O DIAGNÓSTICO DE IGUALDADE E MELLORAR OS EQUIPAMENTOS DE TODA A VILA E AS PARROQUIAS NAS QUE SE DETECTEN NECESIDADES DE ILUMINACIÓN VIARIA, MOBILIARIO URBANO, ACCESIBILIDADE E OUTROS EQUIPAMENTOS.

OBXECTIVO

Impulsar o desenvolvemento da seguridade con perspectiva de xénero.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Urbanismo.
Concellería de Seguridade.

INDICADORES

N.º de puntos negros detectados e accións correctoras.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Conxuntamente con asociacións e entidades que desexen participar, organizar a través da Policía Local e a Concellería de Igualdade, roteiros polo municipio incluídas as parroquias, co gallo de detectar a existencia de puntos negros, zonas mal iluminadas ou inseguras en rúas, parques, xardíns, accesos a núcleos de poboación aparcamentos etc... así como edificios ou instalacións públicas inseguras e os seus patróns de uso tendo en conta os resultados do cuestionario (incluídos no informe diagnóstico).
2. Elaborar cos datos resultantes un informe para planificar accións correctoras de eliminación de puntos negros (iluminación, barreiras arquitectónicas e espazos urbanos degradados e inseguros).



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia, especialmente as mulleres.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en decembro de 2023.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal e Policía Local.
Económicos: Custos derivados das posta en marcha das accións correctoras.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

07

URBANISMO, MOBILIDADE,
MEDIOAMBIENTE
E SEGURIDADE

7.6

MEDIDA

IMPULSAR UNHA MAIOR MOBILIDADE A
TRAVÉS DO TRANSPORTE COLECTIVO.

OBXECTIVO

Impulsar o desenvolvemento
da transporte con perspectiva
de xénero

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Urbanismo.
Concellería de Seguridade.

INDICADORES

- N.º de propostas realizadas.
- N.º de accións de mellora de transporte que finalmente se realizan.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Estudar a posta en marcha dun servizo municipal de transporte colectivo accesible para poder desprazarse dende as parroquias ata Xinzo de Limia.
2. Estudar a posta en marcha con taxistas da localidade da prestación de servizos e transporte subvencionados polo concello que sexan gratuítos ou bonificados para as persoas usuarias (en función da renda) que viven nas parroquias e que non dispoñen de coche.
3. Garantir transporte ás persoas que viven en zonas rurais e teñan interese en participar nas actividades ofertadas nos diferentes recursos, tanto na vila como noutras parroquias e non dispoñen de vehículo.
4. Estudar a posibilidade de crear un servizo de transporte que comunique nos horarios axeitados a vila e diferentes parroquias co Parque empresarial de Xinzo de Limia destinado a mellorar a empregabilidade de persoas, preferentemente mulleres, que non dispoñen doutro medio de transporte.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia que vive en parroquias do Concello, especialmente as mulleres que traballan no Parque Empresarial e non teñen medio de transporte.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en decembro de 2023 e vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custos derivados da posta en marcha do servizo de transporte.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

07

URBANISMO, MOBILIDADE,
MEDIOAMBIENTE
E SEGURIDADE

7.7

MEDIDA

INCORPORAR A PERSPECTIVA DE
XÉNERO Á POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL E
DE LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO.

OBXECTIVO

O impacto medioambiental
nas mulleres.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Urbanismo.
Concellería de Seguridade.

INDICADORES



- N.º de estudos realizados.
- N.º de indicadores empregados.
- N.º de mulleres participantes.
- N.º de organizacións de mulleres participantes.
- N.º de accións de sensibilización

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Elaborar unha análise da política medioambiental municipal dende a perspectiva de xénero.
2. Analizar a participación das mulleres e das organizacións de mulleres nos procesos de participación e consulta de carácter mediambiental e de sostenibilidade.
3. Traballar na sensibilización das persoas responsables da planificación e melloras das políticas sostibles e mediambientais respecto á importancia da participación das mulleres e das organizacións de mulleres nos procesos que desenvolva o Concello.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía de Xinzo de Limia,
nomeadamente as mulleres.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en decembro de 2024 e
vixente todo o Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

08

O COMBATE CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

8.1

MEDIDA

CREAR INSTRUMENTOS DE
COORDINACIÓN E COLABORACIÓN
INSTITUCIONAL PARA PREVIR E
COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO E
MELLORAR A ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS.

OBXECTIVO

Reforzar a coordinación
institucional e os recursos
para combater a violencia
de xénero.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.
Concellería de Seguridade.

INDICADORES



Indicadores da creación da Unidade.
Persoal que forma parte da Unidade.
Nº reunións da Unidade.
Regulamento de funcionamento da Unidade.

Indicadores de seguimento.
Nº de mulleres vítimas que acceden
aos servizos e recursos municipais.
Nº participantes Programa *Hypatia*

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Crear unha Unidade de Apoio Local contra a violencia de xénero. (Medida 73, 74 e 75 Pacto de Estado) conxuntamente co CIM.
2. Elaborar e aprobar unha Carta de Servizos de Atención Integral a Mulleres en situación de Violencia de Xénero.
3. Colaborar con todas as administracións na identificación de vítimas de violencia de xénero a través dun seguimento individualizado con especial atención á identificación dos perfís con maior risco detectados. (Concellería Igualdade, CIM, Policía Local-Viogen e outras entidades) e garantir unha coordinada asistencia social integral ás vítimas por parte dos servizos de atención de todas as administracións, fundamentalmente dos servizos municipais.
4. Reforzar e ampliar a cobertura do Programa *Hypatia*, conxuntamente co CIM e os servizos sociais.



PÚBLICO DESTINATARIO

Persoal municipal.
Mulleres vítimas de violencia de
xénero.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en novembro de 2023 e
con vixencia durante o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos e materias
públicos.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

08

O COMBATE CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

8.2

MEDIDA

REFORZAR AS MEDIDAS DE
ACOMPAÑAMENTO E APOIO LEGAL,
PSICOLÓXICO, SOCIAL E LABORAL A
MULLERES VÍTIMAS E AOS SEUS FILLOS E
FILLAS, AÍNDA QUE NON SE PRESENTARA
DENUNCIA.

OBXECTIVO

Ampliar a cobertura dos
servizos e recursos ás vítimas
de violencia de xénero e os
seus fillos e fillas.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais.

INDICADORES



- N.º programas postos en marcha.
- N.º accións de reforzo nos equipos.
- Nº de fillas e fillos apoiados/as e atendidos/as.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Incrementar as canles de información, a través do CIM e a Oficina Municipal de Educación, Migración e Minorías e co reforzo doutros programas, ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre os seus dereitos, prestacións sociais, asistencia, acompañamento na toma de decisións, acompañamento a distintas instancias si se require etc...
2. Crear un programa municipal de atención especializada de fillos e fillas de mulleres vítimas.
3. Promover programas de atención a menores e adolescentes vítimas de agresións sexuais. (En consonancia coa Medida 7.4, actividade 2).
4. Ampliar os servizos e axudas municipais á mulleres vítimas de violencia de xénero que se atopan nunha situación irregular e acompañalas nos trámites ante as Oficinas de Estranxeira.(En consonancia coa Medida 4.5, actividade 3).
5. Celebrar actividades formativas de detección de relacións violentas e dirixidas a auto protección e defensa persoal das mulleres, especialmente ás vítimas de violencia.



PÚBLICO DESTINATARIO

As mulleres de Xinzo de Limia, especialmente as vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.



HORIZONTE TEMPORAL

Comezar en febreiro de 2023 e con vixencia durante o Plan.



RECURSOS

- Materiais:** Espazos públicos e canles de información.
- Persoais:** Persoal municipal.
- Económicos:** Custo do incremento de recursos para programa de atención a fillos/as de vítimas e custo dos obradoiros de autodefensa.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

08

O COMBATE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

8.3

MEDIDA

POÑER EN MARCHA ACTIVIDADES DESTINADAS Á POBOACIÓN MOZA SOBRE TODAS AS FORMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON ESPECIAL FINCAPÉ NAS NOVAS FORMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO A TRAVÉS DAS TIC,S.

OBXECTIVO

Promover accións de prevención da violencia de xénero para a poboación moza.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Servizos Sociais

INDICADORES



N.º talleres e tipoloxía.

N.º de persoas participantes e % por sexo.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Obradoiro para a detección da ciberdelincuencia de xénero, a violencia de xénero 3.0 e outras formas de machismo que teña como destinataria á poboación moza.
2. Diseñar unha campaña de concienciación conxuntamente con ANPAS e IES e Colexios a través de charlas formativas ó alumnado co lema “convértete nun punto violeta”, onde se ensine a detectar situacións de perigo, como actuar, a quen acudir, como denunciar ou prestar testemuña etc... (En consonancia coa Medida 6.1).
3. Obradoiro de fomento de actitudes e relacións igualitarias e novas masculinidades creando dende as redes sociais do Concello un perfil de Instagram para que a mocidade deixe os seus vídeos e directos con mensaxes e outras accións de sensibilización e reivindicación. (En consonancia coa Medida 5.2, actividade 2).



PÚBLICO DESTINATARIO

A mocidade de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Empezar en febreiro de 2023 e con vixencia durante o Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos e canles de comunicación.

Persoais: Persoal municipal.

Económicos: Custo dos obradoiros, en caso de externalizar o servizo.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

08

O COMBATE CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

8.4

MEDIDA

DESEÑAR, NEGOCIAR E APROBAR UN
PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DO ACOSO
SEXUAL E DE ACOSO POR RAZÓN DE
SEXO NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.

OBXECTIVO

Previr o acoso sexual e por
razón de sexo no Concello de
Xinzo de Limia.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Persoal.

INDICADORES



- N.º de reunións para elaborar o Protocolo.
- Mecanismos de denuncia.
- Medidas de prevención.
- Data de aprobación.

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Constituír unha mesa de negociación do Protocolo entre persoal municipal, representantes de todas as forzas políticas municipais e representación legal das persoas traballadoras.
2. Redactar o Protocolo, negocialo e aprobalo co maior consenso posible.
3. Difundir o Protocolo nas redes sociais municipais, taboleiro e demais canles de comunicación interna.



PÚBLICO DESTINATARIO

Persoas traballadoras municipais.



HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar en marzo de 2023 e con
vixencia establecida no propio
Protocolo.



RECURSOS

- Materiais:** Espazos e materias
públicos.
- Persoais:** Persoal municipal,
representantes
políticos e RLT.
- Económicos:** Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

08

O COMBATE CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

8.5

MEDIDA

APROBAR MEDIDAS PARA FACILITAR
A AUTONOMÍA E INDEPENDENCIA
ECONÓMICA DAS MULLERES VÍTIMAS DE
VIOLENCIA DE XÉNERO.

OBXECTIVO

Ampliar os servizos de
inserción laboral das vítimas
de violencia de xénero.

Área responsable

Concellería de Igualdade.
Concellería de Emprego.
Concellería de Facenda.

INDICADORES



- Nº actividades.
- Nº mulleres que participan nos programas.
- Nº de actividades de lecer educativo, cultural e deportivo bonificadas.
- Nº de mulleres vítimas as que se lle bonifican as actividades.

ACTIVIDADES VINCULADAS

- Poñer en marcha, no desenvolvemento das habilidades físicas e psicolóxicas para a superación de casos de violencia, talleres de autoestima, desenvolvemento persoal, habilidades sociais, empoderamento, novas tecnoloxías, redes sociais, etc. destinado a mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Reforzar a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de a través do Programa *Hypatia*, de programas de emprego e mediante o establecemento de convenios e acordos con empresas de Xinzo de Limia que fomenten a súa contratación. (En consonancia coa Medida 4.2, actividade 1 e Medida 2.2, actividade 1).
- Bonificar o 100% do custo para o acceso ao lecer educativo, cultural e deportivo ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas, previo informe dos servizos sociais municipais e persoal do CIM.



PÚBLICO DESTINATARIO

As mulleres vítimas de violencia
de xénero e os seus fillos e fillas.



HORIZONTE TEMPORAL

Empezar en xaneiro de 2023 e
con vixencia durante o Plan.



RECURSOS

Materiais: Non aplica.
Persoais: Persoal municipal.
Económicos: Custo da
bonificación de
actividades.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

08

O COMBATE CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

8.6

MEDIDA

IMPULSAR MEDIDAS PARA O
RECOÑECIMENTO E A REPARACIÓN
DO DANO ÁS MULLERES VÍTIMAS DE
VIOLENCIA DE XÉNERO.

OBXECTIVO

Recoñecemento e reparación
ás vítimas da violencia de
xénero.

Área responsable

Alcaldía.

INDICADORES

Espazo/os urbano/os habilitado/os.
Nº accións de visibilización



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Crear un espazo urbano para o recoñecemento e memoria das mulleres vítimas da violencia de xénero como acción de reparación e pedagogía social.
2. Implicar a todas as forzas políticas, sociais e económicas.



PÚBLICO DESTINATARIO

A cidadanía.



HORIZONTE TEMPORAL

Abril de 2023.



RECURSOS

Materiais: Espazos e materias
públicos.
Persoais: Persoal municipal,
representantes
políticos e RLT.
Económicos: Non aplica.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

08

O COMBATE CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

8.7

MEDIDA

REFORZAR A DETECCIÓN TEMPERÁ DA
VIOLENCIA DE XÉNERO A TRAVÉS DE
ACTUACIÓNS FORMATIVAS.

OBXECTIVO

Promover accións formativas
internas en materia de
violencia de xénero.

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES

N.º accións formativas.
Nº de asistentes % por sexo.



ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Formar ao persoal técnico das diferentes áreas municipais para a detección temperá de situacións de violencia de xénero.
2. Realizar unha xornada comarcal ou provincial anual con profesionais para fomentar o debate, posta en común e intercambio de boas prácticas municipais de políticas públicas en materia de violencia de xénero.



PÚBLICO DESTINATARIO

Persoal municipal e persoal de entidades.



HORIZONTE TEMPORAL

Empezar en marzo de 2023 e continuar durante a vixencia do Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos e materias públicos.

Persoais: Persoal externo para impartir formación especializada.

Económicos: Custo da formación externa e gastos da organización da xornada.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

09

PARTICIPACIÓN

9.1

MEDIDA

CREAR MECANISMOS PARA FOMENTAR A PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS MULLERES DE XINZO DE LIMIA.

OBXECTIVO

Promover o asociacionismo e a participación das mulleres

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES



- Nº asociacións e persoas que forman o Foro.
- Nº reunións celebradas.
- Nº asociacións feministas e/ou de mulleres postas en marcha.
- Nº de subvencións

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Incentivar o asociacionismo a través da promoción das organizacións de mulleres e feministas e garantir o seu financiamento.
2. Impulsar a creación dun Foro Municipal de Igualdade de carácter informal que xere espazos de debate e participación das mulleres en todos os asuntos da vida local e noutros que se consideren. O Concello cederá espazos e infraestrutura para celebrar as reunións, ás que poderán convidar a persoas expertas ou de interese para os temas abordados.
3. Reforzar dende o Foro a participación das mulleres de Xinzo de Limia nas decisións municipais.
4. Impulsar os liderados de mulleres no movemento asociativo local.



PÚBLICO DESTINATARIO

Mulleres de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Empezar en febreiro de 2023 e continuar durante a vixencia do Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos e infraestruturas públicas.

Persoais: Non aplica.

Económicos: Custo da formación externa e gastos da organización da xornada.

ÁREA DE
ACTUACIÓN

09

PARTICIPACIÓN

9.2

MEDIDA

DINAMIZAR O MOVEMENTO ASOCIATIVO
DE XINZO DE LIMIA.

OBXECTIVO

Establecer mecanismos de
colaboración entre o Concello
e o movemento asociativo

Área responsable

Alcaldía.
Concellería de Igualdade.

INDICADORES



- N.º de asociacións e entidades implicadas.
- N.º de encontros entre asociacións de mulleres celebrados e de asistentes.
- N.º de asociacións de mulleres que participan nos encontros.
- N.º de asociacións que participan na feira e N.º de asistentes

ACTIVIDADES VINCULADAS

1. Celebrar un encontro interxeneracional de mulleres da comarca da Limia destinado a veciñas de todas as parroquias, idades, profesións e situacións que impulsarán o asociacionismo e a construción de redes de apoio, aprendizaxe e debate.
2. Celebrar unha feira de asociacións anual para dar a coñecer os obxectivos, traballos, programas e finalidade do movemento asociativo local, nomeadamente no que atinxe ás mulleres.
3. Difundir as actividades do movemento asociativo feminista e de mulleres a través das canles municipais de comunicación externa.



PÚBLICO DESTINATARIO

Cidadañía de Xinzo de Limia.



HORIZONTE TEMPORAL

Empezar en agosto de 2023 e
continuar durante a vixencia do
Plan.



RECURSOS

Materiais: Espazos e
infraestruturas
públicas. Canles de
comunicación.

Persoais: Non aplica.

Económicos: Custo do encontra
e da feira de
asociacións.

08

COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

TANTO O SEGUIMIENTO
COMO A AVALIACIÓN
SON PROCESOS QUE
PERMITEN ANALIZAR
A IMPLANTACIÓN E
DESENVOLVEMENTO
DO IV PLAN.

Os resultados obtidos en todos os ámbitos de actuación. Os datos obtidos permiten a súa corrección por que ademáis o Plan está deseñado coa flexibilidade necesaria.

COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO

O seguimento permite coñecer case simultaneamente o grao de desenvolvemento das medidas e consecución dos obxectivos ademáis de identificar os recursos, metodoloxías e procedementos postos en marcha no desenvolvemento

Para a coordinación e seguimento e avaliación deste Plan crearase unha **Mesa Interdepartamental** tal como se sinala na Media 1.13 do presente Plan e que verá polo cumprimento dos obxectivos recollidos e se encargará da axeitada coordinación de todas as áreas e entidades participantes no desenvolvemento das medidas e actividades aprobadas.

A Mesa, que terá unha composición paritaria, terá un carácter permanente durante a vixencia do Plan.

Estará presidida pola persoa titular da Alcaldía e formarán parte da mesma, entre outras persoas que se determinen posteriormente:

- 2 persoas en representación da Concellería de Igualdade.
- Todas as persoas traballadoras do CIM de Xinzo de Limia.
- 2 persoas en representación da Concellería de Servizos Sociais.
- 1 persoa en representación da Concellería de Persoal
- 1 persoa en representación da Concellería de Cultura e Educación.
- 1 persoa en representación da Concellería de Promoción Económica.
- 1 persoa en representación da Concellería de Urbanismo e Mobilidade.
- 1 persoa en representación da Concellería de Medio Rural e Medio Ambiente.
- 1 persoa en representación da Concellería de Deportes.
- 1 persoa da Policía Local.
- 1 persoa da Oficina de Educación, Migración e Minorías de Xinzo de Limia.
- 2 persoas en representación da Representación Legal das persoas traballadoras.

Entre as funcións da Mesa Interdepartamental están:

- Convocar e celebrar, alo menos, unha reunión anual, durante os 4 anos de vixencia do Plan.
- Seguimento e coordinación da implantación do Plan a través das medidas e actividades recollidas.
- Determinar accións para a mellora continua e retroalimentación permanente do Plan.
- Identificación das barreiras na implantación das medidas ou da realización das actividades.
- Detectar os instrumentos para a mellora e poñelos en marcha, se fora preciso.
- Modificar o calendario de implantación, si fora necesario.
- Informar do orzamento destinado semestralmente ao cumprimento dos obxectivos do Plan.
- Verificar os indicadores incorporados a cada medida e cumprimentalos a medida que se van poñendo en marcha.
- Elaborar indicadores correspondentes a cada medida/actividade e que poderán ser os mesmos ou non que aqueles indicadores propostos no Plan para medida.
- Outras que se determinen pola propia Comisión.

O seguimento iníciase dende o mesmo momento da entrada en vigor do Plan e ata o remate do seu período de vixencia, xusto antes de empezar a avaliación final.

Os indicadores incorporados a cada medida do Plan proporcionan a información axeitada sobre o cumprimento de cada medida. A maioría destes indicadores son cuantitativos e están deseñados para proporcionar información sobre os resultados das actividades. Tamén se inclúen indicadores cualitativos que aportan información relevante sobre opinións e evidencias sobre a consecución dos obxectivos.

As fontes de información para o cumprimento dos indicadores de xénero deste Plan son indicadores de resultados e de impacto tales como:

- Número de medidas e accións.
- Nº persoas de acceso ás actividades por sexo.
- % de mulleres nas actividades.
- N.º de asociación, entidades, empresas ou administracións implicadas.
- Nª reunións.
- Nª accións de difusión.
- Impactos.
- Memorias.
- Nº accións de difusión.
- Nº evidencias.
- Impacto en medios e redes.
- Nº materiais editados.

Todos os indicadores están desagregados por sexo e aparecen perfectamente definidos e descritos para cada medida. Estes sinalarán os avances e os puntos máis febles que serán reforzados a través de cada actividade e medida, Unha vez implantado o Plan, os indicadores descritos permitirán medir os impactos, directos e indirectos, de cada unha das medidas e das actividades.

AVALIACIÓN DO PLAN

AVALIACIÓN INTERMEDIA

O Plan será avaliado aos 2 anos da súa aprobación nunha avaliación intermedia que proporcionará información moi valiosa para poder implantar accións correctoras. Esta avaliación intermedia pode ser realizada por persoal interno do Concello.

Para que esta avaliación intermedia se leve a cabo correctamente, cada área do Concello con responsabilidade na execución de medidas debe enviar a información precisa sobre:

- Grao de realización das actuacións:
 - Dificultades atopadas.
 - Medidas correctoras.
- Cumprimento dos obxectivos segundo os indicadores incluídos en cada medida. (pódense engadir novos indicadores que resulten de interese).
- Impacto nas persoas destinatarias e na sociedade os entidades ás que vai dirixido.
- Propostas de modificación, especialmente as relativas ao calendario de implantación.

AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final do Plan terá lugar ao rematar a vixencia do Plan e deberá ser realizada por un equipo externo e alleo á administración municipal para garantir a súa obxectividade.

Esta avaliación analizará o cumprimento dos obxectivos a través dos indicadores e contará cunha explotación de datos estatísticos referidos a mulleres e homes en Xinzo de Limia. Así, comprobará o grao de implantación das actividades e o seu impacto real na consecución da igualdade. Ademáis, analizarase o impacto en medios de comunicación e nas redes sociais.

Así mesmo, analizará as accións concluídas, as que están en curso e as que non se executaron, tratando de explicar as razóns que motivaron esta circunstancia.

Ademáis, sinalará o grado de desenvolvemento das medidas e cumprimento dos obxectivos por:

- Ámbito de aplicación.
- Actividades desenvolvidas.
- Datas de implantación.
- Persoal ou departamento responsable da posta en marcha das medidas ou actividades.
- Outras incidencias.
- Datas.

09

GLOSARIO

Accións positivas: medidas de impulso e promoción establecidas polos poderes públicos co fin de garantir a igualdade entre mulleres e homes mediante a eliminación de desigualdades que non son corrixibles pola soa formulación do principio de igualdade xurídica ou formal. Estas medidas deben razoables, proporcionais e temporais e estarán vixentes mentres subsistan as desigualdades que constitúen a súa razón de ser (Art. 11.1 Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes).

Acoso por razón de sexo: calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un entorno intimidatorio, degradante ou ofensivo. Considerarase discriminatorio. (Art.7 Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes)

Acoso sexual: comportamento de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular

Consideraranse en todo caso discriminatorio o acoso sexual. (Art.7 Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes).

Androcentrismo: visión do mundo onde o home é o centro e a medida de todas as cousas e a referencia na que fixarse.

Composición Equilibrada: a presenza de mulleres e homes de xeito que, no conxunto dun grupo humano, as persoas de cada sexo non superan o 60% nin están por debaixo do 40%.

Conciliación da vida persoal coa vida laboral: conxunto de medidas públicas adoptadas na estrutura e organización do contexto laboral, educativo, asistencial, nos sistemas de permisos e de coidado de persoas maiores e dependentes, así como de creación de servizos de apoio familiar que permitan a homes e mulleres desenvolver a vida profesional, persoal e familiar en igualdade de oportunidades, e compatibilizar as responsabilidades familiares coa realización persoal e profesional.

Corresponsabilidade: compartir a responsabilidade dunha situación, infraestrutura ou actuación determinada cos mesmos deberes e dereitos.

Diferenzas sexuais e de xénero: as diferenzas sexuais entre mulleres e homes son as diferenzas biolóxicas e fisiolóxicas e as diferenzas de xénero entre mulleres e homes son diferenzas culturais, sociais, de valores e os diferentes papeis atribuídos a unhas e a outros.

Discriminación contra as mulleres: distinción, exclusión o restrición baseada no sexo e que ten por obxecto o propósito de menoscabar ou anular o recoñecemento, goce ou exercicio por parte das mulleres, independentemente do seu estado civil, sobre a base da igualdade do home e a muller, dos dereitos humanos e liberdades fundamentais nas esferas política, económica, social, cultural, civil e calquera outra. (CEDAW).

Discriminación directa por razón de sexo: a situación menos favorable na que se atopa ou pode atoparse unha persoa respecto doutra en situación comparable en atención ao seu sexo. (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, artigos 6.1 e 6.2).

Discriminación indirecta por razón de sexo: a situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas doutro, salvo que dita disposición, criterio

ou práctica poidan xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para acadar dita finalidade sexan necesarios e axeitados. (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, artigos 6.1 e 6.2).

Empoderamento: termo acuñado na Conferencia Mundial das Mulleres de ONU en Beijing en 1995, para referirse ao aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder.

Estereotipos de xénero: criterios e opinións preconcebidas que adxudican valores e condutas ás persoas en función do seu sexo e que determinan modos de conduta. Os estereotipos de xénero fan referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e os homes que marcan a súa existencia das mulleres e dos homes, condicionando os seus gustos, expectativas, ocupacións e empregos, seus salarios e en xeral a súa maneira de vivir.

Familias monoparentais/monomarentais: aquelas que están compostas por un só membro da parella proxenitora e na que os fillos/as, de forma prolongada, perden o contacto cun dos dous. Segundo demostran as estatísticas, entre un 80% e un 90% dos fogares monoparentais/monomarentais teñen á nai (biolóxica ou adoptiva) ao fronte.

Feminismo: movemento social e político que se inicia formalmente a finais do século XVIII aínda que sen adoptar esta denominación e que supón a toma de conciencia das mulleres como grupo ou colectivo humano oprimido e dominado pola outra metade da poboación, os homes.

Fenda salarial: diferenzas salariais entre mulleres e homes, tanto no desempeño de traballos iguais como a producida en traballos “feminizados”.

Igualdade entre mulleres e homes: a consagración dun dereito constitucional e a ausencia de toda de discriminación directa ou indirecta ás mulleres independentemente da súa circunstancia ou condición, en tódolos eidos da vida, nomeadamente nas esferas política, social, económica, laboral e cultural.

Igualdade de xénero: a existencia dunha igualdade de oportunidades e dereitos entre as mulleres e os homes nas esferas privada e pública que lles brinde e garante a posibilidade de levar a cabo a vida que desexen.

Igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes: un principio do ordenamento xurídico en virtude do cal deben ser interpretadas e aplicadas as normas xurídicas (artigos 1, 3 e 4 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes).

Patriarcado: sistema de organización social rexido por unhas relacións xerárquicas onde os homes teñen unha posición de superioridade respecto a as mulleres en relación ao acceso, uso de recursos e exercicio do poder, fundamentalmente no ámbito político, económico, relixioso e militar.

Perspectiva de xénero: análise da realidade que interpreta as relacións de poder existentes entre mulleres e homes e explica a vida social, económica e política desde unha posición que fai visible o mundo feminino, a súa realidade e as súas achegas. Pon de manifesto que a orixe e a perpetuación da desigualdade non responde a situacións naturais ou biolóxicas senón á construción social transmitida a través da socialización diferenciada de xénero.

Roles de xénero: directamente relacionados cos estereotipos de xénero, están asignados os roles de xénero que atribúen diferentes funcións sociais a mulleres e homes. Ás mulleres asignáronselle tradicionalmente roles vinculados co desempeño de tarefas no ámbito doméstico, relacionadas co coidado do fogar e co coidado das persoas na contorna familiar, mentres que aos homes asignáronselles roles relacionados co ámbito público: o emprego remunerado e a participación nos órganos de toma de decisións que afectan ao conxunto da sociedade.

Sexismo: cando se atribúen determinadas características a un ou outro sexo, dando un maior valor a un deles.

Transversalidade: estratexia de integración da igualdade entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e ámbitos de intervención, a tódolos niveis e en todas as etapas.

Violencia de Xénero: todo acto de violencia, baseado na pertenza da persoa agredida ao sexo feminino, que teña ou poida ter como resultado un dano ou su-

frimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto na vida pública como na privada.

Xénero: construcións socioculturais que diferencian e configuran os roles, as percepcións e os status das mulleres e dos homes na sociedade.

10

CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN
DAS MEDIDAS

ANO	2022	2023												2024		
MES	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOS	SET	OUT	NOV	DEC	XAN	MAR	DEC
Medida 1.1																
Medida 1.2																
Medida 1.3																
Medida 1.4																
Medida 1.5																
Medida 1.6																
Medida 1.7																
Medida 1.8																
Medida 1.10																
Medida 1.11																
Medida 1.12																
Medida 1.13																
Medida 1.14																
Medida 1.15																
Medida 2.1																
Medida 2.2																
Medida 2.4																
Medida 2.5																
Medida 2.6																
Medida 3.2																
Medida 3.3																
Medida 3.4																
Medida 3.5																
Medida 4.1																
Medida 4.4																
Medida 4.5																
Medida 4.6																
Medida 5.1																

IV PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
ENTRE MULLERES E HOMES
XINZO DE LIMIA
2022-2026

ANO	2022	2023												2024		
MES	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOS	SET	OUT	NOV	DEC	XAN	MAR	DEC
Medida 5.2																
Medida 5.4																
Medida 5.5																
Medida 5.6																
Medida 5.7																
Medida 5.8																
Medida 6.3																
Medida 6.4																
Medida 7.2																
Medida 8.2																
Medida 8.3																
Medida 8.4																
Medida 8.5																
Medida 8.6																
Medida 8.7																
Medida 9.1																
Medida 1.9																
Medida 2.3																
Medida 4.1																
Medida 4.2																
Medida 4.3																
Medida 5.3																
Medida 6.1																
Medida 6.2																
Medida 6.5																
Medida 7.3																
Medida 7.4																
Medida 7.5																
Medida 7.6																
Medida 8.1																
Medida 9.2																
Medida 3.1																
Medida 3.6																
Medida 7.1																
Medida 7.7																



Concello de Xinzo de Limia
Concellería de Igualdade

